

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Alcalá, Xavier, *Cartas ao Cholo*, A Coruña: Medulia Editorial, col. Narrativa, n.º 1, abril 2019, 224 pp. (ISBN: 978-84-948102-8-2).

Xavier Alcalá (Miguelturra, Ciudad Real, 1947) constrúe neste tomo unha crónica da Galicia de 1994 a 2001 en forma de misivas ao seu amigo e compañeiro de profesión Cholo (Manuel Antonio Rey Flórez), a quen lle dedica todas as cartas. Trátase dun compendio dos artigos publicados por Alcalá no xornal *Galicia en el Mundo* durante eses anos, a través dos cales conseguiu construír unha ponte entre a cultura galega da emigración en Latinoamérica, especialmente en Arxentina, e a actualidade en Galicia. Pasan mencionados por estas páxinas algunhas das figuras máis importantes da cultura ou a política galega. Foi a partir destas misivas que o xornalista acuñaría o termo crítico de Impaís para chamar á Galicia da década dos noventa. Unha travesía xornalística a través dos sucesos máis relevantes que aconteceron no territorio durante esa década.

Referencias varias:

- Montse García, “Xavier Alcalá”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 8 maio 2019, p. L9.

Informa sobre a presentación do libro *The making off e Cartas ao Cholo*, na presentación estará acompañado por Víctor Freixanes, director da Real Academia Galega e o poeta Xulio López Valcárcel.

- Lourdes Varela, “Xavier Alcalá. ‘Galicia viviu sen saber quen era até a chegada da autonomía’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 721, “Entrevista”, 11 xullo 2019, p. V.

Recolle unha entrevista a Xavier Alcalá co gallo da publicación do libro *Cartas ao cholo*. Pregúntanlle, entre outras cousas, por quen era o Cholo e como o coñeceu; se se deu un intercambio real de correspondencia entre os dous; porque a figura do Cholo é tan descoñecida en Galicia; ou se considera que a historia da emigración debería incluírse nos currículos educativos como parte da Historia de Galicia.

Alcayde Dans, Lois, *Os jeans de María*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 400, outubro 2019, 112 pp. (ISBN: 978-84-9151-401-5).

Os Jeans de María é unha colección de relatos que presentan situacións aparentemente cotiás, mais repletas de significado histórico e social. O primeiro relato da colección, “Todo igual”, abre cunha cita de Tamara Andrés; nel, unha nai cóntalle ao seu defunto marido como lles vai aos seus fillos. “Diafragma” segue o percorrido das lentes de cámara dun xornalista traballando no estranxeiro que regresa á súa casa durante uns días marcados pola nostalgia e a migración. En “Parada Solicitada”, o *Almiña* non pode durmir, pois a cama está chea de recordos da súa antiga moza, incluído o momento no

que a relación se torceu. En “Avó”, unha xornalista visita ao seu avó, quen rememora a súa participación na Guerra Civil no bando franquista. “Hortensia” mostra, a través dos ollos dun neno, como viviu a xente de Ferrol a chegada do furacán Hortensia, o rescate do *Blue Shift* e o peche dunha navieira. “Faino todo o mundo” trasládanos a unha festa de ano novo na que se celebra a chegada do 1929 bailando música *jazz*. “Templo” presenta unha parella, xa anciá, rememorando os seus tempos mozos en Madrid. En “Caraveis”, introducido por unha cita de Celso Emilio Ferreiro, vívese unha revolta frustrada da CNT nun cuartel do exército. “Os *Jeans* de María” sitúanos na cidade de A Coruña en 1976, nunha manifestación escolar a favor da liberación de presos políticos que se ve fortemente interrompida polas represalias da policía franquista. En “Putá metáfora”, un xitano busca a axuda dun xornalista para cubrir unha noticia sobre fábricas abandonadas e vivendas en fase de demolición. En “Unha nena riseira” Xabier vai visitar a súa tía, quen regresa a Galicia tras moitos anos vivindo en Barcelona unha vida moi distinta á que tiña. “Sedas” presenta un peiteador que se negou a emigrar. “Sorpresa” sitúase na primeira clase dun vagón para centrarse nunha pasaxeira caída en desgraza. “Animais” segue o fío de pensamento dunha persoa, dende o noxo que lle dan as pombas, ás cuestións administrativas que entraña a construción dunha vivenda. “Amorodo” presenta unha parella no hospital tras un accidente ocasionado polo consumo de drogas. En “Números romanos”, dúas amigas rememoran os seus tempos de estudantes mentres unha delas está convalescente. “Prométeme unha cousa” remata a colección invitando a reflexionar sobre a falta de comunicación nas relacións.

Recensións:

- Mario Regueira, “A vertixe do cotián”, *Sermos Galiza*, n.º 373, 21 novembro 2019, p. 6.

Lembra a traxectoria de Lois Alcayde e explica que o libro consta dunha serie de relatos curtos caracterizados pola capacidade do autor para controlar un ritmo narrativo que se resolve con pequenas pinceladas. Salienta que é unha obra iniciática interesante, con alarde de recursos e na que se mostra un estilo persoal que auguran unha madurez prometedora.

- Armando Requeixo, “Fronte ao abismo”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.116, 1 decembro 2019, p. 35.

Explica que se trata dunha colección de dezasete historias de ambientación urbana, con Madrid e A Coruña como escenarios principais, entre as que o fío condutor é a presenza de personaxes que ven alterada a súa cotiandade polo inesperado. Salienta a súa fina prosa, a coidada brevidade, os toques líricos, a simboloxía e a transparencia na súa capacidade suxestiva.

- Diego Ameixeiras, “Luces para o futuro”; *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Crítica*”, “*A outra mirada*”, “1.280 almas”, 6 decembro 2019, p. 10.

Apunta que Lois Alcayde é un escritor ao que facer seguimento nos vindeiros anos. Sobre a obra, destaca que é unha colección de contos non presentados como un conxunto redondo mais presentados dun xeito coherente ante o lector. Sobre a súa escrita, afirma, “a pluma de Alcayde escribe con carácter, coidando as palabras. E o mellor: aveciña un

estilo substancialioso”. Fai alusión tamén á influencia na estética do universo do escritor Manuel Rivas.

Referencias varias:

- Montse García, “Lois Alcayde”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Actos hoy”, “Libros”, 28 novembro 2019, o. L9.

Nota que dá conta da presentación do volume na librería Couceiro ás 19.30 horas.

Alonso, María, *Red lion*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 396, xullo 2019, 140 pp. (ISBN: 978-84-9151-358-2).

Red Lion é un libro da autora María Alonso (Matamá, Vigo, 1978) publicado en Xerais no que se relata unha historia con aspectos negros e marxinais. A acción da novela parte cando Lolita Dinamita, a protagonista da novela, se decata de que CaraDeTolo (quen rexenta o prostíbulo *Red Lion*) mandou a dous dos seus mozos para facerse co control da venda de droga no territorio de Lolita para rematar cunha pelexa entre bandos que tamén conviven nese territorio. A novela ten dúas partes moi diferenciadas: unha primeira na que se contextualizan os feitos que levan a este conflito, onde tamén vemos algúns saltos ao pasado. A segunda parte narra o acontecemento da lea entre bandas hora a hora. O espazo desta novela é ficticio e correspóndese a un espazo marxinal situado no suburbio dunha cidade, algo típico das novelas negras. Así como tamén son marxinais as súas personaxes: clans, putas, *dealers*, etc. A linguaxe que a autora empregou para esta novela é directa e rotunda, sen ornamentos. O discurso enúnciase en terceira persoa e os temas a tratar na novela son a trata, o sexo, a violencia dende diferentes perspectivas e a droga.

Recensións:

- Inma López Silva, “A xustiza pola man”, *Tempos Novos*, n.º 270, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, novembro 2019, p. 93.

Inma López Silva fai unha recensión da obra *Red Lion*, de María Alonso Alonso, que narra as vicisitudes coas que se atopan e as guerras aramadas nas que loitan unha serie de personaxes como A Machetes ou Lolita Dimanita, entre outros, todos eles vítimas da violencia, da pobreza e dos abusos sufridos no pasado, o que condicionará nesta sociedade non tan distópica, a libre toma de decisións. O título da obra responde ao nome dun lupanar onde transcorre gran parte da trama. López Silva define a obra da seguinte maneira: “*Red Lion* é, en realidade, a historia dos prolegómenos dunha revolución que se quere xusta porque é anticapitalista, ecoloxista e, sobre todo, feminista” e sentencia: “unha interesante alegoría para construír os discursos feministas da literatura galega do século XXI”.

Referencias varias:

- Ana Baena, “María Alonso. ‘Indagar na violencia contra a muller, a tanxíbel e intanxible, foi un dos motivos da novela”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”; 5 outubro 2019, p. 16.

Recolle unha entrevista á autora na que explica o argumento, o potencial público e as temáticas abordadas.

- Montse García, “María Alonso”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Publicaciones”, 22 novembro 2019, p. L10.

Faise eco da presentación do libro na librería Lila de Lilith, na que a autora estará acompañada por Malores Villanueva, Andrea Barreira e Anna Figueiredo.

Andrade Figueiras, Xosé Manuel, *Nas cortinas do tempo*, Ferrol: Edicións Embora, col. Narrativa, xullo 2019, 119 pp. (ISBN: 978-84-17824-10-5).

Nas cortinas do tempo é un libro de Xosé Antonio Andrade Figueiras (Coristanco) pertencente á colección Costa da Morte de Edicións Embora. Neste texto recóllense diferentes relatos, crónicas, e artigos de opinión da Comarca de Bergantiños. O libro ábrese cun limiar de Santiago Pazos. Nos textos, que seguen a estrutura de título-fotografía-(cita)-texto, aparecen diferentes personaxes e institucións da comarca, así como espazos xeográficos recoñecíbeis dentro dela.

Asorey, Daniel, *As mulleres da fin do mundo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, marzo 2019, 248 pp. (ISBN: 978-84-9121-498-4).

Daniel Asorey (Santiago de Compostela, 1970) tráenos en *As mulleres da fin do mundo* unha distopía de corte político e protagonizada por mulleres que toman parte e son centrais na resolución dun conflito. Na historia aparecen identidades de xénero, orientacións sexuais non hexemónicas e temas como a prostitución, o turismo sexual, a militarización, etc. O autor escribe unha distopía na que o poder queda centralizado na figura do Líder Supremo (Alberto Sabaf), que ten o respaldo da Igrexa, pero que ten que acatar as normas que as Corporacións lle indican. A acción ten lugar nunha sociedade dun futuro non situado moi lonxe no tempo, que está xerarquizada de tal modo que as persoas que pertencen á mesma clase social habitan un ambiente illado do resto. Esta situación é insostíbel polo que se dá unha aparición de xente que tenta alzarse contra o totalitarismo do Estado e cara ás cúpulas que viven ben á costa do resto dos habitantes. Esta situación estala e nese momento comeza unha revolución que na historia se pode ver dende o punto de tres mulleres (Rebeca, Faheema e Blau), que se propoñen crear unha nova sociedade pensada sobre os valores da solidariedade e cooperación.

Recensións:

- Pilar Ponte, "Unha distopía moi real. Ficción e compromiso", *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 711, “Libros”, 2 maio 2019, p. VI. / *La Opinión*, “*Saberes*”, “Literatura gallega”, 11 maio 2019, p. 3.

Comeza facendo un repaso pola traxectoria literaria do autor Daniel Asorey, para, a continuación, centrarse na súa última publicación, *As mulleres da fin do mundo*. Esta novela é unha distopía que contén todas as características propias deste subxénero narrativo, na que se contan as historias de cinco personaxes moi distintos entre eles, pero que, dalgunha ou doutra forma acaban confluindo. Destaca que é unha narración de crítica

social, que, a través da ficcionalización, non deixa de denunciar certas dinámicas da sociedade actual. Finalmente, salienta a riqueza léxica e a mestría na utilización dos elementos lingüísticos.

- Ramón Nicolás, “Perseguir un mundo novo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 16 agosto 2019, p. 10.

Fai alusión ao diálogo que se establece entre dúas obras do mesmo autor, pero de distintos xéneros, a novela *As mulleres da fin do mundo* e o poemario *Transmatria*, para centrarse en ofrecer unha pequena análise da primeira. Desta novela di que retrata un mundo precipitado ao abismo e que é capaz de contaxiar a fe na necesidade de crear un mundo novo da man das mulleres.

Referencias varias:

- R. L., “As mulleres do fin do mundo”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 176, 24 marzo 2019, p. 6.

Presenta a novela, finalista do Premio Xerais, explicando de xeito breve o argumento e repasando os galardóns literarios obtidos polo autor.

- X. M. Lema, “Carballo llena de literatura el jardín municipal con la Praza dos Libros”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. Melide”, 11 xullo 2019, p. 35.

Informa sobre o acto en Carballo, a Praza dos Libros, no cal participarán María Canosa, Concha Blanco, Manuel Rivas, Diana Varela, Leticia Costas, Fernando Fernández Rego e Daniel Asorey, que presentará *As mulleres da fin do mundo*.

Blanco Desar, Manuel, *Fuxir de Proxeria*, Silleda: Edicións Fervenza, xuño 2019, 108 pp. (ISBN: 978-84-17094-69-0).

Manuel Blanco Desar (Santiago de Compostela, 1965) conta no libro *Fuxir de Proxeria* unha historia situada no réxime totalitario ficticio chamado Proxeria no século XXII. Nesta distopía reina a pobreza e o sometemento dos novos ao Servizo Cívico, un organismo no que teñen que traballar até saldar as súas débedas bancarias, médicas, escolares, etc. Neste organismo traballan os protagonistas da historia, Daniel e Carme. Daniel e Carme son dous amantes (que non están rexistrados como tal nas institucións de Proxeria) que teñen planeado fuxir deste réxime, pero cando Carme queda embarazada decide quedar en Proxeria e ter o fillo alí e fuxir máis tarde con el. Daniel segue co plan de fuxir e, para facelo, está en contacto cun traballador das forzas de seguridade do réxime (A Garda) que se dedica a axudar a saír a cambio dun beneficio económico. Este axente faise chamar “Caiote” e ao final da obra dáse a coñecer que é o propio pai de Carme.

Referencias varias:

- Montse García, “Manuel Blanco Desar”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Publicaciones”, 27 xuño 2019, p. L9.

Faise eco da presentación do volume de Manuel Blanco Desar.

- Montse García, “Manuel Blanco Desar. ‘Moitos concellos teñen máis parques de maiores que para rapaces. Non pode ser”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “En primeira persoa”, 28 xuño 2019, p. L2.

Entrevista ao autor da novela na que describe a situación social actual na que se inspira o seu novo libro. Describe o libro como “unha historia de amor e un *thriller*”, e explica como pensou na idea para o argumento hai dez anos. Expón a orixe do termo que aparece no título da novela, e que dá nome a esta, *Proxería*, como un país avellentado, e a súa relación con Galicia.

- Montse García, “Manuel Blanco Desar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libro”, 16 outubro 2019, p. L9.

Informa da presentación do libro na Praza de Salvado Parga, onde o autor estará acompañado por Justo Beramendi e Xerardo Estévez.

- Cuca M. Gómez, “¡Qué juego dan las plumas!”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, 21 novembro, pp. 66-67.

Faise eco da presentación do libro o 20 de novembro no Espazo Nemonon, acto organizado polo Ateneo de Pontevedra no que o autor estará acompañado polo presidente deste, Xaime Toxo.

Bóveda, Jorge Emilio, *Eternos propietarios*, Santiago de Compostela: Edicións Do Peirao, col. Do Peirao, n.º 13, abril 2019, 132 pp. (ISBN: 978-84-17393-81-6).

Jorge Emilio Bóveda (Ourense, 1975) presenta en *Eternos Propietarios* unha comunidade de veciños que viven nun edificio de sete plantas con dous pisos por andar situado nun espazo ficticio chamado Auria, que se atopa na Gallaecia. Os personaxes descritos nesta obra son de todo tipo, dende adolescentes que ocupan o tempo con pensamentos banais até anciáns que tiveron unha vida chea de experiencias tormentosas. A través desta heteroxeneidade de identidades artículase unha narrativa que entrelaza as diferentes vivencias e accións cotiás dunha comunidade de veciños na que pasan de todo tipo acontecementos: denuncias, roubos, infidelidades etc. A maneira que ten o autor de representar estes sucesos cotiás ten unha visión claramente crítica do sistema de moralidade no que estamos inseridos. Bóveda ataca a falsa modestia que a xente do edificio finxe ter cando na realidade moitos dos veciños non se aturan. O autor presenta tamén os temas do autoritarismo (1ºA), os despedidos laborais dando o punto de vista do xefe (7ºA) e do traballador (1ºA), a precariedade laboral das persoas migradas (7ºB) e unha multitude de temáticas que se poderían englobar nunha crítica aos modelos de relación e produción que seguimos en Occidente. O modelo de narración da historia artículase a través de varios capítulos, cada un dedicado a cada vivenda do edificio no que se nos dá unha visión parcial da vida dos habitantes desta vivenda e algúns dos pensamentos que teñen sobre os seus compañeiros de edificio. A obra comeza cunha chamada a unha xunta veciñal, mais os inquilinos do edificios non saben o tema que se abordará nesa xuntanza. No capítulo final resólvese a dúbida a través dun xiro que nos

leva a pensar que o que estamos a ler non é algo racional, pois os inquilinos (que criamos vivos) debían de reparar unha fuga de monóxido de carbono, que foi a causa da morte de todas as personaxes da historia.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Espello de nós”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 21 xuño 2019, p. 10.

Ramón Nicolás explica o argumento da obra e remarca que conseguiu a primeira convocatoria do premio de narrativa que organiza a editorial Do Peirao. Afirmar que se trata dun libro “que non debería pasar desapercibido”, posto que é quen de reflectir acertadamente os eixes que gobernan as relacións humanas, alén dos “nirvanas particulares de cadaquén”.

_____, *Deserto García*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 399, outubro 2019, 148 pp. (ISBN: 978-84-9151-400-8).

Deserto García. Unha novela ao oeste é unha novela de Jorge Emilio Bóveda (Ourense, 1975), segmentada en trinta e seis capítulos breves que levan por título cadanseu número correspondente. Versa sobre o retiro voluntario de Desiderio García, garda civil que vén de prexubilarse e decide habitar a antiga casa familiar dos seus avós na aldea de Loirás. Esta obra, que mestura características propias do *western* e da novela policíaca, representa unha embrutecida sociedade na que Desiderio percibirá como a súa presenza na aldea non é moi ben acaída.

Referencias varias:

- R. L., “Deserto García”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 205, 10 novembro 2019, p. 4.

Repasa a traxectoria literaria de Jorge Emilio Bóveda e describe o argumento desta obra que cualifica como a medio camiño entre o *western* e a novela policíaca.

Caamaño, Adolfo, *Matar o heroe*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 392, xullo 2019, 444 pp. (ISBN: 978-84-9151-352-0).

Adolfo Caamaño (Barro, 1959) tráenos en *Matar o heroe* unha novela que foi galardoada polo I Premio Vilar Ponte de novela do ano 2018. A novela sitúase temporalmente na Primeira Guerra Mundial e nos anos posteriores, aínda que hai pasaxes anteriores á guerra da vida do protagonista. O protagonista do texto é un home condecorado por un acto considerado heroico durante a I Guerra Mundial reconvertido en taxidermista na Güiana Francesa, concretamente en Ville-Nom-Iconnu, chamado Charles Bonne-Mort, que se ve inmerso nunha trama de corrupción na que participan tanto as forzas do estado francés coma o alcalde e o médico da vila. A ironía está presente ate nos nome do protagonista e demais personaxes da novela: René Saint-Rien, doutor Mal-Mêles, Jean Rue-Sanssortie, Algo, etc.). A acción transcorre a maior parte por cartas que se escribe co seu amigo René Saint-Rien, compañeiro de trincheiras na guerra, na que se tocan os temas da vida, a morte e o tema bélico, e tamén lle conta como é vida nesa nova vila. O autor transmite unhas

reflexións antibelicistas e fai fincapé na imaxe que temos da I Guerra Mundial totalmente alterada pola visión que retransmitiu Hollywood. O outro grande tema é a guerra como farsa, a guerra como patriotismo, cando en realidade a guerra só é morte, e que para o protagonista tivera repercusións tanto físicas coma mentais e morais. Este tema é precisamente o que articula as cartas do protagonista e o seu amigo, sobre todo na primeira parte da novela.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Carnicerías patrióticas. Contra a brutalidade das guerras”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 733, “Libros”, 21 novembro 2019, p. VI.

Sobre a obra de Adolfo Caamaño, ademais de presentar un resumo do argumento, indica que non lle é doado encadrala en ningún subxénero canónico da narrativa e que o autor se centra en constantes reflexións sobre a identidade do protagonista que non lle engaden nada á historia e retardan o ritmo de lectura. Por outra banda, destaca como puntos salientábel a crítica ao militarismo e ao colonialismo, o sarcasmo do protagonista, a crítica dos heroísmos patrióticos e a humanidade presentes na novela.

Referencias varias:

- Adolfo Caamaño, “Matar o heroísmo, non o heroe”; *Sermos Galiza*, n.º 365, “*fóradeserie*”, “literatura”, 26 setembro 2019, p. 7.

Presenta a obra de Adolfo Caamaño, da cal explica brevemente o argumento e explica que é unha novela de personaxes escrita en primeira persoa mediante as cartas que o protagonista envía a un camarada. Salienta a sorpresa dun final aberto.

Canosa, María, *O lado do que dormes*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, outubro 2019, 200 pp. (ISBN: 978-84-9121-559-2).

O lado do que dormes é unha novela de María Canosa (Cee, 1978) na que se retrata a incorporación da muller no mundo laboral fóra da casa na nosa sociedade machista. A novela conta a vida da protagonista, Laura, de trinta e sete anos, que ten un marido (Andrés) e fillos, e que ten un traballo cualificado dentro da construción. O discurso da novela denuncia o comportamento da sociedade coas mulleres traballadoras. Na primeira parte atopamos como tema central a denuncia da imposíbel conciliación entre vida laboral e vida familiar, aínda cando a protagonista ten un marido que lle axuda. Na segunda parte da novela, aínda que sen deixar de lado a denuncia sobre a conciliación, ponse o foco no machismo que sofre a protagonista (e as mulleres en xeral) na súa profesión, dándonos unha panorámica de como tratan a Laura de maneira diferente no seu traballo só por ser unha muller. O discurso enunciado pola protagonista do libro desenvólvese maioritariamente nunha primeira persoa, que emprega sobre todo pasaxes irónicas e de humor para tenta contrarrestar os episodios de subordinación nos que se atopa. O xeito de narrar esta historia é dunha maneira clara xa que a autora está facendo unha novela que podemos clasificar de ton realista que retrata a vida da muller traballadora.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Boísimas intencións”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.114, 17 novembro 2019, p. 32.

Afirma que María Canosa constrúe unha obra chea de bos sentimentos, mais que non produce máis interese “que o que provoca un cadro de costumes”. Asevera que o libro está adobado “con certo síndrome maniqueísmo da literatura galega”.

- Ramón Nicolás, “Habitar a fortaleza”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 13 decembro 2019, p. 10.

Salienta que xa dende as primeiras páxinas se poden apreciar as preocupacións de Laura, protagonista da novela, por un lado, a asunción do paso do tempo e, polo outro, a intención de debullar a cotiandade dunha vida marcada polas esgotadoras responsabilidades domésticas, laborais e familiares. Afirma que é unha “novela precisa para reflexionar sobre a necesidade de modificar, e subverter á vez, desatinados códigos sociais e de conduta tan presentes no noso tempo”.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, “María Canosa. ‘Hai cousas que só existen en galego, como a ardora e as filloas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Entrevista”, 6 decembro 2019, p. 6.

Recolle unha entrevista a María Canosa, logo de presentar *O lado do que dormes e A peregrina gastronoma*, na que responde a preguntas relacionadas coas obras, sobre feminismo, sobre literatura galega e sobre os autores cos que medrou: Xabier Docampo, Xoán Babarro, Concha Blanco, Helena Villar e Agustín Fernández Paz.

Casalderrey, Fina, *Caderno de bitácora*, Vigo: Editorial Elvira, col. Historias para coñecermos Vigo, marzo 2019, 64 pp. (ISBN: 978-84-948786-2-6).

Fina Casadelrrey (Xeve, Pontevedra, 1951) aporta nesta colección a súa propia narrativa. A partir da protagonista Olimpia, a súa relación co seu avó e a trama dunhas voces estrañas na Illa de Toralla, a autora compón un percorrido a través de “anécdotas” pola historia dos barrios de Oia e de Canido.

Referencias varias:

- M. N., “Pantemia literaria autóctona”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Galicia Sur-Punto de Encuentro”, “Vigo”, “Novelas y escritores”, 29 setembro 2019, p. 31.

Nun artigo sobre o movemento literario en Vigo, amenta aos autores Domingo Villar, Pedro Feijoo, María Xosé Porteiro, María Reimóndez e os seus últimos títulos publicados, así como a Fina Casalderrey.

Caseiro, Delfín e Antón **Jardón**, *A luz da chuvia*, A Coruña: Editorial Toxosoutos, 2019, 240 pp. (ISBN: 978-84-120613-5-2).

Delfín Caseiro e Antón Jardón son os autores desta obra formada por dez capítulos independentes. “A Dosinda e o Vimbio” narra a evolución do matrimonio de Dosinda e Camilo, o Vimbio, que aproveitan a melloría da situación económica para mercar un Seat 600 que lles traerá alegría e tamén desgustos. En “Días da fame, noites da debilidade”, cóntase a historia do Gaitas, un nugallán que nunca se molestou en descubrir o porqué do seu alcume e que desapareceu sen deixar rastro tras atoparse cun lobo nun carreiro da vila de Cachourizo. “Ver cos dedos”, estruturada en tres partes, recolle os amoríos e vivencias en tempos do franquismo de tres homes cegos, un de Buxán, un de Sameirás e un de Azureiros. “A taberna da Zamorana” relata os sucesos máis destacados de Outeiro das Mocas acaecidos na taberna da Zamorana, lugar de encontro dos habitantes da vila. “O home que quería ser árbore” presenta a historia de Cornelio, un home con alma de árbore que se dá á bebida e á vida nocturna e coñece a poetas e autores destacados dos diversos lugares que visita. “A biografía de Pepito Lagañas e a anormal normalidade” narra as desventuras dun habitante de Vilanova dos Gaios, cidade invadida pola abulia, chamado José Gómez Láganas, que foi enganado pola súa muller, e as súas peripecias á hora de sacar o carné de conducir. En “Pastores de almas”, cóntase a historia de dous párracos de Lamagrande, o Cachamuñiñas, con moi mala fama entre as xentes do lugar, e don Eladio, a quen se lle apareceu a Virxe María anunciando a chegada dun novo Papa; e un de Vilela, don Leonardo, que perdeu o respecto dos seus fregases por non querer enterrar un home que se suicidara. “As artimañas do tío Valerio” dá conta da vida de Valerio, veciño de Boilouro, casado con tía Concha, que morreu afogado no río despois de atoparse co demo. “Despertar” reflicte a rutina dos rapaces de Chaodarea mediante sucesos das súas vidas cotiás e as súas interaccións na escola, centrándose en como un deles, Arturo, vai acadando a madurez. “Viaxe arredor do inferno” narra o que lle aconteceu a Gumersindo Gómez, o Roxo, quen remata intoxicado no hospital tras a súa xornada como revisor de coche de liña.

Referencias varias:

- Lara Blanco, “Delfín Caseiro e Antón Jardón ‘Estamos asistindo ao fin do mundo rural tal e como o coñecemos’”, *La Región*, “Ciudadanos”, 14 decembro 2019, p. 19.

Entrevista aos autores da obra, da cal se explica que son dez relatos ambientados na posguerra e na ditadura, que nacen como unha homenaxe á memoria da cultura popular galega no rural. Os autores explican que se basearon nos relatos que escoitaban nas súas casas e que relacionan o rural como símbolo de identidade. Responden tamén a preguntas relacionadas coa interconexión dos personaxes e sobre o propio título do libro.

Castro Moure, Amador, *Shanghai a Barcelona*, Premio Xerais de Novela 2019, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, outubro 2019, 200 pp. (ISBN: 978-84-9121-592-9).

A edición comeza cunha nota aclaratoria do autor na que conta o seu desexo inicial, mais pouco factíbel, de combinar o galego e o catalán na novela, e pide ao lector que imaxine os diálogos dos capítulos situados en Cataluña escritos en catalán. *Shanghai a Barcelona* móvese entre dous espazos e o tren que conecta ambos, entre o presente e o pasado de Orlando, o protagonista. Os capítulos da novela rematan con haikus, todos eles numerados, axudando a marcar a orde dos acontecementos dende a primeira vez que Orlando escribe un como parte da súa terapia nun centro psiquiátrico. A novela comeza

no tanatorio de Horta de Barcelona no ano 2016, con Orlando asistindo ao funeral do Ramón. Este evento confronta o protagonista cun incidente do seu pasado que o distanciou das súas amizades, incluíndo entre elas o defunto. Todo se torceu cando decidiron xogar a vida nunha partida de póker e a broma fíxose real, cando Orlando acabou noutro tanatorio sen chegar a aclarar as cousas con Ramón e posteriormente condenado nun centro psiquiátrico. Ao saír, decidiu volver a Galicia, fuxir nun tren de Barcelona a Monforte. Durante esa pasaxe, a través da voz da súa Sombra, que actúa a modo de conciencia sen permitirlle esquecer o pasado, Orlando lembra a súa vida de cativo, vivindo na aldea co seu avó, o traslado a Barcelona forzado polos seus pais, os seus tempos mozos, as drogas, o nihilismo e as consecuencias dos seus actos. No presente, Orlando vive en Trasmundi, na súa Galicia rural, mergullado na súa rutina, entre disputas de veciños sobre propiedades e conversas coa súa Sombra e a súa Voz, até que se lle presenta a oportunidade de redimirse antes de cumprir o seu destino.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Innovadora estrutura. Inflamando as imaxes da intensa morte”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 737, “Libros”, 19 decembro 2019, p. VI.

Recensión da obra de Amador Castro Moure na que explica o seu argumento e indica que é un Premio Xerais innovador en canto á súa estrutura. Asevera que non é nin dos peores nin dos mellores premiados nas trinta e seis edicións do galardón.

Referencias varias:

- M. M., “Os Xerais pónense de longo”, *La Opinión*, “Sociedad”, 20 outubro 2019, p. 33.

Informa da gala de entrega dos Premios Xerais 2019 no Museo do Mar de Vigo e recolle declaracións dos premiados: Emma Pedreira, Rosa Aneiros e Amador Castro.

- Mar M., “Os Xerais pónense de longo no Museo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 outubro 2019, p. 40.

Faise eco do acto dos Premios Xerais 2019 no Museo do Mar de Vigo e recolle as declaracións dos galardoados: Rosa Aneiros, Premio Merlín; Amador Castro, Premio Xerais; e Emma Pedreira, Premio Jules Verne.

- Ramón Nicolás, “Viaxe literaria en tren”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 25 outubro 2019, p. 10.

Recolle unha recensión da última novela de Amador Castro Moure e coa que gañou o Premio Xerais de Novela. Trátase de *Shanghai a Barcelona*, unha narración sobre a emigración galega na cidade condal e o regreso á terra despois de tantos anos fóra.

Cendán, Antonio, *Hai que roelo*, Santiago de Compostela: Edicións do Peirao, col. Do Peirao, n.º 9, febreiro 2019, 202 pp. (ISBN: 978-84-17393-69-4).

Antonio Cendán (Sancobade, Vilalba) crea nesta obra un percorrido histórico da Galicia da segunda metade dos anos 60, coa premisa do fútbol como metáfora de vida. O club

Pontevedra FC, que daquela gozaba de renome, fama e vitoria, funciona simplemente coma guía para contar algúns dos sucesos máis sorprendentes e importantes de Galicia. Dalgunha maneira, os personaxes principais desta novela son un xornalista deportivo que segue os eventos de club da cidade de Pontevedra, un avogado partidario do galeguismo e un redactor. O realmente importante é como estes personaxes e a voz narradora plasman os momentos máis escuros da Galicia e da España desa época. Unha novela áxil, sen división por capítulos, que leva dun suceso a outro coma se dunha crónica xornalística se tratase.

Recensións:

- Armando Requeixo, “O campo de xogo da vida”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1094, 30 xuño 2019, p. 30.

Dá conta e analiza esta novela que describe como “docurrelato que resulta da hibridación de dous paradigmas literarios [...]: o ensaio histórico e a prosa de intención creativa”. Dá conta de como a través do equipo de fútbol Pontevedra FC se describe a realidade social de Galicia nos anos sesenta, e céntrase en describir aos tres personaxes principais, así como os eventos máis importantes polos que pasa esta novela.

Conde, Alfredo, *Homes de ferro*, Santiago de Compostela: Ézaro Ediciones, novembro 2019, 160 pp. (ISBN: 978-84-946731-6-0).

Alfredo Conde (Allariz, Ourense, 1945) conta nesta novela a travesía que catro homes irlandeses emprenderon dende Dublín para chegar ás costas galegas, e finalmente ir até Santiago de Compostela no ano 2014. O autor aclara que o que el realiza é unha ficcionalización dos feitos, pero con grande enxeño, relata nestas páxinas, as aventuras, os perigos e, sobre todo, as cavilacións que estes personaxes, así como a maioría da humanidade, poden ter na súa cabeza. A historia comeza ao final do traxecto, en 2017, tres anos antes de saír da costa de Dublín, cando tres dos catro mariñeiros iniciais intentan entrar en Portugal coa súa *currach*, un tipo de barca irlandesa que eles mesmos fixeran. A partir de aí, e a modo de vivencia pasada, o narrador desta historia, Danny Sheehy, ficcionalizado nesta obra, conta etapa por etapa como chegaron cruzar a auga que separa as dúas terras celtas de Irlanda e Galicia.

Referencias varias:

- Santiago Jaureguizar, “Pensa en que estás cantando ‘Mi carro’”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 210, 15 decembro 2019, p. 8.

Indica que Alfredo Conde vén de publicar unha novela protagonizada por catro irlandeses que fixeron o Camiño de Santiago.

- Ana Baena, “Alfredo Conde. ‘Asusteime cando me propuxeron a novela, pero son sentimental e gústanme os retos’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 16 decembro 2019, p. 9.

Entrevista a Alfredo Conde sobre o libro e sobre como levou a encarga de recrear a peregrinación a Santiago a bordo do “Naomhóig” custodiado no Museo do Mar de Vigo.

- O. U. V., “Os homes de ferro que uniron lazos entre o pobo galego e o irlandés”, *Diario de Arousa/Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 24 decembro 2019, p. 37.

Artigo sobre a novela de Alfredo Conde, no que explica que reconstrúe unha historia real de catro amigos que fixeron unha peregrinación de Dublín até Coruña, continuando logo até Santiago de Compostela.

- Beatriz Castro, “Recreación literaria de un peculiar peregrinaxe marítimo a Compostela”, *El Corrego Gallego*, “Opinión”, “La Quinta”, “Cuadro de honor”, 27 decembro 2019, p. 5.

Informa da publicación da novela, explicando que narra a peregrinación marítima que realizan catro amigos irlandeses nun buque construído por eles e reconstruído agora pola Asociación Galega do Patrimonio Industrial Buxa. Indica tamén que o libro se publicará en castelán a principios de 2020.

- Luis Montero, “Alfredo Conde novela a aventura no ‘Naomh Gobnait’ en ‘Homes de ferro’”, *El Corrego Gallego*, “Tendencias”, 27 decembro 2019, p. 37.

Dá conta da presentación da novela de Alfredo Conde e explica brevemente o argumento da obra. Recolle as explicacións do propio autor, que indica que se trata dunha “novela construída a partir dunha realidade na que a maioría dos feitos son certos pero non o que pensa cada unha das personaxes que xa é expresión da miña liberdade como novelista”

- Sandra Cuiña, “Alfredo Conde ‘Para min escribir é unha maneira máis de vivir’”, *El Corrego Gallego*, “Santiago”, 28 decembro 2019, p. 25.

Entrevista a Alfredo Conde na que responde a preguntas sobre como lle xurdiu a idea de escribir *Homes de ferro*, sobre o procedemento de documentación e a escritura da obra.

- José Miguel Giráldez, “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *Homes de ferro* de Alfredo Conde.

_____, *Un vento que pasa*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 393, xullo 2019, 228 pp. (ISBN: 978-84-9151-353-7).

Novela de Alfredo Conde (Allariz, 1945) que presenta, a través dun narrador autodixético, un avogado próximo á xubilación contemplando o que lle resta de vida. Ambientada entre Bertamiráns e Santiago de Compostela, a obra componse de nove capítulos, divididos á súa vez en varias epígrafes de extensión e número variábeis. O libro reproduce todas as historias que se lle veñen á mente ao protagonista. A historia principal transcorre durante os anos 2015 e 2016 e incorpora abondosas alusións á crise económica de 2008, que se compara, por veces, cos anos da posguerra. A guerra civil constitúe outro

tema latente da obra, sobre todo, nas historias nas que intervén un inspector de Facenda. Un dos feitos salientábeis da trama é o infarto que sofre o protagonista na rúa, pois será o detonante da creación da “Santa Irmandade do Stent e o Marcapasos”, un faladoiro que se inicia na sala de espera de rehabilitación, conforme vai collendo confianza cos seus compañeiros de enfermidade. Despois, outro accidente, desta vez cunha escaleira, provoca o seu ingreso e posterior prostración na cama. Entón contrata os coidados das Irmás dos Anciáns Desamparados e a visita dos seus amigos de conversa, principalmente dun cura exclaustro e dun capitán de barco, amenizan a súa doenza. Ao paso dos días, por unha banda, o crego e unha das monxas traban unha amizade que desemboca nun amor secreto. Por outra banda, o protagonista enfróntase a un fracaso amoroso que deixa un certo repouso de amargura nel. Por último, son de destacar as referencias culturais e literarias que aparecen na obra (Rosalía de Castro, Jorge Manrique, a *Biblia* etc.).

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Vellos sabios e atravesados”; *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 23 agosto 2019, p. 10.

Ofrece unha análise da última novela de Alfredo Conde, *Un vento que pasa*, da que achega un resumo do argumento principal e da que destaca o marcado carácter autobiográfico. A historia narrada é a dun avogado xubilado que tras sufrir un infarto se ve obrigado a iniciar unha rehabilitación nun centro hospitalario con outros doentes cos que comparte tempo, espazo, pero tamén vivencias, lembranzas e vestixios de vida.

- Xosé Antonio López Silva, “Lúcida reflexión sobre a vellez”, *Grial*, n.º 224, “O espello das letras”, outubro 2019, pp. 102-103.

Xosé Antonio López Silva ofrece unha coidada análise da novela *Un vento que pasa* de Alfredo Conde. Comeza sinalando que a obra supón un retorno cara ás temáticas cotiás e intimistas, un dos eixos da súa narrativa que ficaba oculto nos seus últimos traballos, posto que constitúe unha reflexión lúcida e sagaz sobre a vellez a través da figura dun vello avogado que se resiste á xubilación. Tamén sinala López Silva que a aparente sinxeleza da novela mantén no seu interior unha artificiosa construción textual e semántica que pivota sobre dous grandes puntos: a) o estilo baseado na reviravolta lingüística e na repetición e b) as elipses conscientes ás que somete a trama argumental. Finalmente, péchase esta análise resaltando as posibilidades interpretativas da novela que se agochan tras a narración principal, como os paralelismos que se poden trazar entre os diferentes narradores, etc.

- Pilar Ponte, “Con bo oficio. Brisas que fan un vento”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 735, “Libros”, 5 decembro 2019, p. VI.

Achega un breve resumo do argumento principal da última novela de Alfredo Conde, *Un vento que pasa*, e sinala que non se trata da historia dun protagonista senón a confluencia de diversas vivencias dun grupo de personaxes unidos pola vellez e a rehabilitación das doenzas derivadas da súa idade. Destaca tamén a escasa presenza de personaxes femininas e a misoxinia que caracteriza as personaxes, que non á novela, e reflexiona sobre certos matices de carácter autobiográficos que contén.

Referencias varias:

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *Un vento que pasa* de Alfredo Conde.

Cordal, Xabier, *Relatos para televisión*, Vigo: Xerais, col. Narrativa, xaneiro 2019, 168 pp. (ISBN: 978-84-9121-472-4).

Primeira obra narrativa de Xabier Cordal (A Coruña, 1965), composta por doce relatos sen relación aparente entre eles. A pesar diso, gardan moitas similitudes tanto temáticas como formais entre eles. A mestura entre o mundo dos sonhos, o alén ou o espazo exterior con outras realidades, como a informática ou a tecnoloxía envolven as narracións, que se caracterizan por uns finais abertos á comprensión e imaxinación do lector. Os detalles en cada relato son abundantes. Todos comparten a busca dun espazo indeterminado e, moitas veces, a atemporalidade, para producir unha sensación de desacougo e intranquilidade. Por exemplo, o relato “O repartidor” conta a chegada dun repartidor cun feixe de folios, coa historia da vida de quen o recolle; ou “Teletenda” narra a historia dun home que pretende suicidarse cun ácido altamente corrosivo, mais non deixa claro se se produce en Finlandia ou en Galicia. En definitiva, este libro busca facer fincapé en ámbitos da vida cotiá e provocar a súa reflexión dun xeito sutil e novidoso.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “A extrañeza feita relato. Aptos para público arrichado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 707, “Libros”, 4 abril 2019, p. VI *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 651, 13 abril 2019, p. 6.

Afirma Montse Pena que, con *Relatos para televisión*, Xabier Cordal proba que os fíos da súa poética traspasan fronteiras e loa o seu xogo continuo co factor inesperado. Incide na capacidade de emprego dos diferentes rexistros da linguaxe dun xeito moi preciso e destaca unha certa heteroxeneidade espacial e temporal nos relatos. Asevera que os relatos son unha sorte de *Black mirror* narrativo só apto para un público que non tema construír a ficción.

- Ramón Nicolás, “Ti completas o final”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Crítica*”, “*Ex umbra in solem*”, 22 marzo 2019, p. 10.

Recensión da obra composta por doce relatos de carácter heteroxéneo en canto a espazos, perfís de personaxes e tempos. Afirma que o autor se aproxima aos vieiros do simbolismo e a crítica política. Salienta que Cordal deixa aberta unha libre interpretación final que complete o sentido das historias. Dos doce relatos, destaca “O neno de Jezabel”, “Ruído de fondo” e “Dorosín, Dorosín”.

Corral Iglesias, José Alberte, *Bock de cerveza*, A Coruña: Baía Edicións, col. Narrativa, n.º 39, xuño 2019, 104 pp. (ISBN: 9788499953212).

Obra narrativa de José Alberte Corral Iglesias (Monte Alto, A Coruña, 1946), composta por un total de trinta e catro relatos narrados a meirande parte das veces en primeira persoa. Cada un encabézase cunha cita literaria, entre moitas, algunhas son de Ferrín, Pablo Neruda, Celso Emilio Ferreiro, Miguel Hernández, John Lenon ou Mário Quintana. Comeza cun prólogo de Henrique Sánchez Rodríguez, membro da agrupación cultural “O Facho”. Nel, matiza que os relatos son “vivo reflexo de umha infancia-mocidade numhas circunstancias político-sócias persoais determinadas”. En efecto, moitos deles aparecen narrados a partir dunha lembranza saudosa, como, por exemplo, as falcatuadas duns mozos nun internado nacional-catolicista. Tamén está moi presente o tema da emigración xunto coa forte represión froito do golpe de estado de 1936 e do franquismo.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Secuencia en anacos vitais. Unha vida perante a represión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 727, “Libros”, 10 outubro 2019, p. VI.

Recolle un resumo do argumento principal da novela *Bock de cerveza* de José Alberte Corral Iglesias, apuntando que a historia narra as peripecias vitais dun mozo nacido no barrio coruñés de Montealto, onde pasa a súa infancia e de onde marcha á emigración con destino a Euskadi na adolescencia, para despois fuxir da ditadura franquista no exilio latinoamericano. O pano de fondo destas aventuras son os recordos, as vivencias ou as amizades forxadas ao longo do camiño da vida que o protagonista nos conta sentado na mesa dun mar acompañado por un *bock* de cervexa.

Costas, Leticia, *Infamia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, maio 2019, 272 pp. (ISBN: 978-84-9121-537-0).

Obra de Leticia Costas (Vigo, 1979) que constitúe un *thriller* psicolóxico. O libro conta a historia de Emma Cruz, avogada e profesora de dereito penal que se traslada á vila de Merlo para impartir clases universitarias coincidindo co vinte e cinco aniversario da desaparición das irmás Giraud. O libro consta de trinta e tres capítulos nos que se vai descubriendo pouco a pouco o misterio que envolve o barrio de Merlo, recreación ficticia da parroquia viguesa de San Mamede de Zamáns (ou doutras adxacentes como Bembrive ou Valadares). O libro presenta as problemáticas latentes dalgúns parroquias galegas: pederastia por parte dalgún ministro da Igrexa, desaparicións de mozas relacionadas con violacións, accidentes de tráfico tráxicos etc. Todas estes sucesos aparecen vinculados entre si na novela. A través da caracterización psicolóxica da protagonista e doutros personaxes vaise desensarillando o misterio da desaparición das irmás Giraud. Entre elas destaca a de Lucas, un dos cómplices do asasinato da irmá maior, que transloce sensibilidade humana e literaria. Ademais é de salientar o vínculo que se establece entre el e a nai das cativas (antiga profesora súa de literatura) a través dos poemas de Félix Francisco Casanova. Esta última demostra a fortaleza interior que implica seguir loitando polo esclarecemento do paradoiro das súas fillas. Mesturada con suspense e con elementos sobrenaturais ou premonicións, a novela inclúe unha crítica ao poder exercido por algúns estamentos sociais, por exemplo, dando conta do silencio e ocultación da pederastia na Igrexa ou da corrupción dos cargos públicos, da discriminación pola orientación sexual ou das xerarquías que duramente moito tempo só foron ocupadas por homes.

Recensións:

- Mario Regueira, “A rede da hipocrisía”, *Sermos Galiza*, n.º 347, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 23 maio 2019, p. 6.

Mario Regueira comeza lembrando a destacada traxectoria da autora na literatura infantil e xuvenil antes de presentar esta novela. Sintetiza de xeito breve o argumento da novela, a historia dunha penalista que se muda a unha vila marcada pola desaparición dunhas nenas hai vinte e cinco anos, que serve como pretexto para relatar a historia da devandita vila, Merlo. Explica que esta novela racha co padrón de busca do criminal, posto que xa dende os inicios se pode intuír quen é. A intriga que envolve o libro recae no “universo de miseria moral” que marca este colectivo: corrupción, silencio social, submisión ao poder... Regueira loa esta perspectiva que a autora aborda con profundidade. A novela é definida como “entretida, pero tamén estimulante e cunha ollada innovadora”, se ben non a considera a mellor das obras da autora.

- Ramón Nicolás, “Brillante e esgazadora novela”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex lumbra in solem”, 24 maio 2019, p. 10.

Acolle unha recensión da novela na que louva a intriga da novela así como a trama, que cualifica de “escrupulosas no seu deseño e efectividade”. Destaca tamén que *Infamia* vai máis aló dos límites do xénero.

- Ramón Rozas, “Infamia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “A vida nun fio”, 29 maio 2019, p. 61.

Explica o argumento da obra, facendo fincapé nas temáticas tratadas e salienta que é unha novela na que autora non agocha nada e amosa todas as cartas sobre a mesa, convertendo o libro nunha reflexión sobre a conduta humana e as perversións que esta acolle.

- Vicente Araguas, “Sábase todo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1093, 23 xuño 2019, p. 30.

Dá conta da nova novela da escritora, e describe a súa trama con gran detalle, pasando por todos os personaxes principais a modo de recomendación.

- Montse Pena Presas, “Ficar en Merlo. Escrita claustrofóbica”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 719 “Libros”, 27 xuño 2019, p. VI.

Comeza reflexionando sobre a estigmatización de Leticia Costas como escritora só para público infantoxuvenil por parte da crítica literaria, tratando de desmentir que isto sexa así e exemplificándoo a través da publicación de *Infamia*. Desta novela di que reúne todas as características propias da narrativa de Costas e que está atravesada dun certo carácter de arrepío que se manifesta nunha historia de adolescentes desaparecidas. Os feitos acontecen no lugar de Merlo e será unha intrépida profesora de dereito penal a encargada de resolver o caso, ao mesmo tempo que nos vai presentando a cara humana dos asasinados.

-Montse Pena Presas, “Afogar en Merlo (Sobre as redes que tecen Infamia)”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 76-77.

Montse Pena Presas dá conta do éxito que está a ter a novela *Infamia* de Leticia Costas, valorada como se a autora supuxese unha novidade no eido da literatura galega por ser esta a súa segunda obra para adultos tras *Un animal chamado Néboa*, obviando a carreira da escritora que comezou ca publicación de *Unha estrela no vento* e que conta cun Premio Nacional de Literatura con *Escarlatina, a cociñeira defunta*, ambas obras de literatura infantil e xuvenil. *Infamia* versa sobre un asasinato que tivo lugar na cidade de Merlo tempo atrás, que será investigado por unha recentemente chegada que tarda escasos capítulos en saber quen as matou. Non obstante, a novela céntrase en como afectou o suceso a todos os implicados no caso, tanto culpábeis coma inocentes, profundando así no que Presas chama “a psicoloxía das persoas”.

- Ana Baena, “Finaliza la Feira do Libro con un 10% más de ventas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 7 xullo 2019, p. 10.

Artigo sobre a Feira do Libro na cidade olívica no que se sinala que os títulos máis vendidos, coincidentes cos do resto do ano, son *O último barco*, de Domingo Villar e *Infamia*, de Leticia Costas.

- Eva Moreda, “Un intento de renovar o xénero que non o consegue todo”, *Tempos Novos*, n.º 269, “Cultura”, “Protexta”, “Narrativa”, outubro 2019, p. 81.

Eva Moreda fai unha recensión da obra *Infamia*, de Leticia Costas, un novo *thriller* psicolóxico, que, segundo Moreda, non se distingue moito doutros vistos, onde aparecen ambientes e personaxes-tipo e caracterizacións tradicionais propias do xénero. Non obstante, recoñece, como punto a favor, o dominio do ritmo (rápido, capítulos curtos, o paso da voz narradora focalizada á omnisciente).

- Cuca M. Gómez, “La comarca se llena de premios”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 26 outubro 2019, pp. 58-59.

Comenta, baixo a epígrafe de “Cumpleaños”, que a asociación Amarinda de Mourente celebrou unha sesión do seu club de lectura na que participou Leticia Costas para falar da súa novela *Infamia*.

- Tereixa Constenla, “Leticia Costas, la varita del éxito”, *El País*, “Cultura”, 16 decembro 2019, p. 38.

Artigo sobre Leticia Costas, no que salienta o seu salto da literatura infantil ao *thriller*. Explica de xeito breve o argumento da obra e indica que a autora crea un “arquetípico mundo galaico de nieblas y sombras”.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, “Leticia Costas. 'Obsesioneime, deixei a pel na escrita”, *La Voz de Galicia*, “Fugas” “Libros”, “Entrevista”, 3 maio 2019, p. 7.

Entrevístase á autora de *Infamia*, que comenta a inspiración dun caso real tras a trama da novela, e como o pobo de Merlo está baseado en Beade.

- M. V., “Os mundos diminutos”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 958, “A entrevista”, 11 maio 2019, p. 4.

Inicia a reportaxe mencionando o seu piso no barrio vigués de Navia, unha casa na que sempre hai música, libros e ilustracións. Confesándose viaxeira, curiosa e afeccionada ao anime e ás series de televisión, Leticia Costas afirma que o que lle fascina verdadeiramente, como persoa curiosa que é, son “os pequenos mundos que nos rodean”, os miniuniversos. Logo de recordar vivencias da súa infancia, afirma que Vigo e Pontevedra son dous lugares importantes na súa vida; nesta última cidade, anúnciase que en breves estará presentando a súa última novela.

- María Varela, “Leticia Costas. 'Como autora implícite tanto que me desgarró’”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 958, “Reportaje”, “A entrevista”, 11 maio 2019, pp. 2-3.

Comeza a entrevista explicando que para ela esta obra supón un cambio de rexistro. “É unha novela moi emocional, moi dura e de temática controvertida que escribín con algo de rabia”. Trátase dunha obra de ficción, mais que bebe dalgúns casos reais coma o acontecido con Marta del Castillo e James Rhodes, segundo afirma a autora. No que concirne ao proceso creativo, afirma que se basea principalmente na revisión. Afirma que con dez ou once anos xa comezara a escribir e presenta como referentes a María Gripe, Ángela Sommer-Bodenburg, Roald Dahl, Michael Ende, Gloria Fuertes e tamén ós contidos que vía na televisión: La bola de Cristal, Pipi Calzaslargas, Barrio Sésamo... Menciónase tamén na entrevista que é Premio Nacional de Literatura e a tradución dos seus libros a diferentes linguas. Reivindica a visibilidade das personaxes femininas e, finalmente, manifesta que lle gustaría verse a continuar vivindo da literatura nun futuro.

- Belén López, “Leticia Costas e Pedro Feijóo celebrarán o 17 de maio en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 11 maio 2019, p. 50.

Informa da celebración do 17 maio en Pontevedra, na que os libeiros sairán á rúa. Varios autores acudirán a presentar as súas obras e a manter encontros co público. Entre eles están Leticia Costas, autora de *Infamia*; Arantza Portabales, autora de *Beleza vermella*; Pedro Feijoo, que vén de lanzar a decimoprimeira reedición de *Os fillos do mar* e segue a triunfar cos seus últimos títulos *Camiñar o Vigo vello* e *Sen piedade*. Tamén estará presente Iria Collazo, que vén de publicar *A casa do paralelo 54*.

- Mar Mato, “Unha negra sombra no día da festa”, *La Opinión/Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2019, p. 32.

Mar Mato, nunha nova sobre a situación do galego, menciona a obra de Leticia Costas indicando que se publicará en castelán con Ediciones Destino.

- Clara Aldán, “¡Leticia, ven que te adoptamos!”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “A praza da verdura”, 23 maio 2019, p. 24.

Faise eco da entrevista a Leticia Costas que lle fixo Susana Pedreira na librería Cronopios para Onda Cero.

- Ramón Rozas, “Libros á rúa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “Saga/fuga”, 23 maio 2019, p. 25.

Informa sobre a iniciativa do Concello de Pontevedra en colaboración con librarías da vila chamada “Os libros galegos saen á rúa”. A xornada contará coa asistencia de Leticia Costas, Arantza Portabales, Pedro Feijoo e Iria Collazo. Esta iniciativa nace no seo da celebración Día das Letras Galegas.

- Ana Abelenda, “Galicia non se entende sen Valle”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 24 maio 2019, pp. 1-3.

Nun artigo sobre Valle Inclán, fai alusión á presentación do libro *Infamia* en Pontevedra.

- Cuca M. Gómez, “Sin trono de hierro pero llena de libros”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 960, “Álbum”, “La semana de Cuca M. Gómez”, 25 maio 2019, p. 13.

Informa do acto de presentación da novela *Infamia* de Leticia Costas celebrado en Pontevedra na última semana de maio.

- Cuca M. Gómez, “El verano 2019 queda inaugurado”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 27 maio 2019, pp. 70-71.

Menciona a novela de Leticia Costas co gallo de relatar unha pequena crónica do seu día de verán.

-Begoña Cuba, “En *Infamia* mergullámonos...”, *Luzes*, n.º 69, “As libreiras”, xuño 2019, p. 89.

Begoña Cuba, da librería lucense Trama, recomenda a lectura de *Infamia* de Leticia Costas. Trátase dun *thriller* psicolóxico que xira en torno á pasada desaparición de dúas irmás e a como este suceso afectou, e segue a facelo, a todos os relacionados co caso.

- Montse García, “Leticia Costas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, “Y Además”, 6 xuño 2019, p. L9.

Indica que Leticia Costas estará falando da súa última novela, *Infamia*, na librería Numax.

- O. U. V., “Leticia Costas presenta ‘Infamia’ unha novela sobre violencia cun gran pouso de humanidade”; *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 11 xuño 2019, p. 36.

Dá conta da presentación da novela da autora na librería Moito Conto e fai un pequeno percorrido pola traxectoria e vida da autora, dende a súa achega á literatura infantil até a súa aproximación á novela negra con esta obra. Informa da trama da novela e comenta algunhas das influencias actuais e pasadas da escritora que inspiraron os seus escritos, como Neil Gaiman ou Thomas Harris.

- Clara Aldán, “De héroes, patos y grandes autoras”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 9 xuño 2019, p. 14.

Indica que Leticia Costas estará presente na Feira do Libro de Madrid, asinando exemplares de *Infamia*.

- Daniel Salgado, “Leticia Costas. ‘A literatura ten que axudar a comprender a sociedade en que vivimos’”, *Sermos Galiza*, n.º 350, “*fóradeserie*”, 13 xuño 2019, pp. 4-5.

Entrevista a Leticia Costas na que fala sobre a súa última obra, afondando nos personaxes, na arquitectura da novela e no seu estilo narrativo.

- L. Romero, “La Feira do Libro se estrena con autores destacados y novedades literarias”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 13 xuño 2019, p. 10.

Informa da participación de Leticia Costas na Feira do Libro de Cambados asinando exemplares da súa última novela *Infamia*.

- Ana Abelenda, “¿Qué van a leer este verano”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 28 xuño 2019, pp. 1-2.

Nun artigo sobre recomendacións literarias para o verán, seis autores escollen tres títulos cada un. Inma López Silva recomenda, entre outros, *O último barco*, de Domingo Villar. Entre os elixidos por Domingo Villar están *The making of*, de Xavier Alcalá. Amador Castro recomenda *Infamia*, de Leticia Costas e *Scórpido*, de Ricardo Carvalho Calero. Antía Yáñez selecciona *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, de Antonio Manuel Fraga, *Marafariña*, de Miriam Beizana Vigo e *Feminismos na literatura infantil e xuvenil en Galicia*, de Montse Pena Presas. Rosa Aneiros amenta *Todo isto antes era noite*, de Lucía Aldao e *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, de Leticia Costas. Pola súa parte, Héctor Cajaraville, recomenda, entre outros *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis; e *O último barco*, de Domingo Villar.

- Joaquín Abraldes, “Leticia Costas y Domingo Villar, ‘bestsellers’ en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 xuño 2019, p. 9.

Dá conta da presentación dos libros da autora e do autor na Feira do Libro en Vigo, á vez que describe brevemente o argumento de cada novela, e destaca os premios e galardóns recibidos por ambos autores.

- Lydia Abarca, “Los librereros aplauden la nueva ubicación de la Feira do libro, que elevó sus ventas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 4 xullo 2019, p. 7

Nun artigo sobre a Feira do Libro viguesa, destácase o elevado número de vendas dos exemplares *O último barco*, de Domingo Villar e *Infamia*, de Leticia Costas.

- S. V., “Os libros fan unha festa na Ferraría”; *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 xullo 2019, p. 13.

Faise eco da celebración da Festa dos Libros en Pontevedra e menciona as presentacións de títulos que terán lugar: Manuel Bragado acompañará a Leticia Costas para falar sobre a súa novela *Infamia*. Tamén acudiu Antón Lopo para falar de *Extraordinario*, acompañado de Ramón Rozas. Pasaron polo escenario tamén outros escritores e escritoras como Ana Cabaleiro, Susana Sánchez Aríns, Diego Giráldez, Antón Cruces, Milagros Bará, Alexandre Vórtice, Emma Pedreira ou Víctor Méndez. Na última xornada,

presentarase a obra *Ratos de viaxe*, de Paco Nogueiras; *A furgoneta branca*, de Fina Casalderrey; e *Memoria do silencio*, de Eva Mejuto.

- Pilar Cheda, “A viaxe que non defrauda”, *El Progreso*, “Revista”, “Lecturas”, 13 xullo 2019, p. 27.

Recolle unha serie de recomendacións literarias entre as últimas novidades editoriais publicadas en lingua galega para desfrutar no tempo estival. Entre estas obras destaca o último da triloxía do detective Leo Caldas, *O último barco* de Domingo Villar; a novela da emigración *Sándalo*, de María Xosé Porteiro; ou a primeira novela de Leticia Costas dirixida a público adulto, *Infamia*.

- Nerea Aragunde, “A librería Nós pon en valor as letras galegas co Verán Literario”; *Diario de Pontevedra*, “d_verano”, “Ciudad”, 7 agosto 2019, p. 16.

Dá conta do evento anual que organiza nos veráns a librería Nós de Sanxenxo, e do propósito tras estas citas, que é nas palabras de Xaime Corral, impulsor da iniciativa, “facer unha pequena representación das letras galegas”. Informa dos autores que foron durante ese verán e as obras que foron presentar: Leticia Costas con *Infamia*; a autora Arantza Portabales, que presentaba a súa obra publicada en galego *Beleza vermella*; e Domingo Villar, con *O último barco*.

- Manuel Bragado, “Novela negra viguesa”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 13 agosto 2019, pp. 20.

Reflexiona sobre o fenómeno da novela negra e de como Vigo se converteu, ben por ambientación das tramas, ben por orixe dos autores, no berce deste subxénero narrativo dentro da literatura galega. Desta forma alude a algúns dos títulos máis significativos do *noir* galego e vigués, nomeadamente *Os fillos do lume* (Xerais, 2017) de Pedro Feijoo, *O último barco* (Galaxia, 2019) de Domingo Villar, *Infamia* (Xerais, 2019) de Leticia Costas, *O meu nome é Ninguén* (Xerais, 2018) de Manuel Esteban ou *Vicus. Un lugar aquelado* (Bolanda, 2019) de Beto Luaces.

- S. Fernández, “Las novelas de Leticia Costas y Domingo Villar triunfan en casa”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 24 agosto 2019, p. 9.

Artigo sobre a literatura que máis triunfa entre os vigueses no verán, no que amenta *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Pioneiras*, de Anaír Castillo e *Camiñar o Vigo vello*, de Pedro Feijoo. Entre os títulos de literatura infantil, destaca *O monstro de cores* e *Os fantasmas non petan na porta*.

- Matilde, “En Vigo huele a samba”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Escaparate”, “Lecturas para otoño”, 8 setembro 2019, p. 13.

Nunha serie de recomendacións literarias para o outono, amenta *Infamia*, de Leticia Costas, e menciona que a finais de outubro xa se poderá ler a obra tamén en castelán.

- R. L., “Infamia”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 196, 8 setembro 2019, p.4.

Dá conta da publicación da novela en cuestión, *Infamia*, achégase á trama principal da historia, así como ás súas principais características temáticas. Finalmente, remata repasando a traxectoria da autora en cuestión, da que se omite a súa primeira etapa como escritora.

- Clara Aldán, “La vuelta al cole de la clase política”, *Diario de Pontevedra*, “A praza da verdura”; “Pontevedra”, “Y Además”, 10 setembro 2019, p. 13.

Dá os parabéns a Leticia Costas polo éxito que está a ter *Infamia*, que xa vai pola súa terceira edición.

- Ana Abelenda, “Manuel Rivas. ‘As mulleres son as que sosteñen a cultura en Galicia’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”; 27 setembro 2019, pp. 1-2.

Entrevista a Manuel Rivas na que destaca o papel das mulleres como sostén da cultura en Galicia. Cita os libros *Feliz idade*, de Olga Novo, e *Infamia*, de Leticia Costas. Tamén destaca a Chus Pato, Lupe Gómez, Dores Tembrás, Oriana Méndez, María Reimóndez, Mercedes Queixas, Iolanda Zúñiga, Yolanda Castaño, Carmen Blanco, Pilar Pallarés e María do Cebreiro.

- Montse García, “Leticia Costas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 10 outubro 2019, p. L9.

Informa do coloquio sobre *Infamia* na librería Pedreira, no que participarán a autora e Prudencio Viveiro.

- Eva Moreda, “Conversa con Leticia Costas”, *Tempos Novos*, n.º 269, “Cultura”, “Protexa”, outubro 2019, pp. 78-80.

Eva Moreda (entrevistadora) transcribe a entrevista feita a Leticia Costas (entrevistada), tras o éxito seu último libro *Infamia*. Así, Costas responde a unha serie de preguntas relacionadas, principalmente, coas súas preferencias literarias, coa caracterización dos personaxes, coa ambientación da obra ou co proceso de reescritura e as técnicas narrativas empregadas.

- Susana Acosta, “Galicia, todo al negro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 25 outubro 2019, cuberta.

Artigo sobre a popularidade da novela negra entre os escritores galegos no que menciona as obras *O último barco*, de Domingo Villar; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *Infamia*, de Leticia Costas; e *Vicus, un lugar aquelado*, de Beto Luaces.

- Ana Baena, “Para escribir implícome o cen por cento coas personaxes até chegar á obsesión”, *La Región*, “Sociedad”, p. 55/ *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Literatura con selo vigués”, p. 11, 3 novembro 2019,

Entrevista a Leticia Costas na que responde a preguntas relacionadas coa tradución da novela ao castelán, sobre o argumento e argumentación da obra e sobre o seu salto da literatura infantil á literatura para adultos.

- Ágatha de Santos, “Magos de mil sueños de tinta”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 novembro 2019, p. 40-41.

Nun artigo sobre o proceso creativo dun libro, fai alusión a *Infamia*, de Leticia Costas.

- José Carlos Rodríguez, “Leticia Costas. ‘En los pueblos hay secretos y pactos de silencio; saben y callan’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, p. 43/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 52, 19 novembro 2019.

Faise eco da tradución ao castelán da novela na editorial Destino. Explica o argumento da obra, recolle declaracións da autora e salienta o tratamento de temas crueis como a violencia de xénero, o abuso de menores por parte da Igrexa, a autolesión, a violación e o asasinato.

- Mar Mato, “Leticia Costas: ‘Todos arrastramos traumas cos que temos que convivir’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Club Faro”, 12 decembro 2019, p. 34.

Reportaxe sobre a presentación de Leticia Costas no Club FARO da súa novela *Infamia*. Explícase que a novela está ambientada na vila de Merlo, que en realidade é a parroquia viguesa de Beade e que a obra é “un berro de rabia contra a sociedade”, na que critica a escasa atención prestada á violencia en casos tabú como a pederastia na Igrexa.

- Santiago Jaureguizar, “Temos un embigo cativo, pero precioso”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 209, 8 decembro 2019, p. 8.

Entre outras reflexións persoais, recolle unha anécdota que lle contou Paco Martín cando lle falou de que *As cousas de Ramón Lamote* foi traducido ao español e ao inglés polo Departamento de Defensa estadounidense coa intención de que os soldados latinos lesen literatura, e que tiveron dificultades para trasladar a palabra “chairego”. Menciona tamén que estivo argallando nunha crítica de César Lorenzo Gil a *Infamia* e que comentou nela provocando unha forte polémica.

- José Miguel Giráldez, “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *Infamia* de Leticia Costas.

- Xaquín Núñez Sabarís, “2019: ‘Suspense’ en literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2019, p. 30.

Artigo sobre a presenza do *thriller* e o policial nas letras galegas, no que amenta as obras *Un lume azul*, de Pedro Feijoo, *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras; *Camiño de paixóns*, de Carlos Meixide; e *Carpe diem*, de Quico Cadaval.

- A. M., “Abel Caballero, Domingo Villar y Leticia Costas lideran los ‘Vigueses del Año’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 31 decembro 2019, p. 11.

Nova sobre os “Vigueses do Ano”, entre os cales están o escritor Domingo Villar, coa súa nova obra *O último barco*; e Leticia Costas, con *Infamia*.

- A. Baena, “De escritores a ídolos”, *Atlántico Diario*, “Resumen del año. Extra”, “Vigo”, “Los más leídos son vigueses”, 31 decembro 2019, p. 30.

Faise eco dos escritores vigueses con obras de calidade ambientadas na cidade. Estes son Domingo Villar, con *O último barco*; Leticia Costas, con *Infamia*; e Pedro Feijoo, con *Un lume azul*.

Dacosta, Henrique, *A Rota do Oeste*, Ferrol: Embora, col. Narrativa, xuño 2019, 312 pp. (ISBN: 978-84178-24-03-7).

Novela de Henrique Dacosta (1964) que se pode adscribir ao xénero da *road movie*. O libro está dividido en tres partes e conta a historia de Ana Saavedra Leal, empregada predilecta de Ardóbriga Editora. Ana obtén o consentimento do seu xefe para levar a cabo un libro titulado *Gudmund Arnórsson, o peregrino que veu do frío*, que constitúe unha obra totalmente diferente ás que adoita dar ao prelo a editora. O islandés Gudmund Arnórsson será o seu protagonista, un home que realiza a viaxe dende Dinamarca até Santiago de Compostela, ao igual que fixeron os seus devanceiros durante a Idade Media, para renderlle culto ao apóstolo Santiago. No seu veleiro, vai sucando os mares atlánticos até chegar a Ferrol. Pouco antes, descobre un somerxíbel con fardos de cocaína. Na cidade, agárdao Ana para espaxear as cinzas da nai del e acompañalo no seu camiño até Compostela. As súas experiencias van ser recollidas nese libro que funcionará a modo de guía do camiño para os futuros navegantes nórdicos que decidan revivir esta tradición. Durante o traxecto, Gudmund confésalle todo o seu escuro pasado, turbado pola fin tráxica da súa relación amorosa froito da súa ira e os seus celos. O seu camiño vese pexado pola intromisión duns narcotraficantes arousáns, que lle reclaman ao islandés parte do alixo atopado. Finalmente, conseguen que sexan detidos e xulgados. Transcorrido todo ese tempo, vaise fraguando moita complicidade entre a ferrolá e o islandés, o que levará a Gudmund a declararlle o seu amor na praza do Obradoiro. Os dous deciden ir vivir para Islandia e formar unha familia xuntos. Ana traballa arreo e consegue o éxito esperado co seu libro.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O Vestverg renovado”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, 12 xullo 2019, p. 10.

Describe o argumento da obra e loa o labor de documentación levado a cabo polo autor. Afirmar que na primeira parte da novela prima o pouso descritivo, histórico e metaliterario, á que posteriormente lle vai gañando terreo a descrición da viaxe marítima que deixa paso a un xiro temático que se achega ás novelas de aventuras e persecucións.

- Vicente Araguas, “Un islandés en Ferrol”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.098, 28 xullo 2019, p. 32.

Ofrece unha recensión de *A Rota do Oeste* na que coa desculpa de falar do Camiño Inglés e o seu comezo en Ferrol describe brevemente o argumento da novela, e finalmente cualifícaa como “moi complexa e estimulante”.

- Gómez X., “Henrique Dacosta. ‘Nunca teño un guión pechado sobre unha historia; son dos que gostan deixarse sorprenden no proceso”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Escritor”, 16 agosto 2019, p. 13.

Entrevista ao autor co gallo da publicación da súa última novela. Nela informa de como xurdiu o argumento e asegura que vén dunha “fixación case infantil polos lugares extremos”, como Escandinavia e Islandia particularmente. Conversa tamén sobre os seus inicios na escritura, así como o proceso que segue á hora de escribir unha novela como *A Rota do Oeste*.

_____, *Illas a sotavento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, XXV Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta, col. Narrativa, setembro 2019, 144 pp. (ISBN: 978-84-9121-571-4).

Novela de aventuras de Henrique Dacosta (1964). A historia baséase na inimidade entre dous grupos de rapaces do Prioiro, na parroquia ferrolá de Covas, que provoca unha serie de sucesos violentos, como a caída da bicicleta do Pita ou a queima intencionada da cabana das Cabazas. O grupo de Eloi, arengado polas historias que lle conta o vello Xelo de Amadora, decide construír un varadoiro para dirixirse ás illas Herbosa e Gabeiras, lugares vedados segundo as lendas. ‘O Noso Segredo’, como escollen denominar a operación, non debe ser coñecido polo outro grupo. Para asegurárense diso, pídenlle axuda á irmá de Eloi, quen debe manter entretido a Lucho de Visitación, xefe da outra banda que está namorado dela, e intentar obter toda a información posíbel. Inés aproveítase da súa afección pola ornitología e consegue a súa confianza, até tal punto que rematan casando pasados uns anos. A pesar dos estragos provocados por un vendaval, o proxecto segue en pé. Despois dunha travesía difícil no bote ‘Illa da Tartaruga’, arriban ás illas. Alí atópanse cuns narcotraficantes descargando caixas e foxen axiña cara a embarcación. Unha vez navegando xa, decátanse de que Nando non está. Aflixidos por non o atoparen debido á néboa, comezan a berrar. De súpeto, misteriosamente, aparecen o vello Xelo e o García, ambos inimigos dende novos, nas súas motoras. Grazas a eles e á axuda duns golfinos, Nando é rescatado e volve á vida, despois de case morrer afogado. As alusións ao contrabando de cocaína no comezo e á fabricación de balas de fósforo á fin da narración inducen a contestar algunhas das preguntas sen resposta da historia.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Isto é para todos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.109, 13 outubro 2019, p. 32.

Afirma que se trata dunha obra de rapaces que non é para rapaces, na que, nun fondo de novela desasosegante, o autor ten a capacidade de atrapar ao lector, ben escrita e ben contada.

- Ramón Nicolás, “Novela de aventuras e aprendizaxe”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”; “Ex umbra in solem”, 29 novembro 2019, p. 10.

Recensiona a obra galardoada na última edición do Premio Lueiro Rey de Novela Curta, que define como “un tributo que actualiza o xénero da narrativa de aventuras máis clásica e tradicional”.

Dávila, Berta, *Carrusel*, Vigo: Editorial Galaxia, Premio García Barros 2019, col. Literaria, n.º 401, outubro 2019, 128 pp. (ISBN: 978-84-9151-404-6).

A novela gañadora do Premio García Barros e o Premio da Crítica 2019 escrita por Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987) é un percorrido pola crise creativa dunha escritora. *Carrusel* vai do cero ao nove, dez capítulos nos que a narradora relata os fitos que marcan a traxectoria da súa escrita e da súa progresión persoal. O relato comeza a tomar forma nunha habitación de hotel portuguesa que a escritora e a súa amiga Natalia teñen que abandonar ao recibir a noticia do falecemento da avoa Úrsula. En *Carrusel* preséncianse varios pasamentos sempre vencellados á multitude de lembranzas que permiten profundar na historia vital da súa narradora e ás súas relacións persoais con familiares. As ausencias (o aborto, a morte), xunto coa doenza mental que padece e a decisión de enfrontala, son a fiestra aberta á psique da escritora, e ao entendemento da evolución da súa produción literaria.

Recensións:

- Ramón Rozas, “As marcas da cinsa”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 205, 10 novembro 2019, p. 6.

Identifica os temas principais tratados na obra (unha doenza mental, a maternidade frustrada e a maternidade acadada e a perda de seres queridos), que se interrelacionan entre si para conformar un conxunto. Afirmo que *Carrusel* é un libro “extraordinario”, cheo de “cicatrices convertidas en palabras, feridas, ás que a escrita tenta curar”, que permite ao lector entender o que realmente é a literatura, unha maneira de posicionarse ante o mundo.

- Ramón Nicolás, “O elefante branco”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”; “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 6 decembro 2019, p. 10.

Presenta a obra como un dos grandes libros do ano, destacando que é unha obra que constrúe un universo cunha vocación de perdurabilidade. Salienta o tratamento de temas pouco asediados literariamente en personaxes como o tío Carlos ou na propia voz da narradora. Nas súas propias palabras, destaca como valor deste libro a “adecuación brillante do rexistro expresivo que transcende a páxina escrita e que posibilita ese xirar sen pausa, arredor de si, sen intencións moralizantes para (re)construír unha memoria que é cicatriz”.

- Emma Pedreira, “Xirar arredor de si”, *Tempos Novos*, n.º 271, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, decembro 2019, p. 81.

Emma Pedreira fai unha recensión da obra *Carrusel*, de Berta Dávila, de ton intimista, onde se tratan moitos e variados temas con carácter introspectivo e reflexivo como a maternidade, as doenzas mentais, a perda dos seres queridos, a memoria ou a interacción social e familiar, tal e coma apunta Pedreira. O máis destacábel de *Carrusel*, segundo

esta, reside no tratamento xusto e delicado de cada un destes temas: en palabras de Pedreira “a narradora suma as perdas con tranquilidade, como quen pasa por un fío as doas que colecciona (...) con delicadeza, con amor fetichista (...). Poucas obras hai que fagan tanto por non ser fatalistas ou levar ao extremo a perda e a doenza mental”.

Referencias varias:

- R. L., “Carrusel”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 205, 10 novembro 2019, p. 4.

Presenta o libro gañador do premio García Barros e repasa a traxectoria da autora, explicando de xeito breve a temática abordada na obra.

- Sol Elvira, “Berta Dávila recolleu na Estrada o García Barros”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”; “Deza. A Estrada”, 16 novembro 2019, p. 34.

Faise eco da gala de entrega no Teatro Principal da Estrada do XXXI Premio de Novela Manuel García Barros a Berta Dávila pola súa obra *Carrusel*. Repasa a traxectoria literaria da autora e lembra aos galardoados dende a creación do premio no ano 1989.

- Santiago Jaureguizar, “Un carrusel para xirar bólas de mercurio”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 211, 22 decembro 2019, p. 8.

Cita a personaxe de Berta Dávila en *Carrusel*, “todo o que mata é fermoso” e define a novela como fermosa e cruel.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *Carrusel* de Berta Dávila.

- Emma Pedreira, “Conversa con Berta Dávila”, *Tempos Novos*, n.º 271, “Cultura”, “Protexa”, decembro 2019, pp. 78-80.

Nesta publicación, Emma Pedreira (entrevistadora) transcribe a entrevista feita á autora Berta Dávila (entrevistada) a raíz da publicación da súa última obra *Carrusel*, galardoada co Premio de Novela García Barros na súa trixésima edición, onde “a voz narradora lévanos á vida cotiá dunha escritora, da súa maneira circular de afrontar vida, doenza, maternidade e recordos”. Así, Dávila responde algunhas preguntas relacionadas, principalmente, coa temática, o título, as posíbeis conexións desta obra con respecto doutras súas anteriores, así coma a perspectiva que a autora ten da súa propia obra.

Díaz Núñez, Celia, *Corte e confección*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 402, novembro 2019, 112 pp. (ISBN: 978-84-9151-413-8).

Esta obra asinada por Celia Díaz Núñez (O Páramo, 1961) aséntase sobre a premisa de que a escrita e a costura son actividades moi semellantes, tal e como se indica na contracuberta do libro, que recolle o fragmento inicial do primeiro capítulo. A obra en si

mesma constitúe, xa que logo, un texto metanarrativo no que se compara a confección da roupa coa confección do texto. Despois do primeiro capítulo, no que se abordan estas reflexións, inclúense trinta relatos moi breves, (algúns mesmo chegan a rozar a fronteira do microrrelato) e un “Titorial” final no que se inclúe un texto instrutivo sobre como cortar unha barra de pan.

Referencias varias:

- R. L., “Corte e confección”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 209, 8 decembro 2019, p. 6.

Presenta a obra explicando as similitudes entre a arte de escribir e a de coser. Ofrece tamén breves datos biográficos da autora, que naceu no Páramo en 1961 e actualmente vive en Ourense, onde exerce a docencia.

- Elisabet Fernández, “Celia Díaz Núñez. ‘Este libro adícoo á memoria de meu pai, que era xastre’”, *La Región*, “Ciudadanos”, 13 decembro 2019, p. 18.

Entrevista a Celia Díaz na que fala sobre os puntos comúns entre confección e escritura, sobre as temáticas abordadas na obra e sobre o léxico que emprega.

Duncan, Xosé, *Mnemea*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 389, maio 2019, 188 pp. (ISBN: 978-84-9151-330-8).

Mnemea, niña sombra, meu reflexo, niña dona é a “historia dun libro que está por escribir” concibida por Xosé Duncan (Taragoña-Rianxo, 1970). Nesta obra, explóranse os límites entre a cordura e a tolemia nun obsesivo proceso de creación literaria. O libro versa sobre Lois Mourinho e o seu empeño por escribir a novela que lle devolva o éxito do que noutrora gozou. Amais, coñeceremos tres relevantes personaxes femininas: Anna, afamada escritora de literatura fantástica, que foi compañeira de vida de Lois; Sandra, a súa antiga editora; e Carla, a súa colaboradora. Ben que Lois foi un autor recoñecido noutra época, as editoriais xa non amosan interese polo seu traballo, o que intensifica a cisma de Lois por conseguir escribir a súa mellor obra e deixar de considerarse un fracasado. Para acadar tal fin, recorre á axuda de Carla, a coautora e encargada de continuar o seu legado, personaxe que vai acadando maior protagonismo no transcurso da novela.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Deficiente calidade. Como se crea e escribe unha novela”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 725, “Libros”, 26 setembro 2019, p. VI.

Comeza facendo un repaso breve pola traxectoria do escritor Xosé Duncan, para deterse na súa última publicación, *Mnemea*. Desta novela destaca a súa relación coa mitoloxía clásica, xa dende o propio título, e a ausencia dun fio argumental claro e sólido. A respecto dos feitos narrados resume o contido da novela como os problemas creativos, editoriais e sentimentais do pasado e do presente de catro personaxes, dos que a continuación ofrece un pequeno retrato psicolóxico.

Referencias varias:

- R. L., “Mnemea”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 187, 9 xuño 2019, p. 4.

Dá conta da trama da novela e describe o percorrido da carreira literaria do autor, dende o proxecto “Contos estraños”, a publicación da triloxía fantástica “As crónicas de Bran”, até o seu oficio na actualidade.

- O. U. V., “Xosé Duncan. ‘A fantasía permite xogar con cores, con esencias, cun xeito de narrar moito máis poético”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 28 setembro 2019, p. 37.

Recolle unha entrevista a Xosé Duncan na que lle pregunta en que consiste *Mnemea* e sobre as complicacións que tivo que afrontar durante o proceso de escrita, Sobre o compoñente de fantasía presente na obra, sobre a acollida do libro e sobre a súa elección de escribir en galego.

Feijoo, Pedro, *Un lume azul*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 452, novembro 2019, 576 pp. (ISBN: 978-84-9121-615-5).

Novela de Pedro Feijoo (Vigo, 1975) dividida en tres “recintos”: “Contra o próximo”, “Contra nós mesmos” e “Contra Deus”, divididos á súa vez en breves capítulos e dous epílogos, “Os amantes do sétimo círculo” e “O mar e as flores”. Nos paratextos iniciais recóllense citas de Dante Alighiere. A narración aparece en primeira persoa e cambia a terceira para contidos de carácter máis descritivo, con cambios nos puntos de vista. Tamén ao longo do libro se alternan liñas temporais. A trama desenvólvese ao redor dun comisario, Mateo, que acompañado do seu equipo formado por *Batman*, Santos e Laguardia, terá que investigar unha serie de terribes e violentos asasinatos que teñen lugar na cidade de Vigo e nos seus arredores.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Pagarás polos teus pecados”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 20 decembro 2019, p. 10.

Indica que con esta novela Feijoo consegue achegarse a un amplo público e trasladar modelos narrativos de éxito comercial ao galego. Salienta a presenza da violencia na novela e de certas doses de humor e loa que consegue un popular resultado coa obra sen deixar de ser fiel a si mesmo.

Referencias varias:

- R. L., “Un lume azul”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 208, 1 decembro 2019, p. 4.

Presenta a novela explicando brevemente o argumento e salientando que é un libro frenético, con sorprendentes xiros e cun marcado ritmo.

- Mar Mato, "Pedro Feijoo 'Para escribir este libro, vin cousas que oxalá non vira'", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 decembro 2019, p. 42.

Recóllese unha entrevista a Pedro Feijoo na que responde a preguntas relacionadas co nacemento da novela, coas súas localización e sobre a crueldade presente na obra.

- Ramón Rozas, "Culturgal. Apuntes na crista do galo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", "Rue Saint-Antoine n.º 170", 2 decembro 2019, p. 8.

Breve crónica sobre a celebración do Culturgal, na que amenta a obra de Pedro Feijoo, *Un lume azul*.

- Ana Baena, "Pedro Feijoo 'Con esta novela non plantexo outro xeito de traballar, véxoo como un paso natural'", *Atlántico*, "Vigo", "Entrevista", 8 decembro 2019, p. 11.

Entrevista a Pedro Feijoo na que responde a preguntas relacionadas coa catalogación do libro na novela negra, sobre posíbeis cambios no seu estilo como escritor, sobre o elenco de personaxes e sobre a presenza de escenarios de Vigo.

- Cuca M. Gómez, "Cenitas y otros muchos eventos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", "Lectura", 10 decembro 2019, pp. 50-51.

Faise eco da presentación do libro na biblioteca pública e Bueu, nun acto que organizou a librería Miranda e no que o autor estivo acompañado do director de Xerais, Fran Alonso.

- Ana Abelenda, "Estos son los libros del año", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "Estos son los libros del año", 13 decembro 2019, pp. 1-2.

Artigo que recolle os libros favoritos dos libeiros galegos, entre os que se atopan *O último barco* e *Un lume azul*.

- Cuca M. Gómez, "Días intensos en la cuenta atrás navideña", *Diario de Pontevedra*, "ReviSta!", n.º 984, "Álbum", "La semana de", 14 decembro 2019, p. 13.

Apunta que, aproveitando a presentación do libro en Cronopios, se decidiu a mercalo.

- Jaureguizar, "Feijoo: 'Rexeito que se me meta nun suposto 'Negro Vigués'", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 decembro 2019, p. 50.

Faise eco da presentación do libro en Lectocosmos de Lugo. Indica que o autor rexeita a etiqueta autor do grupo "Negro Vigués", se ben admite que en *Un lume azul* hai unha investigación policial na que fixo o posíbel para que non destacase o comisario. Feijoo afirma que escribiu seis obras, "que son novelas de aventuras e históricas, non negras".

- Cuca M. Gómez, "Perros: amigos y grandes maestros", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Gente a diario", "De café con Cuca", "Lecturas", 13 decembro 2019, pp. 78-79.

Faise eco da presentación da última novela de Pedro Feijoo na librería Cronopios.

- Santiago Jaureguizar, “Pensa en que estás cantando ‘Mi carro’”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 210, 15 decembro 2019, p. 8.

Indica que Pedro Feijoo estivo de promoción da novela por todo Galicia e conta que o autor lle confesou que temía aburrir os asistentes ao repetir discurso en cada acto, comparando a situación a ir de xira coa canción *Mi carro* unha e outra vez.

- Mila Méndez, “Pedro Feijoo. ‘O bum da novela negra galega ten grandes autores’”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Entrevista”, 20 decembro 2019, pp. 1-2.

Entrevista con Pedro Feijoo na que adianta certos aspectos sobre a obra, indicando que é unha obra máis agresiva que as súas anteriores e na que fala sobre os crimes que acontecen.

- Marta Balo/Pilar Cheda “Seis historias de Nadal”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 985, “Reportaje”, 21 decembro 2019, pp. 2-3.

Artigo sobre o Nadal, no que amenta ao autor de *Un lume azul*, que confesa que ten unha relación de amor-odio, máis orientada cara ao odio, con esta festividade.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019.

- Núñez Sabarís, Xaquín, “2019: ‘Suspense’ en literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2019, p. 30.

Artigo sobre a presenza do *thriller* e o policial nas letras galegas, no que amenta as obras *Un lume azul*, de Pedro Feijoo, *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras; *Camiño de paixóns*, de Carlos Meixide; e *Carpe diem*, de Quico Cadaval.

- A. Baena, “De escritores a ídolos”, *Atlántico Diario*, “*Resumen del año. Extra*”, “Vigo”, “Los más leídos son vigueses”, 31 decembro 2019, p. 30.

Faise eco dos escritores vigueses con obras de calidade ambientadas na cidade. Estes son Domingo Villar, con *O último barco*; Leticia Costas, con *Infamia*; e Pedro Feijoo, con *Un lume azul*.

Fernández, Manrique, *Os anxos indecisos*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 397, setembro 2019, 132 pp. (ISBN: 978-84-9151-361-2).

Os anxos indecisos é un conxunto de relatos do xornalista e escritor Manrique Fernández. O libro ábrese cunha dedicatoria e unha cita de E. M. Cioran en *Desgarradura* e na lapela da contracuberta ofrécese unha breve biografía do autor. Son un total de sete relatos que compoñen este libro: “Sandalias de sal”, a historia de Rosa, unha nena africana que, xunto co seu amigo Mbaté, emprende o camiño prometido de Europa e chega a Vigo; “O

espello en que o mundo se mira”, no que Sonia, unha antiga modelo cuxa vida se atopa en declive logo dun desengano amoroso, se atopa con Raquel, a directora da axencia de modelos para a que traballaba; “Vento nas veas”, narra a decadencia dunha rapaza que lidia coa morte da súa nai, unha enfermidade e un aviso de desafiuzamento; “O ensaio”, que conta, dende diferentes puntos de vista, a historia de Daniela, Charli, Slide, Jero e Brais, os compoñentes dunha banda de música; “De raza”, onde a xornalista Esperanza Leal prepara dúas versións dunha mesma reportaxe, a dócil e a crítica; “A fragilidade do vidro”, con Ivona, que fica á espera do amante que a abandonou; e “Mensaxe nunha botella”, historia na que, nun dos seus paseos pola praia, Xurxo e a súa filla Noa atopan unha mensaxe dun trasno nunha botella. As diferentes voces narrativas que compoñen cada un dos relatos independentes compoñen un conxunto de personaxes que se atopan en situacións extremas, nos que a esperanza pode ser a áncora á que aferrarse.

Recensións:

- Estro Montaña, “Linguaxe realista. Esperanzas no furacán da vida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 738, “Libros”, 7 novembro 2019, p. VI.

Define a obra de Manrique Fernández coma un monllo de relatos que nos presentan personaxes que viven nos lindes do abismo, amosando unha clara crítica social e identifica unha linguaxe realista “con destellos líricos” e tamén empregando algúns rexistros coloquiais.

Referencias varias:

- R. L., “Os anxos indecisos”; *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 197, 15 setembro 2019, p. 6.

Dá conta dalgunhas características da obra como as personaxes principais. Tamén dá conta do cómputo de obras que o autor chegou a publicar.

- Fernando Franco, “De Ambel a Lareo pasando por Manrique”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 14 decembro 2019, p. 11.

Fernando Franco indica que vai mercar *Os anxos indecisos*, que, segundo lle din, é unha novela con personaxes situados nas fronteiras.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *Os anxos indecisos* de Manrique Fernández.

Fernández Santomé, Cecilia, *Quérote. Eu tampouco*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, abril 2019, 136 pp. (ISBN: 978-84-9121-505-9).

Novela ambientada en Londres escrita por Cecilia Fernández Santomé (Vilalba, 1984). Grace e Frank, ambos pertencentes a familias acomodadas, son os principais

protagonistas desta novela. Logo de ter varios vaivéns amorosos, Frank pídelle matrimonio a Grace e, para aforrar, para a voda, deciden alugar unha habitación na súa casa a María, con quen Frank comezará a flirtear. Deciden darse segundas oportunidades mais os vaivéns proseguen, até o punto de que Grace toma outros rumbos e Frank intenta suicidarse.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O amor para quen o traballa”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”; “1.280 almas”, 31 maio 2019, p. 10.

Salienta o manexo de encaixe na ambientación londiniense e a capacidade da autora para debullar as sensacións afrontadas dos protagonistas e apunta que hai que seguir a autora que, debutando con esta novela, presaxia un interesante futuro.

- Vicente Araguas, “Cosmopolita”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.116, 1 decembro 2019, p. 32.

Explica que é unha novela que narra os problemas dunha parella polos vaivéns do home e que chega a un desenlace que sería moi convencional se non fose pola presenza dunha inquilina española. Vicente Araguas salienta que estamos ante unha autora que se amosa viaxada e viaxeira que comeza a primeira parte do libro cunha ambición estilística que logo decae.

Referencias varias:

- Silvia Iglesias, “Nin de amor, nin de desamor”, *El Progreso*, “A Chaira”, 24 abril 2019, p. 16.

Informa da publicación da novela da escritora Cecilia Fernández Santomé, e comenta que comezou a escribir a novela despois de pasar nove anos no estranxeiro. Explica tamén o título da novela, inspirado na canción *Je t’aime, moi non plus*, de Serge Gainsbourg e Jane Birkin.

- Ana Abelenda, “La revolución librera de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 8 novembro 2019, pp. 1-2.

Nun artigo con motivo do Día Internacional das Librarías, fai alusión a *Quérote. Eu tampouco*, de Cecilia F. Santomé, ao abrir a autora unha librería no corazón de Lugo.

Fontenla, Ana, *Números vermellos*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n.º 381, xaneiro 2019, 128 pp. (ISBN: 978-84-9151-300-1).

Números vermellos é a primeira obra literaria da arousá Ana Fontenla (1992). Este volume recolle unha amálgama de escritos onde converxen a prosa e a poesía. En *Números vermellos* abórdase a realidade da precariedade económica da xeración *millennial* mediante vivencias, reflexións, afáns, cuestións e referencias presentados por unha narradora pouco cohibida. En torno deste tema principal, vaise desenvolvendo a trama de asuntos relacionados con esta inestabilidade económica que ten o seu reflexo no *modus*

vivendi desta xeración: dúbidas, emigración, inseguridades, necesidades... mais tamén reivindicación, liberdade e feminismo. A narradora capta a realidade das inquedanzas *millenials* mediante tópicos e referencias representativas e identificábeis presentadas na súa reflexión crítica da vida moderna. En consecuencia, o lector atoparase unha miscelánea de referencias a Mr Wonderful, Aliexpress, Operación Triunfo, Nutella e o Dinoseto.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Sexo, alcohol e rock and roll?”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1077, 3 marzo 2019, p. 32.

Analiza *Números vermellos* e destaca algúns aspectos da novela, á que encadra dentro do xénero “dirty realism”. Sinala a súa “linguaxe corporal” que emprega no libro e a mestura de poemas con crónicas e relatos.

- Montse Pena Presas, “Fragmentar para entender. Con voz irreverente”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 710, “Libros”, 25 abril 2019, p. VI.

Comenta que se trata dunha peza narrativa fragmentaria caracterizada pola súa heteroxeneidade xenérica e pola súa temática de reflexión sobre a sociedade actual, que se caracteriza polo mutabilidade e a liquidez das relacións humanas, forxadas, agora, a través da tecnoloxía. Destaca o carácter performativo destes textos e o seu potencial espectacular ao mesmo tempo que sinala o pouco eficaces que son sobre o papel. Finalmente fala dunha fragmentariedade repetitiva e dun certo carácter *naïf*.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “De Lemaitre á Rosalía feminista”, *La Voz de Galicia*, “Libros”, “Galego”, 15 xaneiro 2019, p. 4.

Nun artigo coas novidades literarias en galego de 2019, amenta *Tres días e unha vida*, de Pierre Lemaitre; *Números vermellos*, de Ana Fontenla; *O último barco*, de Domingo Villar; *Carta a unha profesora*, de Escola de Barbiana; *Pioneiras 2*, de Anaí Rodríguez; e *Rosalía feminista*, de Helena González.

- R. L., “Números vermellos”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 170, 10 febreiro 2019, p. 6.

Presenta o debut literario de Ana Fontenla, explicando que a narradora se converte nunha protagonista que se retrata nunha sociedade fragmentada e desesperanzada para a xente máis nova.

- Ana Abelenda, “El futuro lo escriben ellas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 8 marzo 2019, pp. 1-2.

Recomenda unha serie de obras escritas por mulleres para a reivindicación do Día Internacional da Muller Traballadora. Fai alusión ás seguintes obras escritas en lingua galega: *Rosalía feminista* (Xerais, 2019), de Helena González; *Pioneiras 1* e *Pioneiras 2*

(Xerais, 2018, 2019), de Anaír Rodríguez; *Números vermellos* (Galaxia, 2019), de Ana Fontenla; *Senlleiras* (Galaxia, 2018), de Antía Yáñez; *Mamá quero ser Ziggy Stardust* (Xerais, 2018), de Iria Misa; e *Os bicos feridos* (Galaxia, 2018), de Anna R. Figueiredo.

- Montse García, “Ana Fontenla”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 15 marzo 2019, p. L9.

Achega información sobre a presentación do libro en Santiago de Compostela na Fundación Didac, por outra parte, a autora, Ana Fontela, presentará acompañada de Carla Souto.

Fontoira Surís, Rafael, *Historias de vellos*, Vigo: Galaxia, col. Seminario de Estudos Locais de Sanxenxo, 2019, 99 pp. (ISBN: 978-84-949817-2-2).

Rafael Fontoira Surís (Pontevedra, 1947) crea nesta colección de relatos unha unión de historias sobre a Pontevedra do autor durante a súa infancia. Abre cun relato sobre San Roque, e o cariño que a terra galega lle ten a este santo, e segue con historias sobre a familia, o campo, e outros aspectos que envolven esta colección nunha tenra ollada ás peculiares historias que seguramente os nosos maiores nos contasen. Os relatos son San Roque, Os Domingos, Angelita, Os Veraneos, Un Picaud Moderno, Bieito das Silvas, Outro de Pilar, Conto para Irene, As meigas lavandeiras, O touro branco do Suído. Todos os relatos son curtos, áxiles.

Referencias varias:

- Belén López, “Rafael Fontoira ‘Escribín estas historias para que non se perdesa a memoria dun tempo’”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 6 setembro 2019, p. 7.

Recolle unha entrevista a Rafael Fontoira co gallo da publicación da obra *Historias de vellos* na que lle pregunta, entre outras cousas, que foi o que recolleu neste libro; se vai haber unha segunda parte desta historias; ou se se considera un home nostáxico.

García Campos, Iván, *O viaxeiro perfecto*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 406, novembro 2019, 204 pp. (ISBN: 978-84-9151-423-7).

O viaxeiro perfecto é unha novela de viaxes de Iván García Campos. Abre a obra unha dedicatoria, “Para Ana e Diana. Para Brais e Olivia. Aínda que vulnerables, invulnerables” seguida dunha cita de Confucio, “quen volvendo a facer o camiño vello aprende o novo, pode considerarse un mestre”. A novela está segmentada en cinco partes, as tres primeiras transcorren entre outubro e novembro do ano 2015; a cuarta, en maio de 2016 e a quinta e última desenvólvese en xuño do 2019. A trama desta novela desenvólvese con Mario, un condutor de ambulancias que coñece a Raimundo, un ancián co que axiña fai boas migas, e, xuntos, emprenden unha viaxe nun Mini Cooper laranxa. Percorren xuntos o norte de España até chegar a París, compartindo entrañábeis anécdotas, vivencias e reflexións: disfraces de Elvis, conversas sobre os *swamis*, sogros xamán... Na cidade francesa, visitarán a vellas coñecidas de Raimundo e iranse desvelando curiosos acontecementos. O final da novela desenvólvese nunha viaxe a

Brasil, onde Mario, que desta vez viaxa acompañado da súa parella Irma, coñecerá un condutor chamado Arthur Virgílio.

Referencias varias:

- R. L., “O viaxeiro perfecto”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 209, 8 decembro 2019, p. 6.

Presenta a novela de Iván García Campos describindo de xeito breve o argumento e salientando a súa prosa ateigada de revelacións e humor desta obra que define como unha “insólita novela de viaxes”.

Giráldez, Diego, *Hotel para coleccionistas discretos*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n.º 386, marzo 2019, 114 pp. (ISBN: 978-84-9151-312-4).

Hotel para coleccionistas discretos é unha novela do xornalista e escritor porriñés Diego Giráldez. O libro encomeza cunha dedicatoria, “a Xulia”, e cunha cita de *O vixía no centeo* de J. D. Salinger. A trama desta novela coral desenvólvese con Lara Escariz, que traballa no Continente, o hotel máis discreto de Capital Sur. Tras a morte da súa nai, Amalia, Lara cumpre a súa vontade de reunir ós coleccionistas de antollos da patria no hotel. Este grupo de extravagantes coleccionistas do que formaba parte a falecida Amalia está composto por Eduardo Lapique, o presidente da patria; Martín Lombao, xornalista; Carlos Mora, multimillonario e traficante de órganos; Manuel Arce, empresario e Andrés Caibo, o discípulo de Amalia. Unha vez reunidos, Andrés Caibo é o encargado de transmitirles o mandato da falecida Amalia, que é comezar unha nova colección, mais desta vez coleccionarán algo inmaterial: emocións. Andrés asígnalle a melancolía a Eduardo; a plenitude, a Manuel; a confusión, a Carlos e a euforia a Martín. Esta encomenda é a desencadeante dunha serie de actos dos que a propia Lara será testemuña.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Divertido e arrepiante relato. Cunha ampla variedade de recursos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 719 “Libros”, 27 xuño 2019, p. VI.

Comeza destacando a variedade de recursos estilísticos, figuras retóricas e outros elementos narrativos empregados por Diego Giráldez na súa novela *Hotel para coleccionistas discretos* e apunta que esta é unha novela un tanto grotesca protagonizada por personaxes poderosos, que teñen a capacidade de gobernar sobre a vida dos demais. Informa ademais de que esta novela se divide en tres partes ben diferenciadas e que comeza co asasinato da personaxe Amalia Valverde para continuar co desenvolvemento dun xogo de poder ben perigoso.

- Ramón Nicolás, “O xogo das diferenzas”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Crítica*”; “*A outra mirada*”, “*Ex umbra in solem*”, 23 agosto 2019, p. 10.

Comeza aludindo ao debut narrativo de Diego Giráldez, *Galería de saldos*, e continúa para centrarse na súa primeira novela, *Hotel para coleccionistas discretos*, da que ofrece un breve resumo do argumento principal e unha análise dos recursos estilísticos e retóricos.

- Rexina Vega, “A psicopatía do coleccionista”, *Tempos Novos*, n.º 266, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, xullo 2019, p. 83.

Rexina Vega fai unha recensión da obra *Hotel para coleccionistas discretos*, de Diego Giráldez, que conta a historia dun encontro entre coleccionistas de cousas diferentes e variadas, que ten lugar nun cuarto de hotel, que, segundo Vega, ben podería entenderse coma unha metáfora, “un xogo formal e unha obra política que busca profundar no *horror vacui* do capitalismo”, xa que os personaxes que deambulan pola obra son homes poderosos, carentes de empatía e rozando a psicopatía. Asemade, Vega asegura que o estilo da obra, no que predomina unha escrita chea de humor corrosivo, xoga un papel fundamental e vai acorde coa trama e a finalidade desta maxistral obra con toques distópicos.

Referencias varias:

- L. C., “El porriñés Diego Giráldez presenta su primera novela”, *Faro de Vigo*, “Luriñá”, “Área metropolitana”, 22 marzo 2019. p. 16.

Informa da presentación da primeira novela de Diego Giráldez no Círculo Recreativo Cultura de Porriño, ao que tamén asistiron a escritora Inma López Silva, o director de Galaxia Francisco Castro, e a presidenta do Círculo María José Giráldez. Para rematar, acompañou o acto a pianista Alejo Amoedo.

- A. Baena, “Escribir doe, se se ten vontade de estilo, é un proceso creativo complexo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 25 abril 2019, p. 11.

Dá conta da presentación da novela na Casa do Libro de Vigo. Comenta o proceso de escritura detrás da novela e como xurdiu o argumento.

- Ágatha de Santos, “Diego Giráldez. ‘No sé si el poder corrompe, pero saca la parte más exagerada de cada uno’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 abril 2019, p. 38.

Informa da presentación da novela na Casa do Libro de Vigo e reflexiona sobre algúns dos temas da novela así como do argumento.

- Ana Abelenda, “Diego Giráldez. ‘Non son capaz de poñer os pés na colcha de certos hoteis’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “Ex umbra in solem”, 14 xuño 2019, p. 10.

Entrevista co autor no que responde a preguntas relacionadas coas emocións presentes na obra, sobre o proceso de escrita e sobre o seu estilo narrativo.

- Lucía Costas, “La primera novela de Diego Giráldez logra en cuatro meses la segunda edición”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana”, “Louriña”, “O Porriño. Mos”, 17 xullo 2019, p. 13.

Informa da impresión da segunda edición da novela do autor, no que agradece a grande acollida que estaba tendo a obra entre o público xeral e a crítica especializada.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *Hotel para coleccionistas discretos* de Diego Giráldez.

González Chamadoira Pérez, María Dolores, *O asubío do tempo*, ilust. Marcos Moral, Silleda: Edicións Fervenza, xaneiro 2019, 112 pp. (ISBN: 978-84-17094-57-7).

O asubío do tempo é un conxunto de relatos de Chamadoira do Casal, María Dolores González Chamadoira Pérez. Abre o libro unha dedicatoria ós seus pais e irmáns, unha cita de Isaac Newton e un limiar da man de Baldomero Iglesias Dobarrio. Nas lapelas da portada e da contraportada ofrécense datos da autora e de Marcos Moral Campos, ilustrador do libro. O conxunto de relatos de Chamadoira do Casal ofrecen un percorrido pola súa infancia en Cangas do Morrazo, nun estilo narrativo que case se achega á prosa poética e no que se recoñecen formas da fala local. Os relatos distribúense ao longo de nove seccións: “O asubío do tempo”; “Escolas”, onde recolle vivencias na escola no faiado de Bernardina, a escola nacional de “Dona Manola” e a escola de Teresa Lorenzo; “Outros aconteceres”, na que narra acontecementos como a chegada dos primeiros titiriteiros na primavera; “Os mariñeiros”; “Seráns dos domingos do curso escolar”, onde revive experiencias como ir ao cine ou ir á Retirosa; “A Congorosa”, con vivencias na época de sementar o millo e a colleita; “Remate dun tempo e comezo doutro”, “Antón Montes Graña”, sección que toma o título do nome do seu avó; e “Lembrando sempre. Verán de 1936”.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “De prosa, Loliña Chamadoira”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 27 febreiro 2019, p. 9.

Dá conta da presentación do libro na Casa das Artes e Oficios. Destaca algunhas historias en concreto, e informa de que é o cuarto libro da autora, mais o primeiro no eido da prosa.

- Fernando Franco, “El pregón de Loliña en Cangas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 23 agosto 2019, p. 9.

Anuncia que a poeta Dolores González, máis coñecida como Loliña Chamadoira, é a encargada de dar o pregón das festas do Cristo do Consolo de Cangas. Con este motivo o autor do artigo repasa a produción desta escritora e amenta os títulos *O fume do loureiro* (2005); *O vento do Noroés* (2005); *Un globo de novelos* (Fervenza, 2016); e *O asubío do tempo* (Fervenza, 2019).

Hermo, Gonzalo, *Diario dun enterro*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 405, novembro 2019, 128 pp. (ISBN: 978-84-9151-418-3).

Diario dun enterro é a primeira obra de Gonzalo Hermo (Taragoña, Rianxo, 1987), gañadora do Premio Narrativa Breve Repsol 2019. A novela preséntase a modo de diario

onde o protagonista, Xacobe, narra a súa efémera volta a Galicia pola morte do seu avó. Xacobe é un xove galego que reside coa súa parella nun piso en Sant Antoni, Barcelona, onde traballa para unha editora. Logo de recibir a nova do falecemento do avó, colle un avión para chegar a Eiradona, onde se volverá atopar coa súa familia. Rememora unha vella amizade, a quen agarda ver no funeral. Neses derradeiros días do mes de setembro, Xacobe recolle neste diario todas as emocións e lembranzas que vai experimentando durante os días deste costumista rito, tendo sempre en mente a consciencia da brevidade da súa estancia na vila que o viu medrar e que axiña debe volver a Barcelona retomar a súa vida logo deste reencontro.

Referencias varias:

- Luis Montero, “Hermo recibe o XIII ‘Narrativa Breve Repsol’ en galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 novembro 2019, p. 38.

Informa do galardón concedido a Gonzalo Hermo por *Diario dun enterro*. No acto de entrega, no que participaron Román Rodríguez, Arantzazu Hernánz, Francisco Castro e o propio Gonzalo Hermo, sinalouse sobre o galardoadado que “se está a consolidar como referente das letras galegas deste século XXI”.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *Diario dun enterro* de Gonzalo Hermo.

Janeiro, Patricia A., *Rueiro da cidade escura*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, decembro 2019, 261 pp. (ISBN: 978-84-121415-0-4).

Novela asinada por Patricia A. Janeiro (Santiago de Compostela, 1978) que debuxa un escenario apocalíptico no que, durante a madrugada dun día calquera de 2014, Santiago de Compostela queda sen luz. Ante tal situación, os personaxes deberán tratar de adaptarse, aínda que se orixinarán diversos incidentes entre eles que se van describindo ao longo das páxinas que integran a obra. A nivel formal, a novela componse de catorce capítulos e un epílogo final que, como se explica nas páxinas iniciais, están nomeados coas cancións que escoitou a autora mentres a escribía. Tamén se achega o enlace á lista de reprodución na que se poden escoitar todas elas.

Leira Castro, Rocío, *Veleno en familia*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa, outubro 2019, 160 pp. (ISBN: 978-84-9995-327-4).

Veleno en familia é unha novela de Rocío Leira Castro (Cee, 1979) que foi finalista no I Premio de Novela Vilar Ponte que se organiza no concello de Viveiro. A acción da novela comeza co envelenamento (de aí o título) de Dosinda. A narración deste texto é en primeira persoa a través das personaxes de Dosinda, Carme e Rosa Mari, todas membros da mesma familia, sendo Carme a filla de Dosinda e Rosa Mari a curmá de Carme (quen tamén a criou). A acción ten lugar nunha aldea rural da Galiza nun ambiente un tanto

opresor para os seus habitantes. As personaxes son arquetipos levados ao extremo. Dosinda é unha muller que está acostumada a exercer poder sobre a súa filla Carne que leva toda a súa vida padecendo abuso psicolóxico por parte da nai. Rosa Mari encarna nesta novela a personaxe de muller liberada que quere fuxir do ambiente no que vive pois non encaixa nel. O tema principal da novela é a toxicidade das relacións familiares e matrimoniais.

Recensións:

- Mario Regueira, “O crime perfecto”, *Sermos Galiza*, n.º 369, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 24 outubro 2019, p. 6.

Salienta como elemento máis destacábel da novela o artellamento da narración que realiza a autora, baseándose nos monólogos interiores de tres mulleres, tres voces moi ben caracterizadas que aportan as súas peculiaridades ao argumento. Non obstante, apunta que a fraseoloxía empregada “acaba por caer ocasionalmente na inverosimilitude”, ademais da presenza de grallas e castelanismos, que, se ben requirirían dun maior coidado editorial, non impiden gozar da lectura desta novela.

- Ramón Nicolás, “Noir’ doméstico e rural”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 20 decembro 2019, p. 10.

Repasa a traxectoria literaria de Rocío Leira para presentar *Veleno en familia*, finalista no I Premio de Novela Villar Ponte. Indica que a obra pousa o seu argumento nunha historia de amplo espectro configurada por varios personaxes que conviven á forza nun contexto desfavorábel. Salienta a solidez da voz dos personaxes e a temática abordada.

Lorenzo Tomé, José, *Bergan*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa, n.º 36, abril 2019, 225 pp. (ISBN: 978-84-9995-312-0).

José Lorenzo Tomé (Guitiriz, 1954) é o autor de *Bergan*. Nesta obra, o protagonista, Bergan, fillo do Señor de Penabranca, de dezaseis anos de idade, ten como afección pasar o tempo con persoas que o seu pai considera pouco apropiadas: os dónigos. Estes son os antigos habitantes dunha cidade-xardín chamada Dóniga que existía na Chaira onde se sitúa tamén Penabranca. A Chaira está sometida ao poder de Ténebro, quen destruíu a cidade de Dóniga. Un día falando cos dónigos Bergan atópase co Vello de Recimal, un dónigo maior que lle fala desa cidade descoñecida para el. É aí cando Bergan inicia unha viaxe tanto xeográfica coma histórica cara á verdade desa cidade, falando cos dónigos que aínda se atopan en Penabranca e visitando lugares máis aló da vila. Nesta viaxe descobre as memorias de tres sabios (Berto, Desiderio e Nadine) e un mariñeiro (Anzón) que narran o pasado de Dóniga. Descubre entón as figuras da Serpe e o Cabaleiro. O primeiro, un ser que vivía na Cova e que abastecía con materiais e protección aos dónigos. O segundo, un ser que lles axudaría aos habitantes de Dóniga a combater o que nas memorias se lle chama a Sombra, ou Ténebro coa Pedra Vermella.

Recensións:

- Mario Regueira, “A viaxe épica”, *Sermos Galiza*, n.º 348, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 30 maio 2019, p. 6.

Afirma que é unha obra que presenta un mundo de creación complexa, que se rexe polas súas propias regras e onde as forzas míticas desempeñan un importante labor. Salienta que o universo creado polo autor goza de gran riqueza e orixinalidade, mais considera que o ritmo se esvaece ao longo das páxinas.

López, Nazaret, *Formigas nos pés*, Vigo: Edicións Xerais, novembro 2019, 312 pp. (ISBN: 978-84-9121-593-6). ♦

Formigas nos pés é unha novela de Nazaret López (Lugo, 1959) na que se tratan os temas do amor, desamor e a superación deste. Para facelo a autora bota man dun grupo de amigas (anónimas na súa maioría e que se identifican pola súa profesión ou relación coa protagonista), máis a protagonista da novela é unha muller maior de cincuenta anos que acaba de pasar por unha ruptura amorosa e que botando man da pintura e dese grupo de amigas supera o seu desamor. A novela está estruturada en capítulos curtos, ás veces dunha simple páxina. A medida que avanza o libro eses capítulos comezan a ser máis longos e a gañar narratividade. A linguaxe empregada pola autora é concisa, chea de frases feitas, adxectivos cualificativos e refráns. Isto fai que a lectura sexa directa, rápida e dinámica. Finalmente debemos destacar que certos capítulos do libro se acompañan dunha canción que nos tenta amosar o vivido pola protagonista nese momento.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Para bailar a vida”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.119, 22 decembro 2019, p. 30.

Recensiona a obra de Nazaret López, explicando brevemente o argumento e explicando que é unha crónica da vitoria da vida ante o desamor. Salienta que a autora escribe dende a morte e a propia resurrección.

López, Xavier, *900*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n.º 398, agosto 2019, 904 pp. (ISBN: 978-84915-13-89-6). ♦

Libro de Xabier López (Bergondo 1974), gañador do premio Torrente Ballester de Narrativa en Lingua Galega 2018. O libro contén 904 páxinas nas que se mesturan diversos tipos de discurso: dende as listaxes, ao cotiá, pasando pola poesía e os escritos varios. Esta característica levou ao xurado do certame a catalogalo como unha *novela río*. A novela xira en torno a tres protagonistas: Pedro Xavier, fidalgo da Casa Grande da Portuguesa; Francisco Carballo, un fillo dun navieiro industrial; e Xulio Xerome Xustino Callón, un fillo dun avogado, que comparten ter nacido no ano 1900. O marco espazo-temporal desenvólvese a comezos do século XX en escenarios como Compostela, Madrid ou Flandes. Neste contexto, tal e como se recolle na contracapa do libro, o autor crea non só unha novela histórica senón tamén unha novela bélica, unha novela bizantina, unha novela de iniciación, unha estudantina, un *Künstlerroman*, mesmo unha novela erótica, unha policial e o que parece unha novela de fantasmas. A nivel formal destacan o uso do humor e da ironía e un modo de narración moi complexo a través oracións subordinadas longas.

Referencias varias:

- R. L. “900”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 197, 15 setembro 2019, p. 6.

Dá conta da publicación da obra de Xavier López, *900*, gañadora do Premio Torrente Ballester da pasada edición. Destácanse algúns dos principais aspectos da súa obra como a temática e o argumento da novela. Para rematar, destaca algúns dos principais fitos do autor no ámbito literario.

- Elena Méndez, “Diez libros que leerás en otoño”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “libros”, 20 setembro 2019, p. 3.

Nunha listaxe de libros para ler en outono, fai alusión a *900*, definíndoa como unha novela “sagaz” e “cervantina”, que percorre a historia galega e europea dende o século XIX.

Losada, Ricardo, *A casa xunto ao volcán*, Premio Viadutos de Novela 2019, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 404, novembro 2019, 204 pp. (ISBN : 978-84-9151-416-9).

Obra narrativa de Xosé Ricardo Losada (Rianxo, 1961) que coloca o foco na historia dunha moza de dezasete anos, Xeila, que deberá facer fronte ás adversidades da vida (separación dos pais, dúbidas existenciais, medos, inseguridades...) e que conseguirá superar grazas á Filosofía, nomeadamente, ao pensamento de Nietzsche. A novela pon de relevo valores como a do pensamento crítico e a importancia do ensino. O escritor barbanqués gañou con esta obra o II Premio Viadutos de Novela.

Recensións:

- X. L. Franco Grande, “Unha novela moi auténtica e humana”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Crítica”, “A outra mirada”, “A firma invitada”, 6 decembro 2019, p. 10.

Recensiona esta obra, galardoada co Premio Viadutos de novela 2019. Salienta a “narración ben construída, moi ordenadamente desenvolvida, cunha prosa concisa e moi ben detallada”. Explica que na novela hai diversos narradores e que, en ocasións, a mesma situación aparece narrada por máis dun personaxe, o que permite diferenciar varios puntos de vista. Polo demais, apunta, é unha novela moi lineal, na que “hai unha exposición maxistralmente feita” da evolución da personaxe central, dende unha primeira loita consigo mesma até a loita cos demais.

Referencias varias:

- M. T., “Ricardo Losada presenta ‘A casa xunto ao volcán’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela. Barbanza”, 26 novembro 2019, p. 32.

Informa da presentación o 29 de novembro no auditorio de Rianxo da obra *A casa xunto ao volcán*, de Xosé Ricardo Losada. No acto intervirán o autor, Adolfo Muíños, Malores Villanueva e Antón Riveiro Coello.

- Selina Otero, “Ricardo Losada. ‘Ten que emerxer no alumnado unha mirada propia’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Educación*”, n.º 403, “Lecturas emocionantes”, 17 decembro 2019, p. 7.

Entrevista con Xosé Ricardo Losada, autor de *A casa xunto ao volcán*, logo de gañar o Premio Viadutos de Novela.

Luaces, Beto, *Vicus. Un lugar aquelado*, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, 376 pp. (ISBN: 978-84-17702-63-2).

Novela negra de Beto Luaces (Montevideo, 1969) ambientada na cidade de Vigo. Coloca o foco no mundo da conserva. A historia conta con todos os ingredientes propios deste tipo de novela (asasinatos, pescudas, detectives...) enlazados por una escrita áxil. O autor consegue captar a atención do lectorado a través dunha boa dose de intriga e sorpresa.

Recensións:

- Lourdes Varela, “Beto Luaces’ A idiosincrasia de Vigo é moi propicia para a novela negra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Entrevista”, 23 maio 2019, p. V.

Recolle unha entrevista a Beto Luaces a propósito da publicación da súa última novela, *Vicus. Un lugar común*. Preguntáselle sobre a recepción dos dous volumes da súa saga; sobre as personaxes da novela, principalmente polo detective Manuel Peixoto; sobre os autores de novela negra que máis lle inspiran; sobre os porqués de ser o xénero negro tan atractivo para o público; sobre se se pode falar da existencia da “novela negra viguesa”; e sobre se está a preparar xa a terceira entrega desta peculiar saga.

- Ramón Nicolás, “Máis ‘noir’ viguesa”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Crítica”, “Ex umbra in solem”, 27 decembro 2019, p. 10.

Recensión da novela *Vicus. Un lugar aquelado*, segunda entrega da saga inaugurada por Beto Luaces, na que se recolle un breve resumo do argumento principal do libro e, sobre todo, unha descrición do personaxe protagonista, o detective Manuel Peixoto.

Referencias varias:

- Manuel Bragado, “Novela negra viguesa”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 13 agosto 2019, pp. 20.

Reflexiona sobre o fenómeno da novela negra e de como Vigo se converteu, ben por ambientación das tramas, ben por orixe dos autores, no berce deste subxénero narrativo dentro da literatura galega. Desta forma alude a algúns dos títulos máis significativos do *noir* galego e vigués, nomeadamente *Os fillos do lume* (Xerais, 2017) de Pedro Feijoo, *O último barco* (Galaxia, 2019) de Domingo Villar, *Infamia* (Xerais, 2019) de Leticia Costas, *O meu nome é Ninguén* (Xerais, 2018) de Manuel Esteban ou *Vicus. Un lugar aquelado* (Bolanda, 2019) de Beto Luaces.

Martínez Alonso, Rubén, *Vila Suárez*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, xullo 2019, 334 pp. (ISBN: 978-84948-96-67-5).

Novela de ficción de Rubén Martínez Alonso (Vigo, 1980) que ten como coordenadas espazo-temporais a Galicia franquista. O escritor a través da novela fai unha profunda crítica á sociedade da época, nomeadamente, á aristocracia, unha elite caracterizada polo egoísmo, a hipocrisía, a envexa, as falsas aparencias etc. Martínez Alonso escolle un protagonista masculino, Vítor, para ser o encargado de amosar ao lectorado a realidade da época, provocando a reflexión dende unha ollada crítica.

Recensións:

- Pilar Ponte, “O deleite da descrición. Riqueza, poder, sexo e violencia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 722, “Libros”, 18 xullo 2019, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, “Novidades en galego”, 27 xullo 2019, contracuberta.

Informa da publicación da cuarta entrega narrativa de Rubén Martínez Alonso baixo o selo editorial Toxosoutos e co título de *Vila Suárez*. Di que esta é unha novela que encerra unha historia de riqueza, poder, sexualidade e violencia no Madrid das primeiras décadas do franquismo. A continuación relaciona o protagonista deste libro, o personaxe Vítor Suárez, co mítico personaxe Jay Gatsby da novela *O gran Gatsby*. Finalmente apunta que se trata dunha obra dedicada ao deleite da descrición, ofrecendo todo tipo de detalles a través da figura do narrador.

Meixide, Carlos, *Camiño de paixóns*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 391, xuño 2019, 144pp. (ISBN: 978-84-9151-345-2).

Obra narrativa de Carlos Meixide (Vilagarcía de Arousa, 1977) a cal define como *pulp* e que emprega o motivo temático do Camiño de Santiago como pretexto para explorar a natureza humana a través de dúas personaxes femininas que, levadas polo azar e pola paixón, farán o Camiño xuntas. O autor arousán para incrementar a intriga e o misterio da trama xoga cos elementos do erotismo e das múltiples formas que pode chegar a adquirir o amor. A novela foi galardoada co I Premio de Novela Camiño de Santiago, organizado e convocado pola Academia Xacobeana.

Recensións:

- Santiago Jaureguizar, “Que necesidade hai de Def con Dos?”, *Diario de Pontevedra El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 193, 21 xullo 2019, p. 8.

Pequena reflexión na que o autor fala do último libro de Carlos Meixide, *Camiño de paixóns*, na que o autor do propio libro describe o seu argumento, e engade o interese que tiña en escribir unha historia co Camiño de Santiago como escenario, e cualifica a obra de “novela pulp”.

- Mario Regueira, “Compostela Cara B”, *Sermos Galiza*, n.º 356, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 24 xullo 2019, p. 6.

Ofrece unha recensión na que menciona que é a primeira gañadora do Premio de Novela Camiño de Santiago por parte da Academia Xacobeá. Destaca que o autor bota unha “ollada eternamente irónica da galeguidade sobre [a literatura estranxeira que trata o tema xacobeo]”. Describe o argumento da novela e cualifícaa de áxil. Remata dicindo como esta obra mestura as dúas caras que rodean a cidade e o Camiño de Santiago: a turística e propagandística, e a mirada daqueles que teñen que aturar a primeira.

- Diego Ameixeiras, “As amantes xacobeas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “1.280 almas”, 20 setembro 2019, p. 10.

Diego Ameixeiras describe o argumento da novela, que, “transita entre o humor lixeiro, o comentario de actualidade e un realismo naif”. Sobre a narrativa do autor, indica que “escribe con transparencia, ten ollo naturalista para a estampa compostelá e consegue arrincar uns cantos sorrisos”.

- Francisco Martínez Bouzas, “Escritura lineal. Cun argumento barateiro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 736, “Libros”, 12 decembro 2019, p. VI.

Recensiona a novela de Carlos Meixide, que serve para coñecer a natureza humana. Sobre a súa escrita, defínea como lineal, con abundante contido erótico e personaxes actuais. Afirma que o argumento tira da lectura, pero cualifícao como “barateiro”.

Referencias varias:

- Xaquín Núñez Sabarís, “2019: ‘Suspense’ en literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2019, p. 30.

Artigo sobre a presenza do *thriller* e o policial nas letras galegas, no que amenta as obras *Un lume azul*, de Pedro Feijoo, *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras; *Cmiño de paixóns*, de Carlos Meixide; e *Carpe diem*, de Quico Cadaval.

Montaña, Estro, *Un conto siciliano e outras historias*, Vigo: Xerais, col. Narrativa, febreiro 2019, 160 pp. (ISBN: 978-84-9121-479-3).

Obra narrativa de Estro Montaña (Betanzos, 1956), ambientada nas Rías Baixas, que a través de catorce relatos cheos de intriga, paixón e vinganza, presenta un conxunto de protagonistas, personaxes masculinos e femininos, que viven facendo uso do exercicio despótico do poder ou sometidos a el: unha testemuña protexida, un narcotraficante da Arousa, un garda civil da fronteira portuguesa que se ve inmerso nun suceso, unha muller obrigada a gravar filmes de contido para adultos etc. O poder e a violencia ou a dominación das persoas caracterizan a realidade que teñen que vivir os distintos personaxes.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Unha aposta arriscada. Evocación, sutileza literatura”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Libros”, 7 marzo 2019, p. VI.

Explica que se trata dun conxunto que catorce relatos breves que non deixarán indiferente o lectorado; os elementos comúns a todos eles son o poder e a vitoria do mal e a miseria humana. Salienta a calidade do libro, afirmando que se trata dunha aposta arriscada, cunha narración fermosa, evocadora e sutil. Destaca o primeiro dos relatos, definíndoo como unha obra mestra.

- Ramón Nicolás, “Desde Sicilia a Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 15 marzo 2019, p. 10.

Recolle unha recensión da obra *Un conto siciliano e outras historias* de Estro Montaña, un conxunto de relatos cos que o autor volve á narrativa despois de máis de dúas décadas dedicándose á crítica e ao ensaio. Di que se trata dunha serie de historias ateigadas de tensión narrativa con sospeitas, persecucións, asasinatos e situacións límite con difícil saída.

- Vicente Araguas, “O libro dun autor de culto”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1089, 26 maio 2019, p. 30.

Salienta desta obra o seu carácter curioso e misceláneo. Sobre a escrita do autor, defínea como “directa, eficaz, dotada dunha economía expresiva que facilita moito as cousas”. Considera a Estro Montaña un autor de culto, que novamente volve demostrar o seu bo facer neste novo volume.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Estro Montaña: ‘Atráenme os personaxes que resultan imprevisibles’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Entrevista”, 14 marzo 2019, p. V.

Entrevista a Estro Montaña sobre a súa última novela na que responde a preguntas relacionadas co xénero no que cataloga o libro, coa ambientación, co proceso de escritura, sobre os personaxes da obra e sobre se o seu labor como crítico literario lle inflúe á hora de escribir.

- Lourdes Varela, “Estro Montaña. ‘Atráenme os personaxes que resultan imprevisibles’”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 1.112, “Entrevista”, 23 marzo 2019, p. 7.

Entrevista co autor do libro sobre a obra e cuestións diversas.

- R. L., “Un conto siciliano”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 176, 24 marzo 2019, p. 6.

Presenta a obra repasando a traxectoria literaria do autor e explica brevemente o argumento, salientando que o poder e a violencia son elementos comúns aos catorce relatos.

Nogueira, Pablo, *B. S. O. Banda Sonora Orixinal*, IV Premio Certame de Relatos Balbino, Silleda: Edicións Fervenza, outubro 2019, 104 pp. (ISBN: 978-84-17094-81-2).

Novela de novelas de Pablo Nogueira Campo (O Carballiño, 1987), que conta con limiar da man de Alejandro Nogueira Campo, hibridada e mestizada. Conta con referencias do *film noir*, da novela cinematográfica e musical e da novela do Oeste. A estrutura é continuada e progresiva, composta por vinte e oito breves capítulos: “Nalgún lugar do afastado Oeste”, “Un disparo certo”, “A orquestra”, “Principio de incerteza”, “Ela”, “África”, “Piano bar”, “Strawberry fields forever”, “Banda sonora”, “Fotogramas de antonte”, “Acción”, “Max”, “A escena do crime”, “Casares”, “Eterno secundario”, “Film Noir”, “Contratempo”, “Cara ou cruz”, “Interludio”, “Desafinado”, “Réquiem”, “Nocturno”, “Crebacabezas”, “Shériff”, “Balada”, “Pedras douradas ó outro lado do río”, “A maldición dos negros corazóns” e “Fuga e contrapunto”.

Referencias varias:

- Pablo Nogueira, “Días para dedicar tempo á familia e ás amizades”, La Región, “*Nadal 2019*”, “La Navidad de...”, 24 decembro 2019, p. 79.

Nun artigo sobre as súas publicacións literarias no 2019, Pablo Nogueira fai alusión á súa novela curta *Banda Sonora Orxinal (B. S. O)*, gañadora do IV certame de relatos Balbino.

Paz, Xabier, *Galileo no espello da noite*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xuño 2019, 328 pp. (ISBN: 978-84-9121-548-6).

Obra narrativa de Xabier Paz (A Coruña, 1949) que se centra na figura dun dos astrónomos máis célebres da humanidade, Galileo. O autor consegue mergullar o lectorado na súa propia memoria, a través da que desfilan o cativo acosado pola nai, o estudante irreverente, o home testalán, o pai de familia e o filósofo e científico xenial.

Recensións:

- Mario Regueira, “Reconstrución histórica”, *Sermos Galiza*, n.º 352, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 27 xuño 2019, p. 6.

Informa do argumento desta novela histórica. Describe este novo punto de vista no que se toma a figura de Galileo Galilei que é a de “reconstruír o acontecido, non só nos seus datos históricos obxectivos, senón tamén no seu contexto cultural”. Escribe tamén que a súa lectura pode non sempre resultar áxil, e fai alusión aos valores que contén e dos que trata o libro.

- Francisco Martínez Bouzas, “Brillante fresco. Da traxedia vital de Galileo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 724, “Libros”, 19 setembro 2019, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Novidades en galego”, 19 outubro 2019, p. 6.

Explica o argumento da novela, que se trata dunha ficcionalización a través de materiais históricos, inserindo o marcador semántico da ficción no contexto histórico. Sobre a escrita de Paz, destaca a súa gran riqueza lingüística. Sinala que se trata dun “excelente libro que recolle a paixón e a traxedia vital de Galileo e co que X. Paz pecha con brillantez a súa triloxía da Italia barroca”.

Pedreira, Emma, *As fauces feroces*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa, n.º 38, xuño 2019, 126 pp. (ISBN: 978-84-9995-319-9).

Novela breve de Emma Pedreira (A Coruña, 1978) na que se percibe un alento poético e unha carga experimental tanto na estrutura escollida, secuencias fragmentarias de curta extensión que combinan diferentes perspectivas narrativas, coma na creación dun efecto de estrañamento no lectorado. O volume ábrese cun breve prólogo de Eli Ríos (Londres, 1976) no que se advirte que se trata dunha historia que nos interpela a todas, “ás que nos roubaron a historia de noso e nos fixeron crer que fomos bruxas, tolas, herexes ou histéricas por sentir”. A narración acolle as voces de varias voces femininas de distinta condición: por unha banda, as de personaxes ficticias situadas nun contexto contemporáneo: Elsa (a nai escritora), Ela (a filla), Ava (amante de Elsa); e, por outra, a través do discurso epistolar, as voces das figuras históricas Benedetta Carlini (1591-1661), cuestionada polo papado durante a Contrarreforma italiana polas súas experiencias místicas, e a monxa Bartolomea Crivelli, coa que compartiu cela durante a súa reclusión e que se converteu na súa amante. Todas estas mulleres expoñen os seus sentimentos e afondan en temas como a maternidade e os vínculos entre nai e filla dende unha perspectiva que se afasta das convencións transmitidas e instaladas no imaxinario, a sexualidade, o desamor, a educación relixiosa, a morte ou a identidade.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Cunha escrita sensorial. Diversidade afectiva e sexual”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 726, “Libros”, 3 outubro 2019, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Novidades en galego”, 2 novembro 2019, p. 7.

Resume o argumento da obra e explica que se trata de dúas historias conectadas pola diversidade afectiva e sexual. Sobre a escrita de Emma Pedreira, salienta a presenza do compoñente sensorial e corporal.

Referencias varias:

- O. U. V, “Ficción e realidade histórica flúen á par na última novela de Emma Pedreira ‘As Fauces Feroces’”, *Diario de Arousa/ El Ideal Gallego/ Diario de Ferrol*, p. 37, “Sociedad”, 16 xullo 2019, p. 36.

Dá conta da publicación da novela e comenta como está escrita na forma de dúas novelas que se mesturan no tema en común: a diversidade afectiva e sexual. Comenta a frase coa que comeza o primeiro relato, pequeno homenaxe a Albert Camus, e aproveita para mencionar próximos proxectos por publicar como son *Os corpos invisibles* e *As voces ágrafas*.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *As fauces feroces* de Emma Pedreira.

Pérez Tilve, Teresa, *O tecido dos sonhos*, Santiago de Compostela: Edicións Fervenza, 2019, 158 pp. (ISBN: 978-84-17094-91-1). ■

Novela de Teresa Pérez Tilve (Xeve, 1945), que conta con prólogo de Armando Requeixo. Artéllase nos seguintes capítulos: “Coas fías da memoria e do corazón”, “A mestra”, “As lavadeiras”, “A carteira de Severino”, “Nubes e claros”, “O nacemento e o rato”, “Terremotos”, “Arminda”, “Adelina”, “Pretendentes” e “Epílogos”. Protagonizada por Laura, unha mestra nova, que comezou a súa angueira a finais da década dos sesenta do pasado século, ambientada, por tanto no rural galego dos finais da Posguerra. Laura, descubrirá a precariedade da docencia no rural nesa época e irá superando os obstáculos que se lle irán poñendo no camiño

Referencias varias:

- Cibrán Canedo, “Tilve presenta o seu libro en Silleda”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitada especial”, 22 decembro 2019, p. 38.

Informa da presentación do libro na casa da Casa da Cultura en Silleda o 26 de decembro, na que a autora estará acompañada de Armando Requeixo, Anxo Lorenzo e Manuel Cuiña. Indica que a narración versa sobre a historia de Laura, unha mestra que chega destinada a unha vila pontevedresa, producíndose un choque entre a súa etapa formativa e a súa nova realidade.

Portabales, Arantza, *Beleza vermella*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 387, abril 2019, 428 pp. (ISBN: 978-84-9151-317-9).

Novela policial de Arantza Portabales (San Sebastián, 1973) artellada en noventa e sete capítulos de breve extensión. Nos paratextos iniciais, recolle citas de Agatha Christie, Mikel Izal e Iván e Amaro Ferreiro. Tamén se indica que os personaxes e situacións da novela son ficticios, se ben hai referencias ás obras de arte da escultora galega Celeste Garrido. A narración parte do brutal asasinato dunha adolescente, Xiana Alán, no seu dormitorio, as aforas da cidade de Compostela Santiago de Compostela. O momento do asasinato, coincide cunha xuntanza durante a noite de San Xoán na que participan os seus pais; a súa tía, unha famosa pintora; os seus veciños, Fernando e Inés; e a súa tía Amalia. Santi Abad e Ana Barroso serán os encargados de investigar este artístico asasinato no que todos os personaxes semellan sospeitosos.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Quen matou a Xiana Alén?”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “1.280 almas”, 14 xuño 2019, p. 10.

Recensiona *Beleza Vermella* indicando que se trata dunha revisión das intrigas de cuarto pechado na periferia dunha Compostela burguesa. Salienta a descrición ambiental e psicolóxica dos escenarios e personaxes da obra.

-Lorena López López, “Vermella e escura”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 75-76.

Lorena López achega unha valoración da novela policial en clave psicolóxica *Beleza vermella*, de Arantza Portabales Santomé, que narra a historia dunha adolescente asasinada no seu cuarto durante unha cea familiar á que acoden tamén algúns veciños da familia da rapaza. A novela explora o vencello entre irmáns, a reacción á perda e ao peso da culpa abusando, quizais, do recurso das relacións amorosas de todos os tipos. A arte está moi presente en toda a narración, permanecendo nun primeiro plano e ligada tanto á beleza como á escuridade do ser humano.

- Francisco Martínez Bouzas, “Coa beleza como fío condutor. Unha verdadeira novela ‘negra’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 722, “Libros”, 18 xullo 2019, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Novidades en galego”, 27 xullo 2019, contracuberta.

Comeza repasando a traxectoria da escritora Arantza Portabales e informa da súa última publicación, a novela *Beleza vermella*. Desta obra destaca a adscrición ao xénero negro, discutindo un pouco o significado desta etiqueta, e resume o seu argumento principal de forma sucinta para, segundo as súas palabras, non facer *spoilers*.

- Belén López, “Arantza Portabales. ‘Encántame que se mesturen o horror e a beleza’”, *El Progreso*, “*Revista*”, 27 xullo 2019, p. 32.

Entrevístase á autora co gallo da publicación de *Beleza Vermella*, que informa de que o xénero de misterio xa estivera presente na súa primeira novela *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*, coa que gañara o premio de novela por entregas de La Voz de Galicia. Comenta que a novela tamén contén unha especie de homenaxe a Agatha Christie nas citas coas que se abre a obra. Tamén dá conta da presentación do libro o 12 de xuño na librería Cronopios de Pontevedra.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "Arantza Portabales homenaxe a novela negra en 'Beleza vermella'", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 maio 2019, p. 35.

Presenta a nova novela de Arantza Portabales, logo de escribir *Sobrevivindo*, narración coa que gañou o Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia 2015. Afirmo que a novela naceu do seu interese por escribir unha obra en homenaxe ao xénero negro sen limitacións de espazo. Explica de xeito breve o argumento da novela, cuxo punto de partida de desenvolvemento da trama é o asasinato da moza santiaguesa Xiana Alán. A autora explica que emprega a trama e a dosificación do suspense para mergullarse no perfil psicolóxico dos personaxes.

- Belén López, “Leticia Costas e Pedro Feijóo celebrarán o 17 de maio en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “*Vivir Aquí*”, 11 maio 2019, p. 50.

Informa da celebración do 17 maio en Pontevedra, na que os libeiros sairán á rúa. Varios autores acudirán a presentar as súas obras e a manter encontros co público. Entre eles están Leticia Costas, autora de *Infamia*; Aranza Portabales, autora de *Beleza vermella*; Pedro Feijoo, que vén de lanzar a décimo primeira reedición de *Os fillos do mar* e segue a triunfar cos seus últimos títulos *Camiñar o Vigo vello* e *Sen piedade*. Tamén estará presente Iria Collazo, que vén de publicar *A casa do paralelo 54*.

- Montse García “Arantza Portabales presenta ‘Beleza vermella”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 15 maio 2019, p. L9.

Faise eco da presentación do libro na librería Cronopios, na que participarán a autora, Inma López Silva e Francisco Castro.

- Montse García, “Libros de Arantza Portabales e Manuel Portas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día das Letras Galegas”, “Hoxe”, 16 maio 2019, p. L9.

Faise eco da sinatura de libros que realizarán Arantza Portabales e Manuel Portas das súas últimas novelas en El Corte Inglés.

- Belén, López, “Arantza Portabales’. Encántame que se mesturen o horror e a beleza”, *Diario de Pontevedra*, 20 maio 2019, contracuberta.

Recolle unha entrevista a Arantza Portabales na que fala do inicio da novela, da presenza da escultora Celeste Garrido, da localización do argumento en Santiago de Compostela e nos seus arredores e da posta en escena de *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*.

- Daniel Salgado, “Arantza Portabales’. Todos ao final conseguimos empatizar coa parte escura dos demais, outra cousa é que o manifestemos claramente”, *Sermos Galiza*, n.º 347, “*Fóra de serie*”, 23 maio 2019, pp. 4-5.

Entrevista a Arantza Portabales sobre a novela e o seu proceso creativo. Comeza resaltando a importancia da cor vermella, presente no título e obsesión de varios personaxes da novela. Segundo a propia autora, a novela artellóuselle na cabeza a partir da frase: “a beleza é vermella como unha cunca de cereixas”. Analiza tamén a posición social dos protagonistas, que gozan dun elevado nivel económico e cuxas profesións amosan o contraste do mundo artístico co mundo pragmático. No tocante á confección dos personaxes, explica que parte do estereotipo para logo desbaratalo, rachalo, destruílo e é isto o que fai que o lector fai que conecte con eles. A autora salienta que, máis que novela negra, a súa obra é policial, posto que quere homenaxear a literatura que lía de cativa, mencionando a figuras como Agatha Christie e o seu personaxe Hércules Poirot. Non obstante, hai conexións coa novela negra froito das paixóns que derivan de segredos agochados en aparentes relacións ideais ao longo da historia. En canto á descrición da localización, fálase do escenario situado en Santiago de Compostela e urbanizacións próximas, aspecto que admite non ser o seu forte, fronte á descrición psicolóxica das personaxes, que é a súa especialidade. Finalmente, fala da súa relación coa realidade ao escribir, e é que ela considera que “a realidade sempre supera a ficción, sempre é máis brutal, e nunca é tan fermosa como a literatura”.

- Ramón Rozas, “Libros á rúa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “Saga/fuga”, 23 maio 2019, p. 25.

Informa sobre a iniciativa do Concello de Pontevedra en colaboración con librarías da vila chamada “Os libros galegos saen á rúa”. A xornada contará coa asistencia de Leticia Costas, Arantza Portabales, Pedro Feijoo e Iria Collazo. Esta iniciativa nace no seo da celebración Día das Letras Galegas.

- O. U. V., “Arantza Portabales. ‘No sé qué clase de perversión hay en mí que me lo paso bien matando gente’”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 31 maio 2019, p. 37.

Dá conta da presentación da novela na librería Moito Conto e comenta o argumento da mesma, a influencia de Agatha Christie na obra, así como fala de futuros proxectos.

- Ana Abelenda, “Arantza Portabales. ‘Penso que as cousas boas que me pasan non as merezo’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Entrevista”, 7 xuño 2019, pp. 1-2.

Entrevístase á autora co gallo da publicación da súa novela, que comenta a influencia de Agatha Christie no libro, así como a súa escolla da aldea de Cacheiras para a ambientación da novela.

- R. L., “Beleza vermella”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 187, 9 xuño 2019, p. 4.

Informa do argumento desta novela negra, e cualifica a autora coma “unha das voces cruciais da novela negra galega contemporánea”. Seguidamente, fai un percorrido pola vida profesional da autora.

- Lourdes Varela, “Arantza Portabales’. A literatura policial é a que mellor radiografía a sociedade”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 717, 13 xuño 2019, p. V. / *La Opinión*, “Saberes”, 22 xuño 2019, p. 7, “Entrevista”.

Entrevista con Arantza Portabales sobre a súa última novela e sobre o cambio de rexistro que supón con respecto á súa anterior novela. Responde tamén a preguntas relacionadas coas súas personaxes e con posíbeis influencias de Agatha Christie e tamén sobre o éxito que ten a novela negra.

- Rosé Carrera, “La Feira do Libro disfruta con su nueva ubicación en Príncipe”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 xuño 2019, p. 7.

Artigo sobre a Feira do Libro en Vigo no que se apunta que os libros máis vendidos en galego son *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; seguido de *O último barco*, de Domingo Villar; e *Camiñar o Vigo vello*, de Pedro Feijoo.

- Cucaq M. Gómez “Fuga a lo Bonnie and Clyde”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “Presentación”, 16 xullo 2019, p. 62-63.

Sínálase a presentación da novela na Librería Miranda e indícase que gozou de boa acollida tanto polos lectores en galego coma en castelán.

- Nerea Aragunde, “A librería Nós pon en valor as letras galegas co Verán Literario”; *Diario de Pontevedra*, “d_verano”, “Ciudad”, 7 agosto 2019, p. 16.

Dá conta do evento anual que organiza nos veráns a librería Nós de Sanxenxo, e do propósito tras estas citas, que é nas palabras de Xaime Corral, impulsor da iniciativa, “facer unha pequena representación das letras galegas”. Informa dos autores que foron durante ese verán e as obras que foron presentar: Leticia Costas con *Infamia*, a autora

Arantza Portabales, que presentaba a súa obra publicada en galego *Beleza vermella* e Domingo Villar con *O último barco*.

- Susana Acosta, “Galicia, todo al negro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 25 outubro 2019, cuberta.

Artigo sobre a popularidade da novela negra entre os escritores galegos no que menciona as obras *O último barco*, de Domingo Villar; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *Infamia*, de Leticia Costas; e *Vicus, un lugar aquelado*, de Beto Luaces.

- Nacho G. Menéndez, “Me limito a observar a capturar. ¡Sería tan feliz con un metro en Santiago!”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 25 outubro 2019, p. 59.

Faise eco da presentación da novela en Lugo. Repasa a traxectoria literaria da autora e salienta a súa capacidade de observación. Asevera que os críticos literarios afirman que se trata da próxima autora de referencia da literatura española, etiqueta que ela rexeita.

- Melissa Gómez, “Arantza Portabales. ‘Síntome moi de Marín. Foi unha época da miña vida moi feliz”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “De Cantodarea a Domaio”, 2 novembro 2019, p. 5.

Entrevista a Arantza Portabales na que responde a preguntas sobre a súa paixón pola escrita, sobre a idea de escribir esta novela negra, sobre a acollida entre o lectorado en galego e castelán, sobre a homenaxe que fai a escultora marinense Celeste Garrido e sobre a posta en escena de *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *Beleza vermella* de Arantza Portabales.

- Xaquín Núñez Sabarís, “2019: ‘Suspense’ en literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2019, p. 30.

Artigo sobre a presenza do *thriller* e o policial nas letras galegas, no que amenta as obras *Un lume azul*, de Pedro Feijoo, *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras; *Cmiño de paixóns*, de Carlos Meixide; e *Carpe diem*, de Quico Cadaval.

Portas, Manuel, *Por puntos*, Premio Blanco Amor 2018, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 385, marzo 2019, 254 pp. (ISBN: 978-84-9151-311-7).

Quinta novela na traxectoria literaria de Manuel Portas (Barcelona, 1960), gañadora do XXXVII Premio Blanco Amor que convoca a Fundación do escritor en colaboración coa Deputación de Ourense. O autor ambienta a narración nunha atmosfera contemporánea na cidade de Santiago de Compostela para presentar, a través de vinte capítulos titulados, unha trama centrada nas vidas dun grupo de persoas que coinciden durante catro xornadas nun curso de reeducación para recuperar o carné de conducir, logo de diversas infraccións

que os levaron a perder os puntos. Deste xeito, a voz narrativa en terceira persoa – perspectiva que só se altera no capítulo IV na que aparece a primeira persoa– vai dando conta das súas biografías, dos acontecementos do pasado e do presente, das súas esperanzas, segredos e soños, mais, sobre todo, da soidade e frustracións que arrastran, e espindo as vidas de Marité, Merche, Rosa, Adela, Puri, Paco, Xosé Carlos, Tupé, Anselmo e Adolfo, o profesor, sempre dende unha posición amábel. Froito desta casualidade que os fai compartir un tempo xuntos, nalgún caso xorde a posibilidade de atopar o amor e a complicidade que mitigue o illamento e a infelicidade. O conxunto conforma así unha novela coral, de personaxes trazados con profundidade, enfocada cun estilo sinxelo e que acolle pinceladas de humor e algún que outro retrato acedo da sociedade actual.

Recensións:

-Inma Otero Varela, “Realismo sobre rodas”, *Grial*, n.º 222, “O espello das letras”, abril 2019, pp. 99-100.

Inma Otero presenta a nova novela de Manuel Portas, *Por puntos*, que se centra na vida dun grupo de persoas que acoden a unha academia para recuperar os puntos perdidos dos seus carnés de conducir. O autor emprega diversos trazos dialectais que completan a caracterización dos personaxes e sitúa a acción nun aparente ambiente de igualdade, pois están “todos igualados polo mesmo escarmento”, que fai que resalten as diferenzas entre homes e mulleres dun xeito peculiar e diferente. Trátase, pois, dunha reflexión sobre o ser humano con gran compoñente emotivo e un ton humorístico que tingue a obra na súa totalidade.

- Francisco Martínez Bouzas, “Vidas cruzadas nun cursiño. Espontaneidade e doses de humor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 725, “Libros”, 6 xuño 2019, p. VI.

Comeza facendo un breve repaso da traxectoria literaria do autor para centrar a súa atención na súa última publicación; *Por puntos*. Informa de que se trata dunha novela coral que reúne nun cursiño de recuperación de puntos do carne de conducir un conxunto de seres humanos quebrados por varias circunstancias da vida moi diverxentes entre eles. O autor vai tecendo a historia de cada quen, contándonos as súas preocupacións, medos e alegrías, ao mesmo tempo que as vai enredando coas peripecias das outras personaxes até construír unha rede de complicidade que os leva lonxe da soidade. Finalmente fai alusión ao carácter cómico, fresco e espontáneo dos elementos lingüísticos e do estilo narrativo que define a esta obra.

- Armando Requeixo, “Gañar por puntos”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.095, 7 xullo 2019, p. 30.

Informa da novela do autor ao que se describe coma “unha das voces narrativas máis destacadas do actual panorama galego”. Menciónanse xunto a esta as anteriores obras do autor, e destaca o escenario no que se sitúa a trama da novela, que semella a “clásica fórmula de xuntanza de personaxes en contornas obrigadas”. Dá conta dos principais temas da novela coma o enganoso da aparencia ou o profundo das verdades ocultas, así como dá uns apuntes de estilo da novela, destacando a súa prosa fluída da que destaca o dominio dos diferentes rexistros.

- Ramón Nicolás, “De carne e óso”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 2 agosto 2019, p. 10.

Comeza explicando que compartir catro xornadas para recuperar o carné de conducir é o punto de partida deste libro gañador do Blanco Amor, no que pouco a pouco se vai erixindo unha cartografía individual e coral que revisa as esperanzas e angustias dun grupo de persoas que, compartindo confidencias, pretenden iluminar as posibilidades dun futuro mellor.

Referencias varias:

- Mario Álvarez, “Portas presenta a obra coa que gañou o Blanco Amor, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 marzo 2019, p. 39

Dá conta da presentación da novela *Por puntos*, celebrada no Pazo Provincial, coa presenza do vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández. Destaca que foi gañadora do XXXVII Blanco Amor de novela longa, cerimonia na que o presidente de Galaxia, Antón Vidal Andión, valorou a novela de “sentimental, traxicómica, corrosiva e actual”.

- Joel Gómez, “En Santiago hai personaxes políticos que poden dar moito xogo literario”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 11 abril 2019, p. L2.

Dá conta da presentación da novela de Manuel Portas na cafetería Airas Nunes, á que tamén asistiron a crítica literaria Inma Otero e o director de Galaxia Carlos Lema, na que actuou o músico Xoán Curiel. Destaca que esta novela de Portas gañou o Premio Blanco Amor 2018 de narrativa, e as verbas do autor sobre a novela, que indica que mostra “o extraordinario de vidas ordinarias e anónimas”.

- Montse García “Manuel Portas”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 15 maio 2019, p. L9.

Indica que Manuel Portas falará do seu novo libro no Café New York de Bertamiráns.

- Montse García, “Libros de Arantza Portabales e Manuel Portas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día das Letras Galegas”, “Hoxe”, 16 maio 2019, p. L9.

Faise eco da sinatura de libros que realizarán Arantza Portabales e Manuel Portas das súas últimas novelas en El Corte Inglés.

- L. Romero, “La Feira do Libro se estrena con autores destacados y novedades literarias”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 13 xuño 2019, p. 10.

Informa da participación de Manuel Portas na Feira do Libro de Cambados asinando exemplares da súa última novela *Por puntos*.

- O. U. V., “Manuel Portas trata de sacar o ‘extraordinario que hai nas vidas ordinarias’ na súa nova novela, ‘Por puntos’”, *El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 15 xuño 2019, p. 36.

O artigo informa da presentación da novela na librería Moito Conto, e de que conseguiu gañar o premio Eduardo Blanco Amor de novela. Comenta o argumento da novela e ao respecto engade que a novela está sendo moi ben recibida polo público. Por último, fai un pequeno percorrido pola vida profesional do autor.

- L. Martínez, “Manuel Portas presentó ‘Por puntos’ en Celanova”, *La Región*, “Provincia”, 30 novembro 2019, p. 34.

Faise eco da presentación da novela de Manuel Portas na Casa dos Poetas de Celanova. Acompañaron o autor no acto Xoán Carlos Domínguez Alberte e Antonio Piñeiro.

Porteiro, María Xosé, *Buscando a Clara*, Vigo: Editorial Elvira, col. Historias para coñecermos Vigo, marzo 2019, 62 pp. (ISBN: 978-84948786-4-0).

Obra de María Xosé Porteiro (Madrid, 1952), cuxa acción se centra no antigo concello vigués de Lavadores. A novela abarca o período de tempo comprendido entre a guerra civil e a actualidade, onde as cuestións sociais e económicas están moi presentes. Nesta historia coñecemos a Mariña, unha muller de clase traballadora, que, quedando soa e embarazada na posguerra, busca un emprego na fábrica de cerámica de Santa Clara, decidida a sobrevivir até que o seu marido Cristovo saia do cárcere. A través destas páxinas, e xunto coas fotografías que acompañan a narración, podemos ver como a cidade de Vigo foi cambiando cos anos. Ao regreso de Cristovo, Mariña casa con el, e nace a pequena Clara, separada quince anos da súa primeira filla, Helena. Xunto a esta familia, podemos ver os cambios sociais dun Vigo que medrou vertixinosamente, pero que pese a iso, esta familia logrou manter a súa casa na zona rural de Candeán. Tamén se reflicte o impacto dos anos 80, coa chegada da heroína e outras substancias, que abriu unha ferida na cidade que aínda a día de hoxe non pechou: Clara, futura arqueóloga e nai recente, morre nun accidente, froito das malas compañías. Tras a súa morte, Helena, Mariña e Cristovo fanse cargo da filla de Clara, Moraima, a viva imaxe da súa nai; unha rapaza máxica e rebuldeira, moi apegada aos seus avós e a ese recuncho na natureza que a familia logrou conservar.

Referencias varias:

- M. N., “Pantemia literaria autóctona”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Galicia Sur-Punto de Encuentro”, “Vigo”, “Novelas y escritores”, 29 setembro 2019, p. 31.

Nun artigo sobre o movemento literario en Vigo, amenta os autores Domingo Villar, Pedro Feijoo, María Xosé Porteiro e María Reimóndez e os seus últimos títulos publicados.

Porteiro, María Xosé, *Sándalo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 388, abril 2019, 396 pp. (ISBN: 978-84-9151-319-3).

A xornalista, política e escritora María Xosé Porteiro (Madrid, 1952) percorre nesta novela parte da historia da emigración de Cuba a Galicia para rescatar a súa memoria – pois viviu en Cuba até os catorce anos–, afondar en cuestións como a busca da identidade

e ofrecer unha interpretación da realidade histórica dos séculos XIX e XX a través dun conxunto de informacións de carácter enciclopédico que se mesturan coa ficción, servíndose das peripecias de varias familias. Cun título simbólico, que evoca o recendo perdurábel da madeira de sándalo, a narración arrinca en 1823, co aforcamento de Rafael del Riego, protagonista da sublevación liberal de 1820 e as vinganzas brutais dun rei absolutista, e remata en 2015, coa estancia dun dos protagonistas na cociña familiar en Galicia, e evoca feitos históricos como o inicio da guerra de liberación da República de Cuba en Armas (1869) co Grito de Yara, o desembarco de José Martí, a entrada na Habana das tropas revolucionarias de Fidel Castro e a instalación dun réxime comunista, a Segunda República española, o alzamento fascista e o franquismo. Así mesmo, alúdese a acontecementos culturais relacionados con Galicia, tales como a estrea do himno, o nacemento da Academia, a construción do Centro Galego ou da entidade Hijas de Galicia creada en 1917, dedicada ás necesidades e problemas das mulleres, ou o paso de Curros Enríquez pola illa, entre outros. Estruturada en seis libros, á súa vez divididos en capítulos precedidos polo ano no que se sitúan, a novela combina a terceira persoa narrativa con extractos do “Diario de Quina” coa perspectiva desta personaxe en primeira persoa –fío condutor da trama, pois é esta coa que arrinca a trama cando vai escoitar misa tras a morte da súa nai, Leonarda–, e recorre decontino aos saltos temporais e á fragmentación para se internar nun complexo percorrido arredor da emigración, sen deixar de lado feitos dramáticos como a prostitución das mulleres na diáspora polos seus propios paisanos, as familias monoparentais levadas adiante por nais abandonadas pola bigamia dos homes en Cuba, o racismo, o espolio de terras e cartos ou a escravitude, entre outros moitos aspectos.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O recendo dunha caixa de sándalo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”; “Ex umbra in solem”, 31 maio 2019, p. 10.

Identifica a temática da obra da esperada novela de María Xosé Porteiro, a emigración, abordada dende unha perspectiva fragmentaria e acumulativa. Salienta que se trata dunha obra cunha proposta narrativa integradora.

- Francisco Martínez Bouzas, “Entre Cuba e Galicia. Douscentos anos de intrahistoria”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 718, “Libros”, 20 xuño 2019, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, “Novidades en galego”, 29 xuño 2019, p. 6.

Recensiona a novela, definíndoa como historia de historias. Explica que a autora aborda dende a historia o fenómeno da emigración galega a Cuba antes e despois da súa independencia. A novela presenta un carácter fragmentario que amalgama diversos feitos históricos alternados con ficción. Salienta Martínez Bouzas que a novela tamén se detén na intrahistoria cubana, especialmente a partir de vivencias de familias galego-cubanas. Apunta que a novela salienta o compromiso dos masóns nos procesos de independencia en América e que avoga polo feminismo.

- Carme Adán, “Relatos de vida ou a paixón da liberdade”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 77-78.

Carme Adán realiza unha análise sobre o contido de *Sándalo*, obra de María Xosé Porteiro, que trata a relación entre Galicia e Cuba entre 1823 até 2015 de xeito non lineal

e mesturando diversas tramas. A emigración é o fío condutor de moitos dos relatos e a procura da liberdade o fin último de todos eles. Ademais, a novela tamén destaca a importancia do Centro Galego da Habana, da memoria colectiva e a necesidade de conectar cos devanceiros.

- Armando Requeixo, “Sándalo recendente”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.102, 25 agosto 2019, p. 30.

Dáse conta da publicación da novela de María Xosé Porteiro. Informa do argumento da novela, e loa o protagonismo feminino que toma parte na obra. Destaca a mestura entre o autobiográfico e o documental da novela, así como “unha prosa declaradamente mestiza, que bebe igual do realismo máxico do *boom* latinoamericano que da eficiencia da escrita periodística”.

- Débora Campos, “A máis latinoamericana das novelas galegas”, *Tempos Novos*, n.º 268, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, setembro 2019, p. 81.

Débora Campos fai unha recensión da obra *Sándalo*, de María Xosé Porteiro. “Conta unha historia, a dos lazos históricos entre Cuba e Galicia dende as primeiras décadas do século XIX até un tempo máis ou menos contemporáneo”, polo que deambularán personaxes coma Quina, Leonarda ou Xermán. A obra amosa a cara máis oculta e merdenta da emigración -en palabras de Campos-. Deste xeito, a prostitución, a bigamia, o espolio de terras e cartos ou o racismo serán algúns dos temas mais recorrentes na obra.

Referencias varias:

- Sandra Cuíña, “É unha novela árbore, con moitas polas” *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 maio 2019, p. 25.

Informa da presentación da novela de María Xosé Porteiro na Feira do Libro, no posto da Editorial Galaxia. Entrevístase a autora, que explica o motivo polo cal escolleu o ano 1883 e comenta o argumento do libro.

- Montse García, “María Xosé Porteiro une Galicia e América en ‘Sándalo’, o seu regreso á novela”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 maio 2019, p. 35.

Dá conta da presentación de *Sándalo* na Feira do Libro de Santiago, na que a autora estivo acompañada polo presidente da Real Academia Galega, Víctor Fernández Freixanes, e pola escritora e filósofa Carme Adán. Na entrevista explica como a idea da novela xurdiu ao seu regreso de Arxentina e Uruguai. Tamén comenta a súa vivencia en Cuba, que influíu definitivamente na escrita do libro.

-Rubén Balmaseda, “María Xosé Porteiro presentará el día 25 su nuevo libro, ‘Sándalo’”, *El Progreso*, “Lugo”, “Mira Lugo”, 21 maio 2019, p. 20.

Faise eco da presentación do último libro da autora o 25 de maio na librería Trama de Lugo. No acto, estará acompañada por Luz Darriba, Martín Fernández e Francisco Castro.

- Manuel Cendán, “María Xosé Porteiro”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Letras de cambio”, 23 maio 2019. p. 17.

Lembra o acto de presentación do libro *Covardes* (Ir Indo, 2002) celebrado en Ferrol no que acompañou á súa autora, María Xosé Porteiro, co gallo da publicación da súa última novela, titulada *Sándalo* e editada por Galaxia.

- Nacho G. Menéndez, “Es un homenaje a las miles de personas que emigraron”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 24 maio 2019, p. 61.

Informa da presentación da novela na librería Trama de Lugo, na que acompañarán á autora o periodista Martín Fernández Vizoso, a artista Luz Darriba e Francisco Castro, director de Galaxia.

- Sebas Senande, “María Xosé Porteiro presentó ‘Sándalo’, un canto a la emigración, en Trama”; *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 26 maio 2019, p. 61.

Dá conta da presentación da novela na librería Trama de Lugo, na que acompañou á autora o periodista Martín Fernández Vizoso, Luz Darriba e Francisco Franco.

- Fernando Franco, “Y el que presenta mi Porteiro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 29 maio 2019, p. 12.

Informa da presentación da novela na librería Cartabón en Vigo, na que a autora estará acompañada da concelleira Isaura Abelairas, o crítico literario Ramón Nicolás e o director de Edicións da Editorial Galaxia, Carlos Lema.

- Ana Baena, “María Xosé Porteiro. ‘Escribo agora esta novela porque xa teño madurez para poder entender o que pasou”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 31 maio 2019, p. 12.

Entrevístase a autora, que fala da combinación de personaxes reais así como ficticios, o proceso de elaboración da novela e a parte persoal da autora no libro. Informa tamén da presentación da novela na librería Cartabón, na que acompañaron a autora o crítico literario Ramón Nicolás e o editor de Galaxia Carlos Lema.

- Elisabet Fernández, “María Xosé Porteiro. ‘Vuelve el momento de entender lo que es irse de casa, la emigración”, *La Región*, “Ourense”, “Foro La Región”, 11 xuño 2019, p. 10.

Entrevista a autora da novela, informando que se presentará no centro Valcárcel ás 20.30, xunto co periodista Alfonso S. Palomares e a ex-directora da Fundación Galicia Emigración da Xunta Pilar Pin. Dáse conta da vida da autora, parte dela vivida en Cuba, e pregúntaselle pola relación que ela percibiu entre Galicia e Cuba. A raíz disto, continúan falando do tema da memoria, e como segue sendo a relación entre estas dúas rexións a día de hoxe. A autora comenta a razón pola que tardou 17 anos en publicar esta novela e os plans de futuro de publicar a novela *Buscando a Clara*. Explica o significado do título da novela, *Sándalo*, e remata a entrevista cunha reminiscencia á súa infancia.

- Pilar Cheda, “A viaxe que non defrauda”, *El Progreso*, “Revista”, “Lecturas”, 13 xullo 2019, p. 27.

Recolle unha serie de recomendacións literarias entre as últimas novidades editoriais publicadas en lingua galega para desfrutar no tempo estival. Entre estas obras destaca o último da triloxía do detective Leo Caldas, *O último barco* de Domingo Villar; a novela da emigración *Sándalo*, de María Xosé Porteiro; ou a primeira novela de Leticia Costas dirixida a público adulto, *Infamia*.

- T. M., “El PSDG propone a la exdiputada y periodista María Xosé Porteiro como adjunta a la valedora do pobo”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 31 xullo 2019, p. 8.

Dá conta da candidatura da exdeputada, periodista e escritora a ser valedora do pobo, e informa da publicación do seu libro *Sándalo* na Editorial Galaxia.

-Rosa Suárez, “*Sándalo...*”, *Luzes*, n.º 72, “As libreiras”, setembro 2019, p.86.

Rosa Suárez, da librería lucense Trama, recomenda a lectura de *Sándalo*, unha obra de María Xosé Porteiro que analiza a relación entre Galicia e Cuba a través da historia dos da Casa do Rego.

- Débora Campos, “Conversa con María Xosé Porteiro”, *Tempos Novos*, n.º 268, “Cultura”, “Protexa”, setembro 2019, pp. 78-80.

Débora Campos (entrevistadora) transcribe a entrevista feita a María Xosé Porteiro (entrevistada), tras a publicación da súa segunda novela *Sándalo*, que “enlaza dous séculos de historia entre Cuba e Galicia (...) a xesta dos galegos e das galegas que marcharon da terra para construír a América”. Así, Porteiro responde algunhas preguntas relacionadas, principalmente, coas vivencias persoais da escritora, coas obras que a influenciaron, coa súa perspectiva acerca da narración canónica da emigración galega ou co porqué da portada do seu libro.

- José Miguel Giráldez, “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *Sándalo* de María Xosé Porteiro.

- Andrés Bernández, “María Xosé Porteiro presenta ‘Sándalo’ en El Corte Inglés”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24h de Compostela”, 31 decembro 2019, p. 25.

Informa da presentación do libro de María Xosé Porteiro no Salón de Ámbito Cultural de El Corte Inglés. No acto, acompañarán a autora Xosé Antonio Perozo, Manuel Bragado e Pati Blanco.

Reimóndez, María, *As estacións do lobo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, setembro 2019, 390 pp. (ISBN: 978-84-9121-570-7).

Nova entrega narrativa de María Reimóndez (Lugo, 1975) que se encadra no seu “Ciclo dos elementos”, proxecto en construción composto por novelas que se poden ler de forma independente, pero con elementos e historias comúns, nas que a terra –*En vías de extinción* (2012), *A música dos seres vivos* (2015)–, o lume –*Dende o conflito* (2014) e *As cousas que non queremos oír* (2017)–, a auga –na que se integraría o presente texto– e o aire conforman un espazo literario poboado por personaxes femininas unidas pola súa propia decisión. Neste caso, a voz narrativa externa á acción explora os límites do amor a través dos sentimentos e emocións de Clara, empregando como fío condutor metafórico do sometemento das mulleres o proceso de domesticación que deu paso do lobo ao can, idea que instala xa a cita inicial do veterinario M. V. Gerzovich, e presentando un retorno ao salvaxe como vía para a liberación da protagonista, ademais de poñer o acento en aspectos como as convencións sociais e patriarcais que están na base das relacións e de desmontar a visión da parella e a familia sanguínea a prol dos afectos escollidos. Dende o punto de vista estrutural, a novela presenta tres partes: “A domesticación do lobo”, “O espertar do lobo” e “Ceibar o lobo”, cada unha delas dividida á súa vez en fragmentos intitulados co nome das estacións (inverno, primavera, verán e outono), agás a última delas, que comeza e remata no inverno. Ademais, o discurso interrómpese para introducir extractos tomados do *Manual de desadestramento canino: aprender a desaprender*, de C. Ferreira Souto, arredor das técnicas para controlar un can e as características destes animais. O argumento céntrase na interioridade da luguesa Clara quen, malia se considerar bisexual, se muda a Múnic seguindo a súa parella, Franz, aínda que axiña descobre nel un ser detestábel. A relación provócalle unha fonda infelicidade, pois el ignóraa e trátaa despectivamente, ademais de non se sentir ben nunha cidade na que non domina o idioma. Clara atopará axuda e conforto tanto na cidade de Lugo e noutros espazos, coma co homosexual Philip, Harper e con outras personaxes que forman parte do seu círculo de afectos e xa apareceron en novelas anteriores da autora: a cantante de moda MK, a intérprete Gaia e as xornalistas Aurora e Saínza Combarro –personaxes de *A música dos seres vivos*, *En vías de extinción*, *As cousas que non queremos oír* e *Dende o conflito*, respectivamente–, ademais de afondar no coñecemento do mundo dos cans. Grazas á experiencia vivida, Clara comezará a recuperase até converterse nunha experta adestradora canina.

Recensións:

- Mario Regueira, “Sen domesticar”, *Sermos Galiza*, n.º 377, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 19 decembro 2019, p. 6.

Explica que a trama nos fai acompañar a historia de Clara, dende o illamento a unha vida máis libre, unha mostra de empoderamento. Salienta que Reimóndez vertebra “unha historia organizada como unha especie de domesticación inversa, un retorno á liberdade e ao salvaxe”. Sobre o estilo da autora, destaca a súa solvencia e a capacidade para manter a intriga.

Referencias varias:

- Santiago Jaureguizar, “Quero adoptar un par de irmáns Coira”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 202, 20 outubro 2019, p. 8.

Recolle a opinión do crítico Xosé Manuel Eyré sobre *A estación do lobo*, que asegura que “atopar unha novela como esta, onde os sentimentos son os protagonistas, é unha gozada”, mais critica a falta de personaxes heterosexuais bondadosos.

- Ana Baena, “María Reimóndez. ‘Ante o sistema de normalidade da violencia, hai que crear alternativas’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 12 novembro 2019, p. 23.

Entrevista a María Reimóndez na que responde preguntas relacionadas coa presenza do lobo na obra, co argumento da obra e a súa protagonista.

_____, *Unha xigante ira colectiva*, Vigo: Editorial Elvira, col. Historias para coñecermos Vigo, marzo 2019, 60 pp. (ISBN: 978-84-948786-3-3).

Obra de María Reimóndez (Lugo, 1975), de carácter realista, onde coñecemos a historia de Isadora, unha muller que apenas logra sobrevivir limpando casas nun Vigo atravesado pola crise económica. Todo cambia para ela cando lle ofrecen un emprego na casa da señora Berta, unha muller adiñeirada e de idade moi avanzada. Isadora convértese na amiga e confidente desta anciá e, a través das súas historias, coñecemos o seu pasado no Vigo de antes da guerra, a súa historia de amor con Mercedes e todos os cambios que sufriu a cidade dende aqueles anos até a actualidade. Os percorridos das dúas mulleres van acompañados de fotografías dos lugares clave cos que constrúen a historia, coas que podemos obter unha imaxe clara da cidade de Vigo, e dos seus lugares máis emblemáticos, pero tamén das asociacións que axudan a drogo dependentes ou loita polos dereitos das lesbianas. Ao mesmo tempo, tamén coñecemos a cara máis escura do Vigo de finais do século pasado, onde a marea de drogas inundou a cidade de maneira imparable, consumindo as vidas de miles de persoas; entre elas, as dos pais de Isadora. As historias de Berta espertan os desexo de xustiza de Isadora, que a levan a levantar a voz e a loitar no que cre. Cando Berta morre, déixalle terras e unha suma de diñeiro para que poida ter unha vida mellor; para que siga loitando polos seus dereitos e por aquelas que non teñen voz.

Referencias varias:

- M. N., “Pantemia literaria autóctona”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Galicia Sur-Punto de Encuentro”, “Vigo”, “Novelas y escritores”, 29 setembro 2019, p. 31.

Nun artigo sobre o movemento literario en Vigo, amenta os autores Domingo Villar, Pedro Feijoo, María Xosé Porteiro e María Reimóndez e os seus últimos títulos publicados.

Ríos, Eli, *O ceo das reixas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xuño 2019, 78 pp. (ISBN: 978-84-9121-550-9).

Eli Ríos (Londres, 1976) ambienta este relato psicolóxico, estruturado en nove capítulos intitolados, nun cárcere e no marco dunha atmosfera claustrofóbica. A voz narrativa en terceira persoa combínase cos pensamentos de dúas personaxes femininas e a conversa que estas manteñen, nun discurso impregnado de teatralidade, simbolismo e linguaxe poética no que predominan as frases curtas e sentenciosas, certa abstracción no tratamento dos feitos e a introdución de baleiros para abordar temas como a violencia, a opresión e

o ecoloxismo. Noelia, unha cirurxiá que pasou ao módulo de respecto e está a piques de saír á rúa, non dubida en socorrer a Puri, outra presa que se autolesionou. De volta á súa cela, atopa unha nova compañeira, unha anciá chamada Fina, que lle conta as razóns polas que foi parar ao cárcere, acusada de asasinar máis de setecentas persoas. Axiña, a historia de Fina revela como, coa colaboración do seu intelixente sobriño Lois, utilizou o sangue menstrual para obter unhas colleitas de inmellorábel calidade, e pídelle que traballe con el ao que saía do cárcere. Malia que o desenlace, cando Noelia esperta nun hospital e asiste á revelación de que sufriu un accidente e abriu a cabeza, pon en cuestión o sucedido, a cirurxiá ten no seu poder a postal que Fina lle entregou e recibe a visita de Lois.

Recensións:

- Mario Regueira, “Fábula malograda”, *Sermos Galiza*, n.º 365, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 26 setembro 2019, p. 6.

Lembra a traxectoria poética da autora para presentar a súa segunda proposta narrativa. Salienta a construción de personaxes cunha certa complexidade moral e a creación dun violento ambiente de cárcere onde se dificulta a creación de amizades. Non obstante, considera que a obra é unha “fábula sen maxia que xustifique as súas carencias lóxicas e que choca cun ton excesivamente realista”.

- Pilar Ponte, “Celas sen reixas. Necesaria liberación”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Libros”, 7 novembro 2021, p. VI.

Recensión da obra, na que explica o argumento, no que, a partir do encontro entre dúas reclusas, comeza unha sorte de guerra psicolóxica entre elas que acabará mudando até converterse en empatía. Sobre o discurso narrativo, apunta que se articula a través de voces narradoras, intercalándose a narradora omnisciente con diálogos entre as personaxes e monólogos internos. Indica que este intenso texto tamén brinda outra lectura metafórica, a da sororidade ante situacións de inxustiza.

Referencias varias:

- R. L., “O ceo das reixas”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 196, 8 setembro 2019, p. 4.

Achega información sobre a novela, a súa trama e temática. Por outra parte, fala da traxectoria e biografía da autora, deténdose especialmente na publicación de obras e os galardón obtidos ao cabo dos anos.

_____, *Remexido de patacas*, prólogo de Emma Pedreira, ilustr. Nana, A Coruña: Baía Edicións, col. Narrativa, n.º 35, febreiro 2019, 81 pp. (ISBN: 9788499953083).

Novela breve galardoada co XL Premio Modesto R. Figueiredo en 2014 e rescatado pola editorial en 2019. O volume ábrese cun prólogo de Emma Pedreira (A Coruña, 1978) no que cualifica a obra de Eli Ríos (Londres, 1976) como “un mapa de lugares” conformado por Bicha (2015), Marta e a píntega (2016), Luns e Culpable (2017) e DX (2018), entre outras, que conforma unha “arañeira, xa que una vez prendidas nas primeiras páxinas non daremos saído nunca”. Ademais, sinala os temas esenciais do conxunto das súas creacións, centradas na realidade social dende a perspectiva de xénero. O relato, artellado

en trinta breves capítulos, céntrase na historia de submisión e violencia de xénero no ámbito doméstico que sofre Ana, recreada con pinceladas macabras, ironía e humor negro e recorrendo ao simbolismo, ademais de poñer de manifesto a través das personaxes o concepto de sororidade. Dende un rexistro realista, a protagonista, Ana, relata en primeira persoa como a súa parella, Moncho, pasou de ser un home encantador a converterse nun monstro. Farta de aturar os malos tratos, un día reacciona e asasínoa cunhas patacas e, para desfacerse do cadáver, acepta o consello da carteira, Pili, o cal dá lugar a un enredo e a diversas conversas entre elas que poñen de manifesto o sufrimento destas mulleres. Contra a fin do relato, Ana, xa con oitenta e cinco anos, está diante da psiquiatra Carme co obxecto de decidir sobre a súa propia morte. É entón cando aparece outra versión da historia que a sitúa como unha tola, pois Carme non cre o relato da paciente ao non haber probas que xustifiquen tal asasinato, xa que, segundo a filla de Ana, Moncho fuxiu con Pili e deles nunca máis se soubo.

Referencias varias:

- M. M. O., “Eli Ríos divulga en Ordes a obra ‘Remexido de patacas’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ordes. Melide. Arzúa. Deza”, 10 abril 2019, p. 32.

Dá conta da presentación da obra *Remexido de patacas* na librería ordense Tango, nun acto no que participarán a ilustradora Nana e e Belén López, directora de Baía Edicións. Explica que a obra expresa o compromiso da autora coa literatura como medio de crítica e cambio social.

- Montse García, “Eli Ríos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Letras”, 12 abril 2019, p. L10.

Informa sobre a presentación da última obra da autora na Librería Tango de Ordes. A referencia ao libro en cuestión aparece mal citada, pois indica “Remexido literario” no canto de *Remexido de patacas*.

- Tamara Montero, “Ordenses de letra afiada”, *La Voz de Galicia*, “*El comarcal de Santiago*”, n.º 2, “Especial Ordes”, abril 2019, p. 25.

Dá conta do posto en ExpoOrdes que dá a coñecer os autores máis vencellados á comarca, caso de Eli Ríos, autora de *Remexido de patacas* e *Ningunha tortilla é mala*; Marisol Gándara, autora de *Ata o corazón da mazá*; e Ramón Vilar, que escribiu *Os televisores estráxicos*.

Roxo, Clara do, *Actrices secundarias*, ilust Xavier Magalhães, Vigo: Editorial Elvira, maio 2019, 144 pp. (ISBN: 978-84-948786-6-4).

Novela da autoría de Clara do Roxo, nome literario de Clara Isabel Rodríguez Giráldez (Caracas, 1962) que foi finalista do Premio Torrente Ballester no ano 2018. Logo dunha breve nota sobre a vida e produción literaria da autora e dos agradecementos desta, a obra iníciase cun limiar de Ana Luna Alonso, profesora da Universidade de Vigo, no que anticipa, entre outros aspectos, a voz narradora, o contido ou as temáticas da narración (o patriarcado, a emigración, a memoria, o sentimento de non pertenza a ningures...). *Actrices secundarias*, que se divide en “Toma previa”; “Tomas iniciais”, conformada por

sete capítulos titulados; “Tomas de seguimento”, “Tomas na procura do final” e “Tomas finais”, conformadas por cadanseus catro capítulos; e “Derradeira toma”, está narrado en primeira persoa por unha muller que quere reconciliarse co seu pasado. A partir dunha analepse continuada como fío condutor, ofrécese unha imaxe da emigración e un percorrido vital dende o Brasil dos anos setenta a Galicia. Diferentes personaxes femininas, como a nai e as irmás da protagonista e Celeste, como actriz convidada, así como masculinos, coma o pai como actor principal, tamén teñen peso na historia.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Muller, emigración e silencios”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 13 setembro 2019, p. 10.

Recensión da obra finalista no Premio Torrente Ballester 2018. Explica o argumento da novela e indica que se insire na tendencia híbrida denominada “novela testemuño”, que encerra moita recreación literaria.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Esperando la llegada de Miguel”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, 6 xuño 2019, pp. 62-63.

Menciónase a asistencia ao acto de presentación da obra, ao cal asistiron a autora e o editor, Xabier Romero. Indícase que o libro foi finalista do Premio de Novela Torrente Ballester de 2018 e explícase que o argumento versa sobre a historia de catro mulleres que asumiron papeis secundarios, estando os principais reservados ós homes.

Salceda, Pura, *O paxaro de nácara*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 394, xullo 2019, 412 pp. (ISBN: 978-84-9151-356-8).

Pura Salceda (Cidade de México, 1961) estrutura esta novela narrada en terceira persoa en vinte capítulos que transitan polo relato costumista e social, a novela de amor e a de intriga. Nela cóntase a historia de Nélica, unha editora barcelonesa que recibe a nova do pasamento da súa avoa e viaxa até a parroquia de Feás, no concello ourensán de Boborás, para asistir ao enterro. Alí coincide con Elías, un amor de mocidade co que estivo a piques de casar, aínda que a relación se frustrou porque el emigrou a México DF e ela decidiu non seguilo. Xa nas vacacións de verán, Nélica cae rendida ante os encantos de Elías, co que mantén ás escondidas encontros sexuais, ao tempo que ambos pescudan certos detalles pouco claros da morte nun accidente de coche do tío Gonzalo e outros asuntos do pasado das súas familias e da veciñanza (mortes, suicidios, mentiras, abusos sexuais). A elección da aldea como escenario serve de escusa para abordar a descrición do espazo, a casa, a familia, os costumes, as festas ou as comidas, aspectos ben coñecidos para o lectorado galego, pois abordan a súa realidade; do mesmo xeito, a temática da emigración, coa que todos os personaxes están relacionados, utilízase para recrear a vida dos galegos e galegas en lugares como Venezuela, Panamá, e, sobre todo, México, caracterizar a súa maneira de ser e a súa actitude lingüística mediante os seus parlamentos en castelán. Combínanse así descricións, diálogos entre os amantes, que pretenden ser retranqueiros e humorísticos, e multitude de comentarios da voz narradora sobre temas como literatura, música, cinema ou pintura.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Feás no centro. Anécdotas que non cadran”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 729, “Libros”, 24 outubro 2019, p. VI.

Recensión do *debut* na narrativa galega de formato longo de Pura Salceda. Explica o argumento da historia e indica que é unha narración con múltiples facianas que achega centos de anécdotas que non facilitan a atención lectora. A arquitectura da obra baséase en diálogos, que considera demasiado abundantes.

- Armando Requeixo, “Entre dous mundos”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.117, 8 decembro 2019, p. 30.

Explica que *O paxaro de nácara* é a historia de Nélide, editorialista barcelonesa que ten que volver á parroquia de Feás onde se atopa co seu amor de mocidade, unha historia que non puidera ser ao emigrar el a México. Destaca que é unha novela homenaxe á heroica xeración emigrante de Posguerra, unha novela “matrioska”, que encerra novela de amor, de investigación e descuberta, social, epocal e mesmo da novela de saga.

Referencias varias:

- ECG, “Aniversario do Certame de Rosalía en Cornellà”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 decembro 2019, p. 29.

Informa da presentación da edición *Certame de poesía Rosalía de Castro (1997-2018)*, que compila os textos de 49 poetas galardoados ao longo dos últimos 20 anos. Tamén se presentará a novela *O pasado e Nácara*, de Pura Salcedo.

Tomé, Abel, *A noite do lobo*, Premio Illa Nova de Narrativa 2019, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 395, xullo 2019, 214 pp. (ISBN: 978-84-9151-357-5).

Abel Tomé (Outes, 1984) presenta a segunda entrega da triloxía que comezou con *A noite do corvo* (2018), segundo se indica na lapela do volume. Neste caso trátase dunha novela de aventuras con pinceladas fantásticas ambientada nun escenario imaxinario, narrada en primeira persoa polo seu enigmático protagonista, Lourenço d’Ourantes, e sen unha ambientación temporal precisa, dado que se mesturan referencias a épocas históricas distintas. A narración constrúese utilizando a mitoloxía asociada ao lobo, dotándoa dun carácter mítico, aspecto que conflúe coa crítica ao poder absoluto e despótico da realeza e a nobreza e ao fanatismo da Igrexa e unha trama arredor da pescuda duns crimes que acaban non sendo tales. Cóntanse as peripecias de Lourenço d’Ourantes, un afamado cazador de lobos que vive retirado en Luiçiana, territorio rebelde dentro dos dominios imperiais da Raíña, a partir do momento no que recibe a encomenda de liberar o Val de Constança dunha besta criminal que acabou coa vida do fillo do conde. Na compañía do mozo Johan Pelaiz, emprende a viaxe cara ao condado, un camiño ateigado de perigos no que bate co Raposo, unha sorte de Robin Hood; con Víctor Frankens, coñecedor do pasado de Lourenço na selva; cunha Eader, intérprete do bosque que profesa a relixión pagá; e cos *Executor*, que cumpren as ordes dos que dirixen o mundo. Lourenço descobre

que non existe tal lobo e que as mortes se deben ás intrigas do bispo del Riego, ao tempo que se revela o carácter inmortal do personaxe, produto dunha maldición. O estilo da novela, estruturada en vinte e oito capítulos intitulados con versos da estadounidense Emily Dickinson, caracterízase polo predominio do diálogo e as frases curtas, case telegráficas, nas descrições, ademais de inserir numerosas referencias a series de televisión de moda e a personaxes da literatura fantástica.

Recensións:

- Patricia Penelas, “A consolidación de Tomé na narrativa galega”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, pp. 74-75.

Patricia Penelas recolle a entrada do autor Abel Tomé no panorama literario galego con *A noite do corvo* (2018), primeira entrega dunha triloxía en curso, que continúa con *A noite do lobo*, gañadora do III Premio de Narrativa Illa Nova 2019. Nesta novela, Tomé evoca a figura de Ánxel Fole por medio do lobo e tamén da fauna galega, narrando unha historia na que o lobo é presentado coma un asasino sanguinario ao que se lle debe dar morte tras ter ocasionado o falecemento do fillo do Conde. Trátase dunha obra chea de simbolismo, que se achega tamén a temas como a Igrexa, a monarquía ou o poder, e que conta cun grande dinamismo e un forte dominio da descrición.

- P. Salas, “Abel Tomé, Premio Illa Nova 2019”, *Grial*, n.º 222, “O rego da cultura”, abril 2019, pp. 10-11.

Dá conta da entrega do III Premio Illa Nova de Narrativa a Abel Tomé coa novela *A noite do lobo*. O galardón está dedicado a premiar autores menores de 35 anos e, nesta edición, homenaxeou tamén a Editorial Galaxia pola publicación dos primeiros títulos de autores como Xohana Torres ou Méndez Ferrín. O premio foi entregado pola gañadora da edición anterior, Antía Yáñez e o acto contou ca participación de figuras como Malores Villanueva, editora da Editorial Galaxia, e Antón Vidal, presidente dela.

Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Abel Tomé. ‘As historias con final feliz son fáciles de vender, pero non se axustan á realidade’”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 18 xullo 2019, p. 10.

Entrevista ao autor que presentaba a segunda parte da súa triloxía, *A noite do lobo*, no Corte Inglés de Ramón y Cajal. Na entrevista comenta a súa participación no Premio Illa Nova de Narrativa, que gañou con esta novela, así como explica os caracteres similares entre os protagonistas das dúas novelas, e de onde veñen estes personaxes torturados. Menciona entre a inspiración ás mulleres da aldea na que se criou e enlaza falando da conciencia feminista que deixa a novela. Informa do cuestionamento á autoridade que se pode percibir na súa obra, e aproveita para falar tamén do lado escuro do que falan os seus libros. Remata comentando o seu propósito tras empregar a lingua galega para a súa escrita e mencionando os seus próximos proxectos.

Vega, Rexina, *Ninguén dorme*, Santiago de Compostela: Edicións Laivento, col. Narrativa, n.º 377, 74 pp. (ISBN: 978-84-8487-458-4).

Novela breve de Rexina Rodríguez Vega (Vigo, 1966), segmentada en capítulos moi curtos sen ningún tipo de numeración ou título. Na lapela da portada ofrécese información biográfica da autora relativa á súa traxectoria literaria e investigadora. Nos paratextos iniciais recóllense citas de Antoine Volodine e Federico García Lorca. A narración, que encadraría no realismo sucio, transcorre de xeito que van aparecendo personaxes que comparten hotel - unha muller madura que vén de abortar, un home de que vén de sobrevivir da viaxe en caiuco dende Maputo ou unha rapaza maltratada, entre outros-. Todos eles personaxes en situacións difíciles, insomnes na noite no hotel; ningún deles dorme, porque todos teñen que cargar coas súas culpabilidades e problemas. Amosa unha representación sórdida da sociedade: as pulsións, a violencia, o engano, o desprezo ao corpo... Na obra, son constantes as referencias a figuras da literatura como Bataille, Kafka, Lorca, Volodine, Perec, Cunqueiro, Rosalía, Ferrín, Peimentel ou Novoneyra.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Noite de lobos e tiburóns”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 decembro 2019, p. 30.

Recensión da obra de Rexina Vega, sobre a cal explica que se trata dunha novela breve baseada nunha estrutura compositiva de varias historias que suceden de xeito paralelo. Debulla o argumento e loa as súas boas doses de minimalismo, as elipses, as descrições a xeito de pausas entre secuencias e “a ausencia de diálogos neste verdadeiro teatro do horrores narrado sen eufemismos”.

- Irene Pin, “Do 30-N ao 1-D en Pontevedra. A cultura vai á feira”, *Sermos Galiza*, n.º 374, “*fóradeserie*”, 28 novembro 2019, pp. 2-3.

Anuncia a celebración dunha nova edición do Culturgal no Pazo da Cultura de Pontevedra e fai un breve repaso das distintas actividades nos distintos espazos que conforman o evento. No plano da literatura menciona as distintas obras que serán presentadas, entre elas *Ninguén dorme*, a última novela de Rexina Vega.

Vega Gómez, Xosé Manuel, *Déixate de ódegas*, Allariz: Aira Editorial, maio 2019, 129 pp. (ISBN: 9788494780769).

Inclúe os relatos “A cocha”, “Lisardín”, “O carneiro”, “O lobo”, “Concha de Campos”, “O Rufo”, “A mula”, “O rabelo”, “A malla”, Manuel da Cova”, “A navalla”, “As abellas”, “O carro”, “O capador”, “A Morita”, “O Pito e a Serpe”, “As cereixas”, “A paloma”, “O viño”, “A carta”, e “Á morte da miña nai”.

Recensións:

- Carme Hermida, “Emocións”, *Tempos Novos*, n.º 270, “Cultura”, “Protexa”, “Narrativa”, novembro 2019, p. 92.

Carme Hermida fai unha recensión da obra *Déixate de ódegas*, de Xosé Manuel Vega, que narra as vivencias dun neno galego arredor dunha “Galicia rural, que xa non labrega, pero que segue a ser galega” e nun escenario típico, o souto dos Ancares. Hermida asegura que se trata dunha obra capaz de provocar moitas e variadas emocións, sen deixar indiferente a ningún lector. Entre os acertos da obra, a autora fai eco do seu estilo, caracterizado por unha linguaxe sinxela, o emprego de recursos prosódicos da lingua oral, a disposición textual e o predominio da variante dialectal ancaresa.

Velasco, Eduard, *Os días felices de Benvido Seixas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, maio 2019, 182 pp. (ISBN: 978-84-9121-508-0).

Primeira novela do poeta e tradutor Eduard Velasco (Barcelona, 1982) na que, dende o realismo pero cun ton humorístico, se achega un retrato da sociedade galega e dalgúns dos tópicos e clichés que caracterizan os seus membros co fin de caricaturizalos. A trama, ambientada en Pontevedra e tamén en Santiago de Compostela, Vigo, Sanxenxo, Portonovo e o Courel, céntrase na relación amorosa que xorde entre dous personaxes moi diferentes: Mariña, unha moza traballadora inconformista e crítica, centrada no activismo cultural a través da asociación O Maio, de pensamento nacionalista e ecoloxista, e Bienvenido ou Benvido (pois aparece cos dous nomes), orfo dunha familia adañeirada que vive totalmente alleo á súa realidade social e o ignora case todo do seu país. Co fin de seducila, Benvido méntelle e constrúese unha nova identidade: faise pasar por un avogado en paro, abandona a súa luxosa casa na Caeira, aluga un piso en Coia e mesmo adopta un can. A mentira chega até tal extremo que, coa complicidade do seu amigo Mariano, Benvido finxe a súa morte nun accidente de tráfico logo da manifestación e os festexos do Día da Patria Galega, e a partir de entón acaba descubriendo a lectura, interesándose por libros galegos e pensando en encamiñar o seu futuro dunha forma diferente, de maneira que vende a casa da Caeira e rehabilita con todo luxo o piso da Peregrina e, grazas ao seu novo aspecto (con barba e lentes), acorda recuperar a Mariña con outra nova identidade adoptando o nome do seu pai, Perfecto. A novela constrúese acumulando situacións conducidas polo narrador en terceira persoa e ofrecendo a xustaposición de escenas de ritmo acelerado e de descrições dos personaxes mediante pinceladas até rematar cun desenlace aberto.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Novela de humor. Amoríos cunha galeguista de esquerdas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 720, “Libros”, 4 xullo 2019, p. VI.

Comeza reflexionando sobre a necesidade da existencia de obras literarias dedicadas ou orientadas ao entretemento e como a novela *Os días felices de Benvido Seixas* de Eduardo Velasco entronca perfectamente nesa categoría. A continuación achega un resumo da trama principal e indica que se trata da historia dun mozo vigués acomodado que coñece a unha activista social de esquerda da que se namora e para a cal constrúe unha identidade totalmente distinta á súa propia. Remata anunciando que o final desta novela é un tanto amargo e aberto.

- Ramón Nicolás, “Contrastes e ironía”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Crítica”, “A outra mirada”, “*Ex umbra in solem*”, 5 xullo 2019, p. 10.

Comenta que Eduard Velasco constrúe unha novela solvente que fala do amor e do humor e ofrece unha lectura áxil e moi fresca e ofrece un resumo da trama principal. Trátase dunha novela que narra a historia de amor e desamor entre un mozo de clase acomodada e unha moza militante de base e defensora de todas as causas xustas.

Vilar Landeira, Ramón, *Un peixe no parqué*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xuño 2019, 104 pp. (ISBN: 978-84-9121-549-3).

Tras *Os televisores estráxicos* (2014), Ramón Vilar Landeira (Rodís, Cerceda, 1973) aposta de novo neste volume polos relatos curtos, malia recorrer a recursos propios da novela e ir enlazando os dezasete textos breves intitolados coa recorrencia de personaxes, escenarios ou situacións. Os relatos, de vocación realista, exploran diferentes vivencias tomadas da vida cotiá nun tempo contemporáneo que protagonizan unha parella con dous fillos e personaxes vinculados a eles dunha ou doutra maneira (amigos, coñecidos ou persoas coas que baten por casualidade), as cales se refiren botando man da primeira persoa narrativa. Cun ton que mestura a melancolía co desenfado e certa ironía, preséntase unha sociedade urbana actual recoñecibel para o lectorado e abórdanse temas como o paso do tempo, a rutina, a crónica dos días, o desencanto, as pequenas derrotas e miserias, os soños frustrados, a sorte ou a infelicidade. As temáticas acollen tanto experiencias centradas no contexto laboral coma no ámbito íntimo, sen agochar certo espírito crítico e retranqueiro.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Espellos do caleidoscopio”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem” 26 xullo 2019, p. 10.

Ofrece unha análise da novela ou conxunto de relatos, segundo se queira clasificar, *O peixe no parqué* de Ramón Vilar Landeira, explicando que se trata dunha historia que, a través do humor e a ironía, nos transporta a situacións da vida cotiá para facernos pensar sobre cuestións máis transcendentais da existencia. Finaliza sentenciando que o autor convida a interpretar silencios, acenos, reaccións, preguntas sobre a propia vida que quedan cimbrando no aire.

- Vicente Araguas, “Non pasa nada”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.107, 29 setembro 2019, p. 32.

Apunta que no libro de Ramón Landeira acontecen poucas cousas, simplemente se presenta a personaxes con papeis pasivos ante o acontecer. Sobre os remates dos relatos, defíneos como tan etéreos que cada lector pode interpretalos á súa maneira.

- Pilar Ponte, “Narrativa doméstica”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Libros”, 17 outubro 2019, p. VI.

Recensión na que explica que o propio autor cuestiona o xénero desta obra, que se pode interpretar como un conxunto de relatos que se poden considerar unha novela ao estar relacionados ou como unha novela composta de relatos. Indica que todos os relatos aparecen narrados en primeira persoa, cun rexistro formal, con notábel presenza da ironía. Destaca a habilidade do autor para converter en narrativa situacións domésticas. Afirma

que, malia presentarse como unha novela desenfadada, aborda diversos problemas sociais como os malos tratos, a emigración ou a crise do comercio tradicional.

VV. AA., *Longas sombras na pedra*, Santiago de Compostela: Urco Editora, Consorcio de Santiago, col. Alcaían, 295 pp. (ISBN: 978-84-949456-8-7).

Longas sombras na pedra é un conxunto de nove relatos que recollen a historia da cidade de Santiago de Compostela, dende antes incluso de existir até a súa época contemporánea. En “Laxes de Vrins”, Mariña Pérez Rei describe como unha tribo nómade se afasta de Vrins tras soterrar alí a varios membros falecidos, entre os que se acha a muller do xefe. O seu fillo maior, que percibe a fraqueza do seu pai, vaillle roubando o poder a este. “Fabricando un milagre”, de Héctor Cajaraville, recolle a visita a Iria Flavia do rei de Oviedo, Afonso, para falar co bispo do lugar, Teodomiro, e encomendarlle que fabrique un milagre, o achado dos restos do apóstolo Santiago no monte Libredón, para motivar ao seu exército na loita contra os musulmáns. “Edda á cidade das mil tumbas”, de María Alonso, narra a chegada dos normandos a Galicia coa intención de saquear Compostela, como son repelidos polo pobo galego e a súa fuxida. Améntanse tamén os conflitos entre os bispos Sisnando e Rosendo. “Camiño a ningures”, de David Botana, relata a peregrinación dun monxe a Compostela fuxindo da peste que asolou Marsella. Este atópase no camiño con Gonzalo de Aguiar, novo arcebispo de Santiago, quen empregará a peste para recuperar o señorío da cidade, ocasionando incontábeis mortes. En “Tintín e o misterio da cripta do Apóstolo”, Cris Pavón refire como Eulalia Veiga, dama de compañía da irmá do arcebispo Juan de Sanclemente, investiga que foi o que traumatizou a este cando entrou nunha cripta tratando de pór a salvo as reliquias do Apóstolo. Os personaxes do relato correspóndense cos das historias de Tintín de Hergé. En “Apoloxía da indecencia”, María Alonso describe os castigos que a Santa Inquisición lle inflixe a unha rapaza, acusada de ler un libro prohibido pola Igrexa e de bruxería, sendo o derradeiro a morte. “Irmandiñas n.º1”, de Héctor Cajaraville narra as dificultades cas que se atopa unha loxa feminina vinculada ca masonaría que pretende lograr a igualdade entre homes e mulleres nun mundo profundamente machista. “Desilustrísima”, de Cris Pavón, recolle os pensamentos do arcebispo Rouco, que se compara cos que desempeñaron o cargo previamente e enumera os logros conseguidos e os que pensa obter nun futuro próximo. “Hipótese dun achado”, de Mariña Pérez, é un borrador de novela sen rematar, protagonizada por dous homes do Seminario de Estudos Galegos, en base a unha carta que pon en dúbida que realmente fosen os restos do Apóstolo os que antano se atoparon. Finalmente, a obra conta cunha guía de lectura elaborada por Raquel Vila-Amado, que contén un estudo detallado dos personaxes, tempos e espazos dos relatos e varias propostas didácticas

Recensións:

- Mario Regueira, “A historia, a fantasía e a cidade”, *Sermos Galiza*, n.º 343, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 25 abril 2019, p. 6.

Sinala que o volume colectivo *Longas sombras na pedra* é unha narración que recrea a tan rica historia da cidade de Compostela e que se erixe como un dos poucos libros que explota todo o potencial literario que un espazo como Santiago ten e que literariamente foi pouco aproveitado con anterioridade. Apunta que a peza está construída nun sentido

cronolóxico e alude a algúns dos títulos do relatos que a compoñen, nomeadamente “Laxes de Vrins”, “Irmandiñas n.º 1” e “Hipótese dun achado”.

Referencias varias:

-ECG, “Cinco escritores contan a historia da cidade en ‘Longas sombras na pedra’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 decembro 2019, p. 24.

Faise eco da presentación do libro o 10 de decembro nun acto no que acompañaron aos autores Xosé A. Sánchez Bugallo, Belén Hernández, Juan Conde e Denís Fernández Cabrera. Explica que a proposta do libro é achegar unha nova visión do nacemento de Santiago de Compostela como urbe, cun pouso de enigma.

VV. AA., *Relatos da Ulloa*, Xulio Pardo de Neyra (ed.), Santiago de Compostela: Gadisa: Instituto de estudos Ulloáns: Sacauntos, 2019, 98pp. (ISBN: 978-84-949691-3-3).

Xulio Pardo de Neyra (Lugo, 1968), recolle neste libro unha serie de relatos curtos, obra de diversos autores, cuxa acción se sitúa nas terras de Ulloa. Nestas páxinas mestúranse múltiples xéneros, como fantasía, historia, realismo e denuncia social. Os relatos están acompañados dun prólogo escrito polo propio Pardo Neyra, onde fala da maxia que envolve ás terras de Ulloa, e as razóns que o motivaron a emprender este proxecto. Enumera tamén a todos os autores que colaboraron neste proxecto: M. Campo, M. Canosa, M. do Cebreiro, M. Darriba, X. Duncan, G. Fente Pardo, M.X. Gómez Alvite, B. Maceda Abeleira, X. Pardo de Neyra, E. Pedreira, C. Penela, C. Pita, A. Portabales e E. Ríos. Todos eles debuxan coas súas palabras a paisaxe da Ulloa e ás súas xentes, en tons que varían segundo o autor. Cada historia é independente e ten o seu propio fío argumental, pero as localizacións da comarca da Ulloa son o punto que teñen en común. Entre os relatos podemos atopar unha versión da serea de Cunqueiro, historias da Galicia medieval ou dos anos 80, bruxas e mesmo unha ollada futurista a unha Galicia separada do resto do país por muros e como destino restrinxido.

Referencias varias:

- Irene Jiménez, “Gadis edita 30.000 volumes e difunde o legado de Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 maio 2019, p. 43.

Indica que Gadisa edita *Relatos da Ulloa*, unha antoloxía de trece obras curtas de autores galegos que afonda nas raíces do universo literario da comarca da Ulloa.

Villar, Domingo, *O último barco*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 383, marzo 2019, 794 pp. (ISBN: 978-84-9151-304-9).

Domingo Villar (Vigo, 1971) presenta nesta novela policial un novo caso do inspector vigués Leo Caldas e o seu compañeiro, o axente aragonés Rafael Estévez, protagonistas das dúas entregas anteriores do autor: *Ollos de auga* (2006) e *A praia dos afogados* (2009), a cal supuxo a súa consagración no panorama internacional da novela negra. O famoso médico Víctor Andrade acode á comisaría para denunciar a desaparición da súa filla, Mónica Andrade, que reside en Tirán e non responde ás súas chamadas de teléfono,

e fai valer a súa influencia social para que o comisario Soto lle encargue o caso ao inspector Leo Caldas. O caso preséntase complicado, xa que a desaparecida é maior de idade e cabe a posibilidade de que marchase sen avisar e non teña o móbil aceso por decisión propia. Aparentemente, a rapaza deixou a casa coma calquera outro día, non hai sinais de violencia nin de que as pechaduras das portas e as ventás fosen forzadas. De maneira moi lenta e sen ningún sospeitoso, loitando contra as presións do comisario Soto, Caldas percorre Tirán e Vigo, onde pescuda na Escola Municipal de Artes e Oficios, na que Mónica é ceramista, e tamén reconstrúe os seus pasos collendo, como ela fixo até entón, o barco que une ambas as poboacións. No transcurso da acción, Caldas vai dando resposta a varias preguntas: a que hora colleu Mónica o último barco entre Tirán e Vigo ou no camiño inverso? Por que non acudiu á titoría na Escola para axudar os alumnos en substitución do seu mestre, Manuel Vázquez? Que a puxo tan nerviosa nas últimas horas nas cidade? Que ten que ver o enigmático Camilo Cruz, o seu veciño con problemas mentais? Que sabe o vagabundo Napoleón, que senta na porta da Escola de Artes e regala sempre unha cita célebre a quen pase? Leo Caldas descubrirá que a máis apracíbel das superficies pode ocultar un fondo escuro, e co seu deambular perfílase un retrato da crueldade que se reflicte a través dos prexuízos, a hipocrisía, a mentira, o engano e a degradación humana, ao tempo que o seu compañeiro Estévez repara no particular carácter dos galegos e expresa con humor a súa incomodidade. A narración bota man dos recursos da novela policial e o discurso constrúese fundamentalmente con diálogos, na súa maioría a modo de conversas e interrogatorios que fan avanzar a investigación. A través deles preséntanse tamén os personaxes, perfilados ou intuídos, a través das súas palabras, os seus xestos e silencios.

Recensións:

- Ceferino de Blas, “Una policíaca de 703 páginas”, Faro de Vigo, “El sábado”, n.º 1.110, 9 marzo 2019, cuberta.

Crónica sobre a última novela de Domingo Villar, na que debulla o argumento, presenta os personaxes e vai percorrendo as localizacións nas que se ambienta a obra. Afirmo que estamos ante unha triloxía de novelística viguesa polo protagonismo que ten a cidade e os seus arredores e que é unha homenaxe á Escola de Artes e Oficios.

- Santiago Jaureguizar, “Ese aciago día no que te cargas a cafeteira”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 174, 10 marzo 2019, p. 8.

Informa da publicación da novela *O último barco*, e comenta que inicialmente a novela se chamaría “A filla do doutor Andrade”, para posteriormente cambiar a “Cruces de pedra” e finalmente recibir o nome co que se publicou. Dá conta do primeiro borrador que entregou o autor á editorial e os motivos polos que volveu refacer a novela.

- José Miguel Giráldez, “Domingo Villar: ‘Mis novelas son policíacas, pero a la vez historias de amor por esta tierra’”, *El Correo Gallego*, “Entrevistas”, 14 marzo 2019, p. 18.

Dá conta da publicación da novela e da súa presentación en Santiago de Compostela. Entrevístase o autor, quen fala da paisaxe de Vigo como escenario para *O último barco*, do protagonista da triloxía, Leo Caldas, a quen describe como compasivo.

- Vicente Araguas. “Policíaco galego”, *La Región*, “*La revista*”, “Con texto”, “Rabo de nube”, 22 marzo 2019, p. 14.

Informa da publicación da novela de Domingo Villar e comenta o seu argumento. Louva o texto, cualificándoo dun “libro estimulante”. Destaca que a novela saíu cunha tirada de dez mil exemplares.

- Vicente Araguas, “Leo Caldas deduce”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1080, 24 marzo 2019, p. 32.

Describe o argumento da obra, a cal insire no xénero dedutivo. Se ben considera que o libro se precipita no final e obxecta o mal emprego da palabra *picaporte* e as pedanterías do mendiño Napoleón, salienta que gozou da lectura da novela.

- Diego Ameixeiras, “Honos para Leo Caldas”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Crítica*”, “*A outra mirada*”, “1.280 almas”, 5 abril 2019, p. 10.

Comeza explicando que hai poucos autores que amosen o músculo literario de Domingo Villar, que xunta a profundidade psicolóxica co retrato social dende a coñecida novela *A praia dos afogados* até a última entrega desta saga: *O último barco*. Desta peza narrativa destaca a caracterización do personaxe protagonista, o detective Leo Caldas, de quen, desta volta, coñecemos a súa faceta máis humana.

- Francisco Martínez Bouzas, “Demorada novela negra, o mellor de Villar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 718, “*Libros*”, 18 abril 2019, p. VI.

Considera esta obra a mellor novela de Domingo Villar, aínda que a considera excesivamente ampla. Resalta a personalidade de Leo Caldas e o xeito no que amosa amor á súa terra, chegando a recrear con paixón a idiosincrasia e paisaxes galegas.

- Patricia Penelas, “Sensibilidade e perfección villarinas”, *Grial*, n.º 224, “O espello das letras”, outubro 2019, pp. 103-104.

Patricia Penelas ofrece unha análise da novela *O último barco*, de Domingo Villar. Para isto, comeza facendo un percorrido pola obra deste autor e destacando os seus logros no ámbito literario (Premio Frei Martín Sarmiento, Losada Diéguez, Libro do ano da Federación de Libreiros de Galicia etc.). Polo que se refire á novela en si mesma, Penela empeza resaltando os puntos en común que ten esta obra coas outras dúas publicadas polo autor (*Ollos de auga*, 2006 e *A praia dos afogados*, 2009), como é o caso das personaxes e a localización viguesa. Porén, sinala que as tres tramas non están vinculadas e describe brevemente o argumento da novela que nos ocupa. Finalmente, péchase este traballo reflexionando sobre a extensión da obra (800 páxinas) e sobre o proceso de creación.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “De Lemaitre á Rosalía feminista”, *La Voz de Galicia*, “*Libros*”, “*Galego*”, 15 xaneiro 2019, p. 4.

Nun artigo coas novidades literarias en galego de 2019, amenta *Ters días e unha vida*, de Pierre Lemaitre; *Números vermellos*, de Ana Fontenla; *O último barco*, de Domingo

Villar; *Carta a unha profesora*, de Escola de Barbiana; *Pioneiras 2*, de Anaír Rodríguez; e *Rosalía feminista*, de Helena González.

- A. Baena, “A taberna Eligio fai unha preestrea por Leo Caldas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 febreiro 2019, p. 14.

Informa da presentación do libro de Domingo Villar nun encontro privado entre o autor e libeiros vigueses na taberna de Eligio. Indica a data na que se publicou a novela e apunta que a editorial Siruela será a encargada da súa versión en castelán.

- E. O., “A taberna de Elixio reabre coa ‘visita’ do inspector Leo Caldas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 febreiro 2019, p. 36.

Sinala a presentación que tivo lugar na Taberna de Elixio (un dos lugares preferidos do protagonista da novela) do libro que se publicará o 6 de marzo da man da editorial Galaxia en galego e traducido ao castelán con Ediciones Siruela. O evento privado foi organizado por ambas editoriais diante dalgúns libeiros da provincia de Pontevedra.

- Fernando Franco, “Domingo Villar ‘el costalero’”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 12 febreiro 2019, p. 12.

Informa dun encontro co autor co gallo da presentación de *O último barco* na taberna de Eligio en Vigo. Destaca o escenario da trama que ten lugar na Escola de Artes e Oficios en Vigo.

- Ana Abelenda, “Domingo Villar. ‘Tirei centos de páxinas porque sentín que non tiñan emoción’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Entrevista”, 1 marzo 2019, pp. 1-2.

Entrevista ao autor na que se dá conta da publicación da obra e recolle como foi a experiencia de escritura desta novela, e a presenza da paternalidade e a maternalidade nesta.

- Juan Carlos Galindo, “Así se construye un ‘best seller’ de novela negra”, *El País*, “Cultura”, 2 marzo 2019, p. 32.

Na entrevista o autor relata como foi o proceso de escritura da novela, que lle levou dez anos, así como conta un pouco máis sobre o primeiro manuscrito da novela.

- Marina Sanmartín, “Una investigación en el microscopio”, *ABC*, “ABC Cultural”, “Libros”, “Entrevista a Domingo Villar”, 2 marzo 2019, pp. 14-15.

Marina Sanmartín comeza destacando a extensión da obra e o particular xeito de iniciar os capítulos, que define como hipnótico. Salienta tamén o coidado detalle da narrativa, achegando literatura e realidade. Fai referencia tamén ás “estradas secundarias”, todas as pistas e interrogatorios, que, por unha parte considera que afastan a obra dos diletantes; mais, pola outra, a fai máis “apetecible” para lectores habituais de novela negra. Finalmente, asevera que se trata dunha obra dun “escritor valente”.

- Pedro G. Cuartango, “Domingo Villar. ‘Mientras escribo, aprendo, sueño y vivo’”, *ABC*, “ABC Cultural”, “Libros”, “Entrevista a Domingo Villar”, 2 marzo 2019, pp. 14-15.

Inicia a entrevista afirmando Domingo Villar que, polo momento, esta novela é a obra da súa vida. Define o escenario, a ría de Vigo e o seu contorno, como “crucial”, xa que lle outorga a mesma importancia que á trama da historia. Alude á reivindicación da gastronomía galega e o viño. Fala tamén das súas semellanzas co protagonista: amizades comúns, afección polo viño, un pai viticultor... Do mesmo xeito, fala do rexurdir da novela negra en España e cita como referentes galegos a Torrente e a Cunqueiro. Villar descarta a idea de adaptar cinematograficamente esta obra dada a súa extensión, afirmando que “quedaría desnaturalizada”. Finalmente, escolle a Steveson como o seu novelista de referencia do século XIX e recalca a súa afección pola escritura.

- Elena Ocampo, “Domingo Villar. ‘Vigo es mi paraíso perdido’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 marzo 2019, p. 30.

Informa da presentación da novela na Escola Municipal de Artes e Oficios e entérvistase ao autor, que fala do seu compromiso cos seus textos para estar satisfeito con eles e a súa percepción do oficio de escritor. Comenta a súa relación con Vigo, a súa influencia á hora de crear rutas literarias na cidade e do contido da novela, como a Escola de Artes e Oficios e persoeiros reais que fan aparición na novela.

- Fernando Franco, “Villar y los infieles do carallo”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 7 marzo 2019, p. 10.

Informa do acto de presentación da última entrega da saga protagonizada polo detective Leo Caldas, creado por Domingo Villar nas novelas *A praia dos afogados* (2010), *Ollos de auga* (2013) e *O último barco* (2019). Indica que no acto participan Víctor F. Freixanes, Ofelia Grande e Francisco Castro.

- Olaia Tubío, “Domingo Villar. ‘Tras a morte de meu pai tiven que volver afacerme a desfrutar do meu oficio’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 6 marzo 2019, p. 37/ *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 7 marzo 2019, p. 43.

Entrevista ao autor Domingo Villar co gallo da publicación da súa última novela, que fala da perda do seu propio pai e a maneira na que a orfandade se trata na novela. Comenta os temas da soidade e o paso do tempo no texto, e a metáfora que supón o título do libro, *O último barco*. Finalmente fala do significado das palabras que encabezan o primeiro e o último capítulo da novela, “niño” e “dúbida”.

- Héctor J. Porto, “Vilar, novela negra por sedimentación”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 marzo 2019, p. 33.

Realiza unha análise da novela de Domingo Villar. Cualifica a escritura do autor “de tempo lento y lenguaje sencillo pero muy cuidado”. Dá conta da presentación do libro na Escola de Artes e Oficios.

- A. Baena, “Domingo Villar recupera os casos do inspector Leo Caldas”, *La Región*, “Sociedad”, 8 marzo 2019, p. 67

Faise eco da presentación desta obra na escola de Artes e Oficios, onde se desenvolve parte da novela. Na nova, indica que o libro se presentará de xeito simultáneo en galego

e castelán da man de Editorial Galaxia e Ediciones Siruela. Especifica que, se ben Villar non foi alumno do centro, si o foi a súa nai, que alí estudou debuxo. Menciona personaxes da novela inspirados en membros do centro e fai un percorrido polos espazos do centro que aparecen recollidos no libro.

- A. Baena, “Domingo Villar e Leo Caldas nun ‘lugar singular’”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 8 marzo 2019, p. 11.

Recolle información da presentación desta novela na escola de Artes e Oficios, onde se desenvolve parte da trama, indicando que o libro se presentará en galego e castelán.

- Ana Baena, “Lo último de Domingo Villar, nuevo ‘best seller’ en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 marzo 2019, p. 14.

Informa da presentación da novela de Domingo Villar na Escola Municipal de Artes e Oficios. Describe tamén a porcentaxe de vendas que tivo a novela nalgunhas das máis coñecidas librarías de Vigo.

- Alicia Pardo, “Domingo Villar. ‘A vida está chea de barcos que nunca sabemos se van ser os derradeiros’”, *La Opinión*, “a coruña”, “Ciudad y Cultura”, 10 marzo 2019, p. 11.

Informa do anterior nome que ía recibir a novela, “Cruces de pedra”, e do encontro que tivo lugar na librería Moito Conto para presentar o libro. Entrevístase ao autor, que fala da presenza do mar nas súas novelas.

- Montse García, “Domingo Villar”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Presentaciones hoy”, 14 marzo 2019, p. L10.

Dá conta da presentación da novela en Cronopios ás sete e media da tarde.

- Ceferino de Blas, “Una policíaca de 703 páginas”, *La Opinión*, “Saberes”, n. 647, 16 marzo 2019, cuberta.

Analiza a novela, e destaca a súa redacción, así como a descrición de paisaxes e escenarios, e como o que se menciona de Tirán. Lo a novela, e describe algúns dos seus principais personaxes xa recorrentes na triloxía, así como outros novos.

- Daniel Salgado. ‘Domingo Villar. ‘Cando un crime infecta parte da sociedade, agroma o máis profundo do ser humano’”, *Sermos Galiza*, n.º 339, “fóradeserie”, 21 marzo 2019, pp. 4-5.

Entrevista a Domingo Villar sobre a última obra na que responde a preguntas relacionadas cos personaxes da novela e as súas relacións, os escenarios e sobre como se achegou ao xénero policial.

- Lourdes Varela, "Domingo Villar. 'Coido que algunha xente agardaba máis por Leo Caldas que por min", *La Opinión*, "Saberes", "Entrevista", 11 maio 2019, p. 7.

Artigo que se fai eco da tradución da obra de Domingo Villar ao castelán e do éxito que está a acadar. Salienta o seu prestixio como narrador que conta historias do seu contorno transmitindo moita emoción e sentimento.

- Justo Navarro, “De Vigo a Raqa: manierismo ‘noir’”, *El País*, “Babelia”, “Libros”, 23 marzo 2019, p. 8.

Menciona a novela de Domingo Villar e resume brevemente o seu argumento.

- S. R., “Un homenaje a todos los que hacen las cosas con calma”, *Faro de Vigo*, “Estela”, “Reportaje”, 31 marzo 2019, p. 5.

Informa da presentación da novela de Domingo Villar na Escola Municipal de Artes e Oficios. Fai un percorrido polas salas da EMAO que fan aparición na novela, revelando datos e persoeiros relevantes relacionados coa Escola.

- Montse García, “Domingo Villar”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Literatura”, 3 abril 2019, p. L10.

Informa da presentación de *O último barco* na librería Pedreira, na que participará Pilar Sampedro.

- Ana Fuentes, “Domingo Villar incluye al autismo en su último libro”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 abril 2019, p. 4.

Dá conta da celebración polo Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo levada a cabo no Auditorio municipal do Concello. Destaca que durante o seu discurso, o presidente da Fundación Menela, Cipriano Jiménez, mencionase a novela de Domingo Villar, que incorporou ao seu libro un personaxe con trastorno autista.

- Belén López, “O éxito real dun escrito está lonxe de que o lean multitudes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 5 abril 2019, p. 61.

Entrevista a Domingo Villar na que responde a preguntas relacionadas co personaxe protagonista coas súas novelas, sobre a súa ambientación en Vigo e sobre a súa percepción do éxito.

- Fernando Franco, “El renacimiento del Eligio”, *Faro de Vigo*, “Mira Vigo”, “Vigo”, 12 abril 2019, p. 9.

Informa da reapertura do bar El Eligio en Vigo, escenario real pero que aparece na ficción como un dos sitios máis concorridos polo protagonista da triloxía de Domingo Villar, o inspector Leo Caldas. Menciona tamén algúns persoeiros que pasaron polo bar no seu momento.

- Luis Seoane, “Domingo Villar, invitado de ‘Hoye con Manquiña’ na Televisión de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 14 abril 2019, p. 61.

Dá conta do encontro entre o escritor e o actor, Manuel Manquiña, presentador do programa no que tivo lugar a entrevista. Informa de que visitaron os Luthier da Escola de Artes e Oficios, un dos escenarios da novela de Domingo Villar.

- Luis Alemany, “Nos piden ser brillantes en pocos caracteres”, *El Mundo*, “La entrevista final”, 8 maio 2019, contracuberta.

Entrevístase o autor, que comenta a presenza de pais e o tema da paternidade na novela, e o proceso de escritura que emprega ao traballar unha novela como esta.

- Lourdes Varela, “Coido que algunha xente agardaba máis por Leo Caldas que por min”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Entrevista”, 9 maio 2019, p. V.

Entrevístase o autor, Domingo Villar, co gallo da publicación da súa novela. Villar comenta como se lle ocorreu empregar a Escola Municipal de Artes e Oficios, e destaca o seu comentario sobre o personaxe do mendigo Napoleón.

- Fernando Franco, “Adolfo y Domingo, de charrada”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 21 maio 2019, p. 11.

Dá conta da presentación da novela de Domingo Villar na librería Letras Corsarias.

- Tomás Alonso, “Domingo Villar: ‘Non son un autor atormentado, son un home feliz’”, *Luzes*, n.º 69, “República”, xuño 2019, pp. 70-75.

Entrevista o autor de *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*, Domingo Villar, tras a publicación de *O último barco*. Achégase información relativa ao proceso creativo do autor, aos seus gustos particulares, a eventos que marcaron o curso dos seus libros e varios aspectos relacionados coa súa obra e o protagonista desta: Leo Caldas

- Ana Abelenda, “¿Qué van a leer este verano”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 28 xuño 2019, pp. 1-2.

Nun artigo sobre recomendacións literarias para o verán, seis autores escollen tres títulos cada un. Inma López Silva recomenda, entre outros, *O último barco*, de Domingo Villar. Entre os elixidos por Domingo Villar están *The making of*, de Xavier Alcalá. Amador Castro recomenda *Infamia*, de Leticia Costas e *Scórpico*, de Ricardo Carvalho Calero. Antía Yáñez selecciona *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, de Antonio Manuel Fraga, *Marafariña*, de Miriam Beizana Vigo e *Feminismos na literatura infantil e xuvenil en Galicia*, de Montse Pena Presas. Rosa Aneiros amenta *Todo isto antes era noite*, de Lucía Aldao e *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, de Leticia Costas. Pola súa parte, Héctor Cajaraville, recomenda, entre outros *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis e *O último barco*, de Domingo Villar.

- Joaquín Abraldes, “Leticia Costas y Domingo Villar, ‘bestsellers’ en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 xuño 2019, p. 9.

Dá conta da presentación dos libros da autora e do autor na Feira do Libro en Vigo, á vez que describe brevemente o argumento de cada novela, e destaca os premios e galardóns recibidos por ambos autores.

- Rosé Carrera, “La Feira do Libro disfruta con su nueva ubicación en Príncipe”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 xuño 2019, p. 7.

Artigo sobre a Feira do Libro en Vigo no que se apunta que os libros máis vendidos en galego son *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; seguido de *O último barco*, de Domingo Villar; e *Camiñar o Vigo vello*, de Pedro Feijóo.

- Ana Abelenda, “Domingo Villar. ‘De neno soñaba que unha onda xigante viña das Cíes e inundaba Vigo’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 2 xullo 2019, contracuberta.

Entrevista o autor en relación coa publicación do seu libro, na que se dá conta do proceso que tomou para escribir a novela, así coma a orixe do protagonista do texto, Leo Caldas, e as similitudes entre o autor e o seu personaxe. Así mesturan na entrevistas de índole persoal sobre a vida do autor, así como reflexións sobre o oficio da escritura.

- Lydia Abarca, “Los librereros aplauden la nueva ubicación de la Feira do Libro, que elevó sus ventas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 4 xullo 2019, p. 7.

Nun artigo sobre a Feira do Libro viguesa, destacan o elevado número de vendas dos exemplares *O último barco*, de Domingo Villar e *Infamia*, de Leticia Costas.

- Ana Baena, “Finaliza la Feira do Libro con un 10% más de ventas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 7 xullo 2019, p. 10.

Artigo sobre a Feira do Libro na cidade olívica no que se sinala que os títulos máis vendidos, coincidentes cos do resto do ano, que son *O último barco*, de Domingo Villar, e *Infamia*, de Leticia Costas.

- Pilar Cheda, “A viaxe que non defrauda”, *El Progreso*, “Revista”, “Lecturas”, 13 xullo 2019, p. 27.

Recolle unha serie de recomendacións literarias entre as últimas novidades editoriais publicadas en lingua galega para desfrutar no tempo estival. Entre estas obras destaca o último da triloxía do detective Leo Caldas, *O último barco* de Domingo Villar; a novela da emigración *Sándalo*, de María Xosé Porteiro; ou a primeira novela de Leticia Costas dirixida a público adulto, *Infamia*.

- Juan Palacios, “Ni un verano sin libros”, *El Correo Gallego*, “ECG Dominical”, 28 xullo 2019, p. 2.

Juan Palacios inclúe esta obra na súa listaxe de recomendacións de lecturas para o verán. Dá conta dos dez anos de espera para a publicación desta terceira novela da saga protagonizada por Leo Caldas. Destaca que a obra carece de acción trepidante, aspecto totalmente prescindíbel baixo o seu punto de vista, posto que a obra se caracteriza polo magnetismo da escrita de Villar, que cativa o lector dende o inicio. Remarca tamén o exemplar emprego dos diálogos, que marcan todo o desenvolvemento da trama.

- Nerea Aragunde, “A librería Nós pon en valor as letras galegas co Verán Literario”; *Diario de Pontevedra*, “d_verano”, “Ciudad”, 7 agosto 2019, p. 16.

Dá conta do evento anual que organiza nos veráns a librería Nós de Sanxenxo, e do propósito tras estas citas, que é nas palabras de Xaime Corral, impulsor da iniciativa, “facer unha pequena representación das letras galegas”. Informa dos autores que foron durante ese verán e as obras que foron presentar: Leticia Costas con *Infamia*, a autora Arantza Portabales, que presentaba a súa obra publicada en galego *Beleza vermella* e Domingo Villar con *O último barco*.

- Mauro Borrazás, “Vigo protagoniza los libros del verano”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 13 agosto 2019, p. 10.

Dá conta do éxito que tivo a novela de Domingo Villar na Feira do Libro do Vigo, e enlaza informando da popularidade que están gañando as novelas policíacas que se desenvolven en Vigo, até o punto de que xa reciben o seu propio nome de xénero, a novela negra viguesa. Aproveitando o popular que está resultando este tipo de novela, a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas elaborou un mapa literario de Vigo onde se poden visitar as principais localizacións de novelas populares que teñan como escenario a cidade. Menciona outras obras que pertencen á novela negra viguesa como *Os fillos do lume*, *Os fillos do mar*, *A memoria da choiva e Morena, perigosa e romántica* de Pedro Feijóo, ou *Tes ata as dez* de Francisco Castro, a serie *Vicvs* de Beto Luaces e *Infamia* de Leticia Costas.

- Manuel Bragado, “Novela negra viguesa”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 13 agosto 2019, pp. 20.

Reflexiona sobre o fenómeno da novela negra e de como Vigo se converteu, ben por ambientación das tramas, ben por orixe dos autores, no berce deste subxénero narrativo dentro da literatura galega. Desta forma alude a algúns dos títulos máis significativos do *noir* galego e vigués, nomeadamente *Os fillos do lume* (Xerais, 2017) de Pedro Feijoo, *O último barco* (Galaxia, 2019) de Domingo Villar, *Infamia* (Xerais, 2019) de Leticia Costas, *O meu nome é Ninguén* (Xerais, 2018) de Manuel Esteban ou *Vicus. Un lugar aquelado* (Bolanda, 2019) de Beto Luaces.

- S. Fernández, “Las novelas de Leticia Costas y Domingo Villar triunfan en casa”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 24 agosto 2019, p. 9.

Artigo sobre a literatura que máis triunfa entre os vigueses no verán, no que amenta *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Pioneiras*, de Anaír Castillo e *Camiñar o Vigo vello*, de Pedro Feijoo. Entre os títulos de literatura infantil, destaca *O monstro de cores* e *Os fantasmas non petan na porta*.

- Ana Abelenda, “Las 20 novelas clásicas que no te puedes perder”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 6 setembro 2019, pp. 1-2.

Realízase unha consulta a dez personalidades do mundo do libro sobre as novelas que se deberían ler polo menos unha vez na vida e, entre elas, está *O último barco*, de Domingo Villar.

- M. N., “Pantemia literaria autóctona”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Galicia Sur-Punto de Encuentro”, “Vigo”, “Novelas y escritores”, 29 setembro 2019, p. 31.

Nun artigo sobre o movemento literario en Vigo, amenta os autores Domingo Villar, Pedro Feijoo, María Xosé Porteiro e María Reimóndez e os seus últimos títulos publicados.

- Susana Acosta, “Galicia, todo al negro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 25 outubro 2019, cuberta.

Artigo sobre a popularidade da novela negra entre os escritores galegos no que menciona as obras *O último barco*, de Domingo Villar; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *Infamia*, de Leticia Costas; e *Vicus, un lugar aquelado*, de Beto Luaces.

- Ana Baena, “Domingo Villarponse a proba como autor de comedia teatral”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 novembro 2019, p. 11.

Recolle información sobre a participación de Domingo Villar nos encontros do Club Gamboa, no que falou da súa relación coa literatura e os seus gustos lectores. Afirma que está desexando continuar con outra novela de Leo Caldas e desvela que está a traballar nunha peza teatral que é unha comedia metaliteraria.

- Ana Abelenda, “Estos son los libros del año”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Estos son los libros del año”, 13 decembro 2019, pp. 1-2.

Artigo que recolle os libros favoritos dos libeiros galegos, entre os que se atopan *O último barco* e *Un lume azul*.

- Bernardo Sartier, “Romerales, lléveme de putas...”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “¡Callarse, Becerros!” 29 decembro 2019, p. 8.

Nun artigo sobre a incorrección expresiva nas canles de televisión, fai referencia á última novela Domingo Villar, da cal critica que é un “aborto por exceso de gestación”, cun argumento estirado de forma innecesaria e artificial, que desemboca nun “final rocambolesco” en detrimento da interesante primeira parte da obra.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita a novela *O último barco* de Domingo Villar.

- Xaquín Núñez Sabarís, “2019: ‘Suspense’ en literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2019, p. 30.

Artigo sobre a presenza do *thriller* e o policial nas letras galegas, no que amenta as obras *Un lume azul*, de Pedro Feijoo, *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; *Beleza vermella*, de Arantza Portabales; *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras; *Cmiño de paixóns*, de Carlos Meixide; e *Carpe diem*, de Quico Cadaval.

- A. M., “Abel Caballero, Domingo Villar y Leticia Costas lideran los ‘Vigueses del Año’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 31 decembro 2019, p. 11.

Nova sobre os “Vigueses do Ano”, entre os cales están o escritor Domingo Villar, coa súa nova obra *O último barco*; e Leticia Costas, con *Infamia*.

- A. Baena, “De escritores a ídolos”, *Atlántico Diario*, “Resumen del año. Extra”, “Vigo”, “Los más leídos son vigueses”, 31 decembro 2019, p. 30.

Faise eco dos escritores vigueses con obras de calidade ambientadas na cidade. Estes son Domingo Villar, con *O último barco*; Leticia Costas, con *Infamia*; e Pedro Feijoo, con *Un lume azul*.

Villaverde Gómez, José, *Andainas dun músico no rural*, Silleda: Edicións Fervenza, outubro 2019, 124 pp. (ISBN: 978-84-17094-72-0). ■

Andainas dun músico no rural é unha colección de relatos costumistas ambientados a mediados do século XX. Neles dáse conta da vida que levaban os músicos de banda no rural, dende os momentos mais divertidos aos mais desagradábeis. O autor do libro pasou moitos anos da súa vida en contacto con estas bandas, pola cal ofrece unha visión realista delas. A obra abre cun prólogo no cal fálase das condicións socio-económicas da época, de como un mozo do rural chegaba a ser músico e demais. Ademais, no final está presente unha foto galería de distintas bandas da Galicia rural. Os relatos ofrecen unha fiestra as diversas vivencias destes músicos. Dende ensaios, romarías, noites á intemperie, anécdotas e viaxes, cada un dos relatos transporta ao lector á Galicia de mediados do século XX, un momento no cal o rural comeza a mesturarse coa tecnoloxía, sendo un mundo moi distinto ao cal coñecemos hoxe, malia ao relativo pouco tempo que pasou. A obra fai moito énfase neste cambio das cousas e como hoxe en día todo resulta moito mais fácil ca entón. Inda así, estes relatos acerca das bandas de músicos rurais están cargados de lembranzas e nostalxia.

Xubín, Isaac, *Os largos e longos campos de liño azul*, Vigo: Editorial Galaxia, n.º 382, febreiro 2019, 228 pp. (ISBN: 978-84-9151-302-5).

Novela de Isaac Xubín (A Coruña, 1978) que se constrúe a través dun discurso complexo, metafórico, poliédrico e polifónico construído a modo de crebacabezas e con gran cantidade de personaxes para abordar temas como a memoria, a rebeldía contra circunstancias políticas impostas, o colaboracionismo cos invasores. Dende a perspectiva dun narrador omnisciente, desenvólvese unha trama serpeante precedida por unha cita de Bernardo Atxaga con pinceladas dun mundo distópico. Un dos seus eixes é a historia do Rubio, que enfa o resto da historia. É o paciente 500-B, un home nado nun arquipélago do Atlántico Norte que permanece preso nunha institución “sanitaria” e que perdeu de vez a memoria. O doutor Myà, director do centro, estúdao sen chegar a ningunha conclusión, debido en parte a que os documentos non achegan datos relativos á súa identidade, e dubida de se a súa curación sería beneficiosa, dado que ingresou de maneira enigmática. Ao mesmo tempo, cóntase o que acontece na organización rebelde denominada Sanedrín, que pretende liberar o país e os intentos de esclarecer o asasinato de DB, e presenta personaxes de diferentes xeracións nunha encrucillada sen posibilidade

de escoller o seu propio camiño, como Rahab e Fresser, encargados de atopar o Rubio. O discurso aparece ademais salpicado de referencias ao rugby e á gastronomía e, malia non contar cunha localización real, acolle referencias ao País Vasco, como a estación de Bilbao.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Fragmentario e poliédrico. Sen eficacia narrativa", *Faro de Vigo*, "Faro da Cultura", n.º 711, "Libros", 2 maio 2019, p. VI. / *La Opinión*, "Saberes", "Literatura gallega", 11 maio 2019, p. 3.

Comeza sinalando que esta novela xira en torno á recuperación da identidade do personaxe paciente 500-B, coñecido como o Rubio, e que está nun centro de internamento psiquiátrico. Tamén apunta que o escenario de fondo desta narración é unha sociedade tiránica que habita nun arquipélago onde medra o liño. Finalmente o autor do artigo manifesta o seu desagrado ante a estrutura poliedrica e o exceso de personaxes secundarias pouco relevantes para a trama e cuxas peripecias confunden o lector ao non confluír nun macrotexto integrador que recolle todas as historias.

Referencias varias:

- R. L., "Os largos e longos campos de liño azul", *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, "Táboa Redonda", n.º 170, 10 febreiro 2019, p. 6.

Presenta a novela explicando de xeito breve a trama e repasando as publicacións de narrativa e poesía do autor, así como os premios que foi obtendo.

- Belén López, "Isaac Xubín. 'A min o que me gusta é tirar anzois'", *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ *El Progreso*, "Vivir", p. 58, 18 febreiro 2019.

Entrevista ao autor, que publica o libro logo de gañar o Premio da Crítica coa súa primeira novela. Comeza a entrevista preguntando polo interno 500B, O Rubio, que Xubín describe como o personaxe encargado de fiar todas as voces na novela, carecente de memoria e, xa que logo, de personalidade e de alma. Indica que a editorial Galaxia di que a novela é un crebacabezas, ao que el responde que o que lle gusta é tirar anzois, presentar situacións que logo os lectores poden identificar no lugar que lles corresponden. En canto á violencia presente na obra, o autor indica que "o que se percibe é a violencia que latexa na sociedade, e que non ten que ver co uso directo das armas". No que concirne á localización, o autor menciona que a súa única inspiración é o poema "O liño de María" de Anxo Angueira. Finalmente, indícase a presentación do libro na Casa das Campás o 20 de febreiro e mencionase ao espectáculo "Movemarcos".

- Montse García, "Isaac Xubín", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Agenda", "Para todos los públicos", "Otros actos hoy", "Publicaciones", 19 febreiro 2019, p. L9.

Informa da presentación da novela na librería Numax, onde acompañará o autor o poeta e editor Ismael Ramos.

- Montse García, "Nuevo libro de Isaac Xubín", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Agenda", "Para todos los públicos", "Vida social", 20 febreiro 2019, p. L10.

Dáse conta da presentación da obra o día anterior á publicación da nova na librería Numax. Interviron nesta o autor e Ismael Ramos.

- Cuca M. Gómez, “Entre camelias y recuerdos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Libros”, 21 febreiro 2019, pp. 70-71.

Recóllense un par de fotografías da presentación do libro na Casa das Campás. Indícase que Isaac Xubín estivo acompañado pola profesora e investigadora Ana Acuña e o presidente do Ateneo de Pontevedra, Xaime Toxo, así como do editor Ismael Ramos.

I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Franco Grande, Xosé Luís, *A ilusión da esperanza. De Cabanillas a Baixeras*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º 45, decembro 2019, 308 pp. (ISBN: 978-84-9151-425-1).

Xosé Luís Franco Grande (Tebra, 1936) engade nesta reedición a nove persoeiros neste tributo aos seus amigos, coma el mesmo aclara, no que describe a través de anécdotas particulares a un total de corenta e seis personaxes relevantes para a historia de Galicia que el coñeceu en vida. A cada unha destas persoas adícalle un capítulo no que a partir dunha anécdota comeza a debuxar con verbas a súa definición persoal delas. Nesta reedición engádense as figuras de Alonso Montero, Ramón Lorenzo Vázquez, Antón Santamarina, Carlos Baliñas, Xesús Ferro Ruibal, Marina Mayoral, López-Casanova, Xavier Carro e Xulio Ríos.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, “50 retratos: 45 homes e 5 mulleres”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Beatus qui legit”, 27 decembro 2019, p. 12.

Faise eco da publicación da obra coas figuras que engade. Explica que se trata de 50 retratos literarios de persoas que constitúen unha sorte de libro dos amigos, no que tamén se asiste á formación de Franco Grande como cidadán, galeguista e antifranquista. Repasa as figuras femininas presentes no volume.

Lilliestierna, Christina, *Vivir na fin do mundo (Leva vid världens ände, 1969)*, trad. Marta Dahlgren e Camiño Noia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte, col. Nova, n.º 29, xuño 2019, 214 pp. (ISBN: 978-84-17388-23-2).

Reedición desta obra a medio camiño entre a crónica e as memorias na que a xornalista e escritora Christina Lilliestierna (Gotemburgo, 1923-Marín, 2000), conta como a finais dos anos sesenta decidiu trasladarse dende París a Galicia coa intención de mercar unha casa e asentarse. Ábrese cun limiar de Camiño Noia no que explica que a obra tivo un extraordinario éxito en Suecia e arrastrou a Galicia unha boa cantidade de xente desexosa de descubrir o mundo insólito do que falaba a autora, tras o cal se publicou en 1983 en Edicións Xerais de Galicia a partir da tradución ao castelán realizada por Marta Dahlgren. Indica tamén que esta nova edición foi revisada polas dúas tradutoras e agarda que sirva para chamar a atención sobre a necesaria restauración do Pazo do Cadro, abandonado dende a morte da escritora sueca. Christina Lilliestierna relata como chegou polo azar do destino a Pardavila, no concello de Marín, onde atopou o Pazo do Cadro. Convencida de estar a cumprir o seu vello soño de vivir nun castelo, ela e mais a súa parella, Jean Novial, acordan mercalo, o que supuxo un longo proceso, primeiro para formalizar a compra e logo para a súa lenta restauración respectando o estilo tradicional; e detense en anécdotas como a organización dunha exposición nun dos seus salóns para fomentar o coñecemento de pintores e escultores galegos que foi descubrindo. Conta tamén o tránsito persoal que viviu dende a súa chegada a Galicia até que se sentiu unha máis, afirmando o seu desexo de deixar de ser “a estraña estranxeira”, como lle chama a xente da aldea que a miraba

pasar, ou unha turista de paso. Mais sobre todo pon o acento na descuberta da identidade dunhas xentes e dun país que, en primeira instancia, lle causaban unha impresión “da Idade Media con certos trazos de modernidade despistados”, un territorio no que se detivera o tempo e no que imperaba, por exemplo, o machismo. Mais, aos poucos, segundo se avanza na narración, a autora afonda nas razóns dese estar fóra do tempo, nas causas da emigración e os estigmas sociais e colectivos, fuxindo de tópicos e tentando buscar a esencia da cultura galega, a etnografía e a historia, de maneira que matiza a súa visión inicial até percibir en Marín a sensación, por fin, de pertencer a un sitio onde aprende a vivir e decide morrer.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Aprender a vivir”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, 9 agosto 2019, p. 10.

Recolle unha recensión da obra *Vivir na fin do mundo* a propósito da súa reedición por parte da editorial Rinoceronte. Comeza explicando a peripecia vital da súa autora, Christina Lillistierna, unha xornalista sueca asentada en Galicia, explicando que esas vivencias son a esencia desta novela. Finaliza sentenciando que esta é unha historia cando menos singular, un libro que ofrece a ollada dunha xornalista sempre atenta á relevancia dos detalles.

Referencias varias:

- R. L., “Vivir na fin do mundo”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 191, 7 xullo 2019, p. 4.

Descríbese principalmente a temática da novela en cuestión, narrativa de viaxes, así como as principais características das personaxes protagonistas da obra. Para rematar, destaca algúns aspectos de índole biográfica do autor en cuestión.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, *Antón e os inocentes*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Clásicos,, xuño 2019, 176 pp. (ISBN: 978-84-9121-507-3).

Novela orixinalmente publicada por Méndez Ferrín (Ourense, 1938) en 1976, desta primeira volta co título *Antón e os inocentes*, escrita durante un dos seus períodos de encarceramento. Os principais protagonistas desta obra son Narda e Berto, que conflúen no Vigo proletario da década dos anos 50. A obra volveuse editar dez anos despois e, agora, en 2019, volve ver a luz cunha nova edición a cargo de Antón Blanco Casás, autor do prólogo e responsábel da adaptación textual.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Fágase xustiza”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.103, 1 setembro 2019, p. 32.

Informa da reedición de *Antón e os inocentes*, que foi primeiramente publicada en 1976 en Xerais, e dez anos máis tarde reeditada. Descríbea como “unha novela complexa desas que polo mesmo prezo dan tres (ou catro) nunha”.

- Mario Regueira, “Para unha nova épica. Máis alá do maniqueísmo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 724, “Libros”, 19 setembro 2019, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, “Novidades en galego”, 19 outubro 2019, p. 6.

Explica as orixes da novela, publicada inicialmente en 1976 e indica que é un libro para entender os ciclos literarios de noso, reeditado agora por Antón Blanco Casás. Láíase de que na fermosa introdución non se inclúan explicacións sobre a fixación textual nin se inclúa un estudo máis extenso.

Referencias varias:

- R. L., “Antón e os inocentes”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 190, 30 xuño 2019, p. 4.

Informa do argumento do libro, e danse unhas pequenas anotacións dos aspectos máis singulares del, así como se recalca que un dos textos máis emblemáticos do autor.

- Héctor J. Porto, “Rescatan a novela do proletariado que Ferrín escribiu no cárcere”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 xullo 2019, p. 27.

Informa da publicación da nova edición do libro e describe brevemente o seu argumento. Ademais, engade a importancia literaria desta novela para o tempo no que foi publicada, centrada no proletariado galego.

Neira Vilas, Xosé, *Co pai*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Neira Vilas, n.º 10, xuño 2019, 92 pp. (ISBN: 978-84-9151-350-6).

Obra narrativa de Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, 1928-Gres, 2015) que acolle textos inéditos escritos na Habana en febreiro de 2000. O autor de *Memorias dun neno labrego*, que antes lle dedicara un libro de lembranzas á súa nai, titulado precisamente *Nai*, decidiu escribir unha serie de prosas relacionadas co seu pai, recollidas neste volume. Nel preséntanse as vivencias do narrador co seu pai: a súa experiencia con seu pai nos labores relacionados co fogar, sobre todo, os labores agrarios.

Referencias varias:

- Antonio Méndez / X. F., “Un neno acaroado ao pai”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xullo 2021, p. 42.

Artigo sobre a publicación da obra inédita de Neira Vilas, en edición de Dolores Vilavedra, no que rememora as vivencias co seu proxenitor. A editora compara as prosas breves de Neira Vilas coas de Castelao, definindo as pequenas pezas do autor como auténticos “poemas en prosa”.

- Montse García, “Co pai”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Literatura”, 9 outubro 2019, p. L10.

Informa da presentación da obra no Auditorio Neira Vilas da Cidade da Cultura, na que que participarán Dolores Vilavedra, Fernando Redondo e Valentín García.

- Montse García, “A nova obra póstuma de Neira Vilas recolle 25 textos ligados a seu pai”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 outubro 2019, p. 35.

Faise eco do lanzamento da obra póstuma inédita de Xosé Neira Vilas, *Co pai*, unha serie de textos breves vinculados ao seu pai que ven a luz case vinte anos despois. Recolle as declaracións durante a presentación do libro do presidente da Fundación Neira Vilas, Fernando Redondo Neira e informa que tamén interviñeron no acto Fernando Redondo, Dolores Vilavedra e Valentín García.

Sanches Aríns, Susana, *Seique*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das Letras, n.º 19, 2019, 240 pp. (ISBN: 978-84-16545-36-0).

Reedición desta obra de Susana Sanches Aríns (Vilagarcía de Arousa, 1974) publicado inicialmente no ano 2015 no que se abordan temáticas relacionadas coa memoria da guerra (Véxase *Informe de Literatura 2015*). Como se explica no limiar asinado por María Xosé Nogueira, a reedición que agora ve a luz inclúe novos capítulos que tiran dalgún fio solto, así como unha nova perspectiva produto do distanciamento da autora respecto da súa narración.

I.3. TRADUCIÓNS, VERSIÓN E REEDICIÓNS

Abraham a Sancta Clara, *O marabilloso soño dun gran niño de necios* (*Wunderwürdiger Traum von einem grossen Narrenest*, 1703), trad. do alemán, introd. Rosa Marta Gómez Pato, Cangas do Morrazo: Rinoceronte, col. Vétera, n.º 29, setembro 2019, 84 pp. (ISBN: 978-84-17388-30-0). ■

Segundo recolle Rosa Marta Gómez Mato na introdución coa que se abre o volume, o frade agostiño Abraham a Sancta Clara (Kreenheinstetten, 1644-Viena, 1709), un dos escritores máis importantes do Barroco, considerado ademais un dos fundadores da lingua alemá escrita, publicou esta obra en Salzburgo. O texto encádrase dentro da antiga tradición da literatura de carácter didáctico-satírico, denominada *Narrenliteratur* ou «literatura da necidade». Trátase dun tratado no que, con pinceladas humorísticas, o autor bota man do seu talento para elaborar sermóns e ilustra o lector sobre as características que presentan os necios a través dun catálogo que recolle os seus vicios e razoamentos, engadindo numerosas fábulas, anécdotas, referencias bíblicas e pagás. Ábrese cunhas palabras do autor dirixidas ao lector que explican o propósito do libro: aprender unha lección moral e «mirarse nun espello e ver se alguén se atopa entre estes necios ou non». Indica así mesmo que todo partiu dun soño cando, ao chegar á cidade francesa de Narbona, atopou un carballo cun niño de paxaros bastante considábel. Atraído pola curiosidade, colleu unha escada, subiu e descubriu que o niño contiña unha ducia de necios. A seguir, dedica o seu correspondente capítulo ao paduán, o namorado, o avaro, o irado, o bébedo, o lacazán, o mentireiro, o medroso, o arrogante, o brután, o celoso e o loábel.

Alciato, Andrea, *Libro de emblemas*, trad. Raúl Gómez, Cangas: Rinoceronte Editora, col. Vétera, maio 2019, 194 pp. (ISBN: 978-84-17388-22-5). ■

Versión en galego, realizada non a partir do orixinal en latín senón da edición en italiano (*Il libro degli Emblemi*, 2015, de Mino Gabriele), desta obra do erudito e avogado Andrea Alciato (Milán, 1492-Pavía, 1550) que contou con máis de 170 edicións e traducións ao italiano, francés, alemán, castelán e inglés. O volume ábrese cun limiar de Raúl Gómez Pato no que este ofrece uns apuntamentos sobre a vida do autor, destacado no seu tempo polos seus estudos filolóxicos, históricos e xurídicos e impulsor da epigrafía latina, feitos que lle outorgaron sona en toda Europa. Ademais, explica as orixes dos emblemas e incide na súa importancia durante o Renacemento, aclarando que, para a súa composición, Alciato se inspira en historiadores e escritores do mundo grecolatino, en apólogos e proverbios e na *Antoloxía Palatina*. Con respecto aos criterios seguidos para a tradución, sinala que resolveu darlles forma poética e tratou de manter o ritmo e a cadencia do texto orixinal. A seguir inclúense senllos prefacios das edicións de 1531 e 1534: o primeiro corresponde á primeira edición –rexeitada polo autor–, realizada en Augsburgo polo editor Heinrich Steyner; e o segundo, á edición de París, revisada e ampliada por Alciato. O corpo do traballo componse de 113 capítulos cunha estrutura tripartita: título (*inscriptio*), acompañado de imaxe (*pictura* ou *res picta*) e finalmente poesía (*subscriptio*) ou descrición literaria do tema plasmado na imaxe; unha disposición que supuxo a fixación futura do xénero. Os breves epigramas de Alciato, na súa maior parte en dísticos elegíacos, explican con intención didáctica e moralizante os motivos alegóricos e símbolos expresados no debuxo.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Noticia do Emblemata. Imprescindible texto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 725, “Libros”, 6 xuño 2019, p. VI.

Informa da existencia da colección “Vétera” da editorial Rinoceronte, que dirixe Raúl Gómez Pato e que está dedicada á recuperación e tradución ao galego de libros anteriores ao século XIX, e da recente incorporación do *Libro de emblemas* dentro dela. Apunta que este *Libro dos emblemas* de Andrea Alciato é un dos libros de emblemas imprescindibles para entender o Renacemento e o Barroco europeos. Finalmente recomenda a lectura do prólogo, realizado polo tradutor, xa que contén todas as chaves para entender o contido do libro.

Anónimo, *A vida de Lazarillo de Tormes; e das súas fortunas e adversidades*, trad. Pablo Cano López, Iván Enríquez Martínez, Iria Sobrino Freire, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2019, 152 pp. (ISBN: 978-84-453-5329-5).

Tradución do clásico da literatura en castelán ao galego, editada neste volume por Alfredo Rodríguez López-Vázquez, e traducida por Pablo Cano López, Iván Enríquez Martínez e Iria Sobrino Freire. Rodríguez López-Vázquez engade nesta edición un prólogo no que explica con detalle as diferentes versións que existiron desta historia orixinal, de que maneira e que fragmentos puideron e foron castigados pola Inquisición para determinar que edición se empregou nesta tradución, e reflexiona sobre a autoría da obra, que a día de hoxe segue a ser anónima, pero sobre a que aluma unha teoría.

Referencias varias:

- Marta Otero, “Lazarillo’ aprende galego”, *La Opinión*, “A Coruña”, 8 outubro 2019, p. 12.

Informa de que o pícaro máis coñecido do Século de Ouro pode narrar, finalmente, as súas andanzas en galego e que esta iniciativa parte da profesora da Universidade da Coruña Pilar Couto e do catedrático Alfredo Rodríguez López-Vázquez. Sinala que esta nova edición bilingüe toma como base o texto máis antigo que se conserva da obra, que inclúe ademais aquelas partes que a Inquisición recortou ao considerar que atacaban os ditames da Igrexa. Finalmente apunta que será presentado no marco do *Simposio Internacional El Lazarillo y sus continuadores* celebrado na cidade da Coruña.

- Héctor J. Porto, “El ‘Lazarillo de Tormes’, traducido, en edición bilingüe, por fin al gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 outubro 2019, p. 33.

Informa da tradución, por primeira vez, do Lazarillo de Tormes ao galego e indica que o encargado desta tarefa é o catedrático da área de Didáctica da Lingua e a Literatura da UDC Alfredo Rodríguez López-Vázquez, quen implicou a doutora en Tradución e Interpretación Iria Sobrino e os filólogos Pablo Cano e Iván Enríquez. Continúa explicando algunhas cuestións relacionadas coa perda do manuscrito orixinal e tratando de explicar o feito de que na actualidade se conservan tan poucas copias manuscritas.

Tamén recolle algunhas declaracións do editor da versión galega, quen asegura que nesta obra non só se narran as aventuras dun pícaro, senón que é un libro ideolóxico, moi crítico coa sociedade de entón. Finalmente alude ao acto de presentación que se celebra o martes 8 de outubro na Sede central da Real Academia Galega da Coruña.

Atwood, Margaret, *O conto da criada (The Handmaid's Tale, 1985)*, trad. Celia Recarey Rendo e Carlos Valdés García, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, abril 2019, 432 pp. (ISBN: 978-84-948421-3-9). ■

Versión en galego da novela distópica na que a escritora feminista Margaret Atwood (Ottawa, 1939) desprega unha crítica social arredor do mundo actual e o trato que reciben as mulleres, temas recorrentes na súa produción. A obra mereceu os premios Arthur C. Clarke e Governor General o mesmo ano da súa publicación e o Los Angeles Times en 1986, e converteuse nun *best-seller* e nun clásico da literatura moderna. Dende a perspectiva e a voz da protagonista, a historia alterna o pasado e o presente para describir o novo modelo de sociedade imposto nos Estados Unidos de América, denominados agora República de Galaad, tras a chegada ao poder duns políticos teócratas cristiáns logo de dar un golpe de Estado e asasinar o presidente atribuíndolles os feitos ao terrorismo islámico. Coa escusa de procurar unha defensa contra a violencia, implántase o autoritarismo, coa conseguinte mingua das liberdades e dereitos sociais. As mulleres divídense en castas con cadanseu uniforme dunha cor diferente, aínda que ningunha delas é dona do seu corpo. As mulleres fértiles que os seus mandatarios consideran indignas de exercer como nais son condenadas a servir como «criadas» que visten de vermello. Son consideradas obxectos cuxo único valor reside nos seus ovarios, necesarios para alcanzar o nivel de novos nacementos desexado en Galaad e manter o modelo de sociedade dominante masculina, unha vez que a contaminación causou unha epidemia mundial de infertilidade. A súa función é xerar os fillos das mulleres estériles das elites do réxime. Canda elas existen as «esposas», que visten de azul e coidan dos fillos; as «tías», adestradoras das xestantes, que visten de marrón escuro; e as «martas», cocíneiras e limpadoras que visten de verde. Defred perde o seu emprego e o seu nome e é asignada como criada ao comandante Fred (de aí a súa denominación, composto que indica de quen é propiedade). A súa vida decorre nun encerro permanente agás para facer recados, e ten prohibido falar con ninguén, ler e calquera autonomía. Coma o resto das criadas, Defred está obrigada a manter relacións sexuais co seu comandante, namentres a esposa deste a suxeita. Existen ademais outros rituais como o asasinato das criadas que non conseguen concibir en seis anos, ou de calquera muller doutra casta que non cumpra as estritas normas sociais. Defred consegue finxir unha relación amigábel co seu comandante co obxecto de lograr sobrevivir e recuperar a súa filla perdida, de maneira que o seu dono lle permite certos privilexios como ler ou xogar con el ás palabras cruzadas. En paralelo, e a través das súas lembranzas, Defred vai ofrecendo datos do seu pasado denantes de ser capturada, entre elas, o acontecido cando tentou cruzar a fronteira cara ao Canadá para escapar do que estaba sucedendo, así como as súas vivencias canda a súa amiga Moira, a filla ou o seu home Luke. A novela bota man da teoloxía e do Antigo Testamento para describir os mecanismos nos que se basea a sociedade representada, en particular no que atangue á situación das mulleres, ademais de facer referencia a temas como os desastres medioambientais, a perda de dereitos, a pobreza, o fanatismo, a desigualdade, os virus descoñecidos..., nun retrato que interpela e esperta a inquietude do lector, ao ver plasmados trazos do seu mundo, o comezo dunha degradación perante á que non

reacciona e cuxas consecuencias describe. A novela acadou popularidade tras a súa adaptación en 2017 como serie de televisión.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Corpos ocultos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 7 xuño 2019, p. 10.

Dáse conta da publicación en galego da obra de Margaret Atwood, e informa da súa temática distópica e o seu carácter feminista. Describe o contido da novela, e compáraa coa súa adaptación á televisión do mesmo título, eloxiando a versión literaria

- Estro Montaña, “Narrar a distopía. Contra a república de Galaad”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”; n.º 723, “Libros”, 12 setembro 2019, p. VI.

Recolle unha sinopse do argumento principal da novela canadense *O conta da criada*, vertido ao galego recentemente pola editorial Irmás Cartoné. Apunta que se trata dunha distopía na liña de Orwell e Huxley porque amosa a imposibilidade de vencer o totalitarismo e as inxustizas. Tamén sinala que neste caso o protagonismo é das mulleres e que o transfondo desta historia é unha sociedade que usa o ventre das mulleres pobres ou servas como fornos nos que se cociñan bebés.

Barbusse, Henri, *O inferno (L’Enfer, 1908)*, trad. Celia Recarey Rendo, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, xullo 2019, 288 pp. (ISBN: 978-84-948421-4-6).

Tradución ao galego desta novela naturalista que supuxo a primeira incursión de Henri Barbusse (Asnières-sur-Seine, 1873-Moscova, 1935) na narrativa. Dende o seu encerro nun cuarto da pensión da familia Lemercier, en París, cidade á que se traslada dende provincias para se incorporar ao seu novo emprego nun banco, o solitario narrador anónimo de trinta anos, sen familia nin amigos, observa por unha fenda aberta na parede os hóspedes que van ocupando a estancia do lado, de maneira que a súa afección torna nunha obsesión. A primeira muller que espía é a criada do establecemento, á que considerou fea e sucia cando se cruzou con ela na escaleira e logra ver como un ser só e inocente. A seguir ten a oportunidade de axexar unha muller nova e fermosa e contemplar a nudez do seu corpo; uns amantes adolescentes que experimentan as primeiras puntadas do desexo; unha parella adúltera que se agocha das miradas indiscretas e que precisa lembrar decontino o inmoral da súa relación; ou un moribundo que trata de atoparlle un sentido á súa vida. O trazo que comparten estes efémeros veciños do narrador é a dificultade de atopar a felicidade. O cuarto do lado muda así no escenario das paixóns humanas representadas polos seus distintos ocupantes, alleos por completo a quen os aluca e libres para se mostraren como son no que atangue á súa ruindade, arelas, medos ou fermosura, o cal dá orixe, en consecuencia, a diferentes escenas. Ademais das descrições poéticas e os pensamentos filosóficos por parte do observador, plásmanse diferentes discursos baixo a forma de longos e fondos diálogos ou charlas apaixonadas entre namorados. Cunha linguaxe directa e precisa, de ton poético e por veces erótico, a narración aborda todas as obsesións do ser humano: o amor, o engano, a sexualidade, a relixión, a morte... O título acada a condición de metáfora, pois tras todo o que viu, o protagonista non pode ser coma antes despois de descubrir que todo ao seu redor é baleiro e a única grandeza reside no propio ser humano.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O furor de vivir”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 16 agosto 2019, p. 10.

Resume a traxectoria vital e literaria do escritor e xornalista francés Henri Barbusse a propósito da publicación en lingua galega da súa mítica novela *O inferno* por parte da editorial Irmás Cartoné. Comeza resumindo o argumento principal e finaliza sentenciando que nesta novela interpretada como un precedente do existencialismo, todo é unha exposición da vida como unha condena á soidade.

Bashevis Singer, Isaac, *O mago de Lublin (The Magician of Lublin, 1960)*, trad. Moisés Barcia Rodríguez, Cangas do Morrazo: Editorial Rinoceronte, col. Nova, n.º 30, setembro 2019, 252 pp. (ISBN: 978-84-17388-27-0). ■

Tradución ao galego, a partir da versión inglesa realizada por Elaine Gotlieb e Joseph Singer –sobriño do escritor–, da novela de 1957 do Premio Nobel de 1978 Isaac Bashevis Singer (Radzimin, 1902-Florida, 1991), escrita orixinalmente en yiddish, coma o resto da súa obra. Ambientada no século XIX, despois do levantamento de 1863, a voz narrativa en terceira persoa conta a historia de Yasha Mazur, que se dedica a percorrer Polonia representando números de maxia, acrobacia e ilusionismo. Aproveitando as súas longas xiras, Yasha, tras renunciar á súa identidade xudía e ás prácticas relixiosas, actúa sen ningún tipo de restrición moral, de maneira que compaxina o seu matrimonio con Ester, unha devota xudía que non pode ter fillos, coas relacións sentimentais que mantén con outras tres mulleres: Magda, a súa axudante no escenario, coa que comparte as xiras; Zefitel, a esposa pobre abandonada por un ladrón; e Emilia, unha muller católica cunha filla coa que Yasha planea casar e fuxir, aínda que teña que cumprir a esixencia de se converter. Malia as súas aventuras, Yasha confesa odiar as mulleres e vai dunha a outra, sempre mentindo, na procura de algo indefinido. Unha noite, logo de entregar a Zefitel a un tratante de mulleres que a levará á Arxentina para que exerza a prostitución, fracasa no intento de abrir a pechadura da caixa forte dun usureiro para lle roubar a fortuna que lle permitiría casar con Emilia. Cunha grave ferida no pé que imposibilitará que siga camiñando pola corda bamba, tanto no sentido metafórico coma real, e perseguido pola súa acción, descobre a Magda aforcada, e daquela a culpa comeza a asedialo. Para expiar a súa vida de «pecador», convértese en Red Jacob o Penitente e pasa tres anos pechado ao coidado da súa esposa, estudando os libros sagrados e recibindo a visita das xentes. A novela remata cunha carta de Emilia, quen tras sufrir o seu abandono, reconece o valor da súa acción ao se converter nun anacoreta e abandonar o camiño do pecado. Considerada unha das novelas máis importantes da literatura yiddish, o enfoque realista da historia permite coñecer a vida en Polonia a finais do século XIX e, ao tempo, asistir á crise existencial dun home que se tiña por Deus e se cuestiona a vida dende o punto de vista filosófico, moral e relixioso.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Excelente caracterización. Un recomendable clásico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 733, “Libros”, 21 novembro 2019, p. VI.

Destaca a obra vertida ao galego por Moisés Barcia como unha boa representación da escrita de Isaac Bashevis Singer, o autor, distinguido co Premio Nobel en 1978. Repasa o argumento da novela e indica que a trama se desenvolve con soltura, até o arrepentimento do personaxe que acaba por converterse en anacoreta centrado no estudo de libros sagrados. Afirmar que “supón unha recomendable lectura como exercicio de autorreflexión”.

Boulle, Pierre, *O planeta dos simios (La planète des singes, 1963)*, trad. Antía Veres Gesto, Pontevedra: Factoría K de libros, col. Narrativa K, xuño 2019, 272 pp. (ISBN: 978-84-16721-43-6). ■

Novela de ciencia ficción do francés Pierre Boulle (Aviñón, 1912-París, 1994), definida como «unha fantasía distópica ou antiutópica» na que se critica a obsesión da especie humana por dominar o planeta e se expón o problema da discriminación racial, así como a teoría da evolución das especies de Darwin. Dividida en 3 partes de dezasete, nove e doce capítulos, respectivamente, adopta a estrutura narrativa dun relato enmarcado, de maneira que o primeiro e o derradeiro capítulo presentan unha focalización externa en terceira persoa, mentres que os demais están redactados en primeira persoa. Así mesmo, utiliza o recurso do manuscrito atopado. Jinn e Phyllis, unha parella de ricos ociosos, atopan, no transcurso dunhas vacacións no espazo, un manuscrito escrito no idioma da Terra no que o xornalista Ulysse Mérou relata como en 2500 emprendeu unha exploración cósmica, canda o profesor Antelle, o seu discípulo, Arthur Levain e o chimpancé Hector, cara á estrela Betelgeuse. Ao chegaren, atopan un planeta ao que bautizan co nome de Soror e unha rapaza núa bañándose nun lago, Nova, que, malia non saber falar nin sorrir, os cega coa súa beleza. Cando Nova ve o chimpancé Hector, dá mostras do seu comportamento animal e mátao. Pronto os expedicionarios comprenden que naquel planeta os simios son a especie dominante, civilizada e intelixente, mentres que os humanos están nun estado de salvaxismo case animal e son sometidos. Tras perder os seus compañeiros de expedición e ser capturado, Mérou deberá demostrarlles aos seus raptos que non é un animal, senón un ser intelixente. Para logralo conta coa axuda da doutora Zira, que aprende a súa lingua e o instrúe sobre o sistema político e a cultura dos simios, e tamén do doutor Cornélius, con quen colabora nas súas pescudas no Instituto de Altos Estudos Biolóxicos. Con todo, Mérou corre perigo no planeta, sobre todo despois de que, froito da súa relación con Nova, lle naza un fillo, Sirio. Coa axuda de Zira e Cornélius consegue fuxir nunha nave, pero ao chegar a París descobre con estupor que os recibe un gorila. O relato péchase de novo con Jinn e Phyllis, e daquela descóbrense que eles tamén son simios e que a especie humana desapareceu da Terra. A novela foi adaptada ao cinema co mesmo título en 1968, dirixida por Franklin J. Schaffner, e converteuse no xerme dunha franquía con varias secuelas.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Os monos dominarán o mundo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”; “A outra mirada”; “1.280 almas”, 13 setembro 2019, p. 10.

Convida á lectura da novela “en mans inocentes”, intentando omitir que se coñece o final, posto que é o punto forte desta novela. Afirmar que se pode ler como entretemento. Sobre o texto, destaca a súa precisión e claridade e o seu espesor metafórico sen resultar pretencioso.

- Xosé Feixó, “Tan vello e tan novo. Preguntas sobre o ser humano”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 726, “Libros”, 3 outubro 2019, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Novidades en galego”, 2 novembro 2019, p. 7.

Recomenda a lectura da novela agora que se traduce ao galego. Lembra que a obra foi orixinalmente publicada en 1963 e levada á gran pantalla en 1968. Repasa as publicacións do autor, explicando que foi prisioneiro nun campo de traballos forzosos en Malisia. Asevera que, da súa lectura, xorden moitas preguntas sobre o ser humano.

Cavendish, Margaret, *O mundo resplandecente (The Blazing World)*, trad. María Fe González, Cangas: Rinoceronte Editora, col. Vétera, maio 2019, 166 pp. (ISBN: 978-84-17388-16-4). ■

A aristócrata e prolífica escritora Margaret Cavendish (Colchester, 1623-Nottinghamshire, 1673), duquesa de Newcastle, é a autora desta obra, reivindicada pola crítica literaria feminista como pioneira no espectro da ciencia ficción e como a primeira utopía escrita por unha muller. Tras unha introdución da tradutora que reúne datos sobre a figura de Margaret Cavendish, inclúese un soneto do seu home, William Cavendish, que celebra a imaxinación da súa esposa, e mais os prefacios da autora, escritos para a primeira e segunda edición da obra, en 1666 e 1668, respectivamente. A historia conta como, tras ser secuestrada e sobrevivir a un naufraxio causado por unha tempestade, unha muller nova entra nunha pasaxe oculta que a conduce a un mundo descoñecido, o mundo resplandecente, nas augas do Polo Norte, onde atopa unha sociedade composta por varias especies de criaturas híbridas, antropomorfas e falantes que a protagonista describe – homes-oso, homes-raposo, homes-parrulo, homes-paxaro, homes-peixe...–, atendendo aos seus comportamentos e costumes. Estes seres condúcena a Paraíso, onde reside o Emperador, o cal, tomándoa por unha deusa, a venera e decide casar con ela e outorgarlle o poder absoluto. Nese intre, e na procura de alguén que a asista no seu labor de goberno, a muller realiza un intercambio de almas co mundo real e entón aparece a duquesa de Newcastle, que se converte na súa escriba. A duquesa emprende unha pescuda desa nova civilización, para o cal conversa con diferentes representantes de ciencias e oficios, feito que lle serve á autora para opinar sobre os debates científicos en voga no seu tempo e inserir reflexións sobre temas de índole social, política e filosófica, de identidade e poder, introducindo críticas á sociedade da que procede. Unha vez analizado ese mundo resplandecente, a Emperatriz e a súa escriba retornan ao seu medio para xulgar os contrastes e gaban a existencia da familia real. Narrada cun ritmo acelerado ao comezo, o ton muda na parte central, máis despegada da ficción e con pasaxes de ton erudito, descritivo e didáctico que van acompañadas de profundas notas ao pé.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Romance e fantasía. Lectura obrigada”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 723 “Libros”, 23 maio 2019, p. VI. / *La Opinión*, “*Saberes*”, 1 xuño 2019, p. 7.

Achega información sobre a tradución de *The Blazing World* de Margaret Cavendish ao galego por parte da editorial Rinoceronte e resume o argumento principal da novela. Indica que se trata dunha narración fantástica que encerrada unha viaxe onírica, coa novidade de que a protagonista desta aventura é unha muller, convertendo á autora nunha

das pioneiras do feminismo no século XVII. Finalmente tilda a lectura desta novela como obrigatoria, por ser un libro fundamental da literatura universal.

Chandler, Raymond, *O longo adeus (The Long Goodbye, 1953)*, trad. Diego Ameixeiras e Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 60, marzo 2019, 508 pp. (ISBN: 978-84-94971-32-7). ■

O longo adeus, galardoada en 1955 co Premio Edgar da Asociación de Escritores de Misterio dos Estados Unidos de América, está considerada a obra mestra de Raymond Chandler (Chicago, 1888-San Diego, 1959) e un clásico da narrativa negra e das características que definen este xénero. Ao longo de cincuenta e tres capítulos narrados en primeira persoa polo detective Philip Marlowe, asistimos ás súas idas e vindas dende o momento no que axuda a marchar a México a Terry Lennox, un peculiar personaxe sobre o que ao día seguinte recaen as sospeitas polo asasinato da súa muller. Co peso da posíbel acusación de complicidade, Marlowe ve como se pecha o caso tras o suicidio do fuxido en Otatoclán e a carta na que confesa o crime, ao que se suma a influencia do pai da asasinada, o millonario Harlan Potter, a quen lle interesou silenciar o escándalo. Aínda así, Marlowe teima en investigar sen atender ás presións da policía, dun gánster amigo do finado e do magnate Harlan Potter. A súa pescuda verase mesturada con outro caso para o que Marlowe é contratado: localizar o desaparecido Roger Wade, un atormentado escritor ao que buscan tanto Eileen, a súa esposa, coma o seu editor, Howard Spencer. Canto máis indaga o detective, máis aumentan as sombras sobre o pasado e a personalidade de Terry Lennox, até chegar á cerna do misterio. A través dun agudo retrato social das clases altas norteamericanas, o gansterismo e boas doses de desencanto, a novela aborda tamén cuestións como a lealdade, a soidade e a perda das ilusións. Caracterízase tamén por paradigmáticas pasaxes que retratan o carismático personaxe de Marlowe, os abondosos diálogos e un inesperado desenlace que se demora até as últimas páxinas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Un clásico imperecedoiro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “Ex umbra in solem”, 14 xuño 2019, p. 10.

Loa a espléndida e coidada edición vertida ao galego por Diego Ameixeiras e Alejandro Tobar. Sobre a novela, dá conta da súa complexidade e indica que o autor mergulla enxeñosamente ao lector na trama labiríntica que xira en torno a un asasinato e as consecuencias que derivan deste.

- Xosé Ramón Pena, “Segmentos de Marlowe”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 722, “Libros”, 18 xullo 2019, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, “Novidades en galego”, 27 xullo 2019, contracuberta.

Dá conta da tradución ao galego dun clásico da literatura norteamericana como é *O longo adeus* de Raymond Chandler da man de Diego Ameixeiras e Alejandro Tobar baixo o selo editorial compostelano Hugin e Munin. Da novela resume o seu argumento principal, apuntando que se trata dun fiel e minucioso retrato das clases altas californianas, dos seus costumes e pesadelos, pero tamén das periferias, os suburbios e os fondos baixos. Tamén destaca que o valor da amizade e a lealdade son os temas transversais desta narración.

Referencias varias:

- R. L., “O longo adeus”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 178, 7 abril 2019, p. 6.

Presenta de xeito breve o argumento da obra e indica que funciona como unha novela sobre a lealdade, a soidade e a perda das ilusións, evidenciado no nervio poético, os diálogos estilizados e o palpitante clímax.

Cyrano de Bergerac, *Os Estados e Imperios da Lúa (Histoire comique des États et Empires de la Lune, 1657)*, trad. e introd. Henrique Harguindey, Cangas do Morrazo: Rinoceronte, col. Vétera, n.º 30, novembro 2019, 128 pp. (ISBN: 978-84-17388-32-4). ■

No prólogo que encabeza a historia, o tradutor explica que se trata da primeira obra do xénero literario de ciencia ficción, xunto con *Os Estados e Imperios do Sol*, do mesmo autor, que permaneceu censurada pola Igrexa durante dous séculos até se publicar postumamente, nunha edición recortada que imperou durante séculos. Sinala así mesmo que, coa escusa dunha viaxe imaxinaria á Lúa, Cyrano de Bergerac (París, 1619-Sannois, 1655) fustriga os vicios da súa época e expón diversas concepcións e disertacións sobre o universo, a materia, os sentidos, a ética, a crítica ao xeocentrismo ou a defensa do empirismo, ademais de teorías persoais sobre a alimentación, o pacifismo, a hipocrisía relixiosa, os dogmas da igrexa, os costumes, a tolerancia e o respecto á diversidade, poñendo en cuestión os fundamentos culturais predominantes no Barroco. A narración, en primeira persoa, conta como Cyrano, logo dunha viaxe nun artefacto fantástico, vai parar ao Paraíso, canda Adán e Eva, convertido nun adolescente de 14 anos. Cando é expulsado de alí polo seu ateísmo, entra en contacto cos habitantes do satélite, que lle negan a categoría humana que só eles cren posuír e o consideran un mono. Con todo, Cyrano acaba aprendendo o seu idioma e describe como viven e se alimentan de fume, utilizan os versos a modo de moeda e non teñen reparos en falar de sexo. Ao cabo, recupera a liberdade e retorna á Terra coa axuda dun demo que foi recoller a outro personaxe para levalo ao averno, e acaba aterrando en Italia.

Dick, Philip K., *Soñan os androides con ovellas eléctricas? (Do Androids Dream of Electric Sheep?, 1968)*, trad. Fernando Moreiras, Pontevedra: Factoría K de libros, col. Narrativa K, xullo 2019, 296 pp. (ISBN: 978-84-16721-44-3). ■

Tradución ao galego desta novela de ciencia ficción de culto –pioneira e influencia fundamental na formación do subxénero denominado *ciberpunk*–, escrita por Philip Kindred Dick (Chicago, 1928-Santa Ana, California, 1982), que conta cunha afamada adaptación libre ao cinema, co título *Blade Runner* (1982), dirixida por Ridley Scott. Narrada en terceira persoa, a historia, dividida en 22 capítulos, está ambientada en San Francisco en 1992, logo da Guerra Mundial Terminal, que deixou o planeta practicamente deserto e cuberto por unha capa tóxica de po radioactivo. Os humanos adiñeirados emigraron ás colonias exteriores, onde dispoñen de androides –organismos biolóxicos de orixe artificial que só se distinguen dos verdadeiros humanos pola ausencia de empatía–, utilizados como man de obra. Mentres, a xente que resiste na Terra, en cidades asoladas, ante a imposibilidade de levar unha vida social normal, centra a súa necesidade de afecto

nos animais domésticos. Como os auténticos son tan escasos que resulta imposible conseguilos, a maioría merca custosos animais artificiais eléctricos. Rick Deckard, un cazador de recompensas que traballa para o Departamento de Policía eliminando androides das rúas, pois na Terra están prohibidos, sofre por non poder permitirse un animal real co seu soldo de empregado público, de maneira que ten que se conformar coa réplica dunha ovella. Cando Dave Holden, o seu superior, resulta ferido cun láser na columna, Deckard acepta a misión de darlles caza aos seis androides do sofisticado modelo Nexo-6, que escaparon dunha colonia espacial por mor da ausencia de dereitos á que estaban sometidos; deste xeito logrará a recompensa que lle permitirá obter un animal auténtico. Ao longo da súa persecución, Deckard sufrirá un cambio na súa percepción sobre os androides e sobre el mesmo, pois tras a morte de Luba Luft, unha cantante de ópera á que admira, comeza a experimentar unha crecente empatía cara a eles, de maneira que dá en examinar as razóns que subxacen tras a obrigatoriedade de eliminalos. Logo da súa relación sexual coa androide Rachel Rosen, é incapaz de consideralos simplemente máquinas. Algúns dos capítulos da novela están protagonizados por John Isidore, un cabeza de vento, catalogación que reciben os que non logran pasar o test de facultades mentais mínimas, polo que realizan os traballos menos cualificados. Isidore é condutor nunha empresa que se dedica a reparar animais mecánicos avariados, vive só nun enorme edificio de apartamentos e, como case todos os habitantes dos Estados Unidos de América, é un fiel seguidor do mercerismo, unha relixión que inclúe conectarse a unha caixa de empatía que enlaza a mente de distintas persoas para que vivan unha experiencia emocional común centrada na imaxe de Wilbur Mercer, un ancián castigado polo seu poder de revivir animais mortos. Na reiterada ilusión que comparten todos os devotos, Mercer ascende unha lomba escapando duns misteriosos perseguidores e ao chegar á cima é lapidado até a morte, tras o cal resucita e recomeza o ascenso. Dick describe un mundo ateigado de imaxes e mensaxes no que as liñas que separan o real do virtual son difíciles de distinguir, e así mesmo parodia o papel que desenvolven os medios de comunicación de masas á hora de modelar e orientar as vidas humanas.

Recensións:

- Belén López, “Fernando Moreiras. ‘Na tradución ao galego hai un plus de agarimo’”, *Diario de Pontevedra*, “Á última”, 29 xullo 2019, contracuberta.

Entrevista ao tradutor pola edición de *Soñan os androides con ovellas eléctricas?* ao galego na que comenta algunhas das similitudes entre o futuro que imaxinou Philip K. Dick e o presente, así como as vantaxes e desvantaxes de ser fan da obra do autor. Reflexiona sobre este e outra obra coñecida de Dick, *O home do castelo*, e sobre as súas adaptacións ao cine e á televisión respectivamente. Tamén considera a posición da tradución de obras estranxeiras no panorama literario galego, e menciona á obra de George R. R. Martin coma aquel texto que lle gustaría traducir nun futuro.

- Diego Ameixeiras, “Naves ardendo máis aló de Orión”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 2 agosto 2019, p. 10.

Fai alusión á recreación filmica da novela *Soñan os androides con ovellas eléctricas?* de Philip K. Dick a propósito da súa tradución ao galego por parte da editorial Factoría K. Establece unha análise comparativa entre os dous produtos, textual e audiovisual, a partir do argumento principal, analizando as diferenzas e semellanzas entre as dúas linguaxes.

- Xosé Feixó, “Gratificante lectura. Con sentimentos replicantes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 729, “Libros”, 24 outubro 2019, p. VI.

Recomenda a lectura do libro e o visionado do filme que recrea o propio libro e que supuxo o éxito póstumo do prolífico Philip K. Dick.

Donna Paola, *As confesións dunha filla do século. Epistolario dunha morta (Le Confessioni di una figlia del Secolo. Epistolario di una morta, 1901)*, trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 66, decembro 2019, 180 pp. (ISBN: 978-84-12128-01-7).

Novela epistolar italiana que supuxo a notoriedade para a súa autora, Paola Grosson de Gentry (Bérgamo, 1866-Quarto dei Mille, 1954), que asinou gran parte da súa produción como Donna Paola. Tras unha significativa dedicatoria —«A todas vosoutras, irmás...»— coa que a escritora pon de relevo a súa intención de retratar as limitacións que sofren as mulleres da súa época, o volume ábrese cun «Proemio» da autora no que revela como chegaron ao seu poder as cartas que conforman a novela. A voz da misivas corresponde a Viviana, unha muller que optou polo suicidio e desexa dar a coñecer o seu triste pasado e as súas emocións dirixíndose ás persoas que, para ben ou para mal, ocuparon un lugar na súa vida: a propia Donna Paola, amiga dende a infancia e coa que viviu o espertar da sexualidade no convento; Edoardo, o seu medio irmán; Carlo, o seu home; don Flaminio, o crego; o doutor Massimo, un grande amigo; e os seus amantes, o deputado Riccardo, Tristano e Fabrizio. As cartas conforman o relato completo do seu percorrido polo mundo debido aos detalles espallados nelas, ao tempo que desvelan a forte personalidade dunha muller marcada polo sentimento de orfandade e a busca constante de afecto, que defende e practica unha sexualidade activa, mesmo con homes máis novos ca ela, capaz de sobrepoñerse á miseria e ao infortunio e de retratar a hipocrisía e os convencionalismos sociais que non comparte.

Duras, Claire de, *Ourika (Ourika, 1823)*, trad. Xavier Senín, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, xuño 2019, 56 pp. (ISBN: 978-84-94971-34-1).

Claire de Duras (Brest, 1777-Niza, 1828) é a autora deste breve relato en francés escrito na voz da súa protagonista, unha moza senegalesa educada pola familia Beauvau que frecuentaba o seu afamado salón literario. A anécdota real, metamorfoseada por Duras cos requisitos que esixe a ficción, acadou unha grande acollida na época entre a crítica e o público, chegando a vender uns 7.000 exemplares. A senegalesa Ourika, salvada de ser vendida como escrava, é posteriormente, por mor dun «agasallo» entre familias, adoptada, querida e educada como unha verdadeira filla nunha señorial casa parisiense. No ambiente previo á Revolución francesa, Ourika medra feliz, asiste aos seráns aristocráticos e recibe gabanzas pola súa intelixencia e simpatía. Porén, un día, xa adolescente, escoita por casualidade unha conversa que alude ao seu triste futuro por causa da raza, e daquela comprende que o seu destino é ben diferente ao das demais mulleres. Construída como unha confesión reconstruída polo médico que atende a Ourika nos seus últimos días de vida, o relato é pioneiro no afondamento na sensibilidade e os pensamentos dunha muller africana, e fai fincapé nos prexuízos que imposibilitan a súa felicidade e na visión feminina da cuestión racial.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Ourika, muller negra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 26 xullo 2019, p. 10.

Ofrece unha recensión da novela *Ourika* da aristócrata francesa Claire de Duras, a propósito da súa tradución ao galego por parte de Xavier Senín para a editorial Hugin e Munin. Comeza matizando que en apenas 50 páxinas a autora narra unha interesante historia dunha moza negra que vive nun mundo que a despreza pola súa condición e que isto supón un feito insólito na literatura da época, en tanto que lle outorga á narración un valor político indiscutíbel.

Escala, Tòni, *Morte en Arán (En vacances, 2007)*, Premio Internacional La Gàrdia en Jaune, trad. Xabier Ron Fernández, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, outubro 2019, 120 pp. (ISBN: 978-94971-39-6).

A presente novela de Antònia Escala Lara (Trempe, 1961) pretende tender unha ponte entre o sistema cultural aranés occitano e o galego, pois é a primeira tradución directa dun texto de ficción contemporánea cara ao galego. A trama arrinca da aparición do cadáver dun esquiador cun forte golpe na cabeza nun cavorco do Val de Arán, un día de malas condicións climáticas para a práctica do deporte. Todo apunta a que se trata dun desafortunado accidente; no entanto, a través dos trece capítulos titulados nos que se estrutura a novela, vanse desvelando as pescudas policiais, así como os comportamentos pasados e presentes das persoas relacionadas co finado, para ao cabo sacar á luz unha chea de segredos: envexas e rivalidades soterradas, traizóns e mentiras. A neve convértese nun elemento máis da narración, pois simboliza dalgún xeito o illamento e a frialdade de moitos dos personaxes.

Eliot, George, *O veo alzado (The Lifted Veil, 1859)*, trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XXI, n.º 62, xullo 2019, 84 pp. (ISBN: 978-84-94971-36-5).

George Eliot, nome de pluma de Mary Ann Evans (Nuneaton, Warwickshire, 1819-Chelsea, 1850), publicou orixinalmente esta novela curta nas páxinas da *Blackwood's Edinburgh Magazine*. Malia a súa celebridade como escritora realista, trátase dun texto atípico no conxunto da súa produción, pois enlaza coa tradición vitoriana do horror psicolóxico e acolle elementos sobrenaturais e de percepción extrasensorial. O mozo Latimer relata en primeira persoa e nun ton melancólico as lembranzas de distintas etapas da súa vida, alternando as descrições con reflexións de carácter críptico relacionadas con pseudociencias como a frenoloxía, a clarividencia e a predestinación que abren a porta á interpretación do lectorado. Latimer preséntase como un home de saúde delicada, introvertido e sensíbel totalmente contrario ao seu irmán máis vello, o cal representa o que se desexa nun herdeiro. Mais el posúe un estraño don que lle permite ler os pensamentos dos que o rodean e ten visións sobre o seu futuro. Estas facultades, porén, cáusanlle máis sufrimento ca beneficio, pois vive illado e temeroso de que se descubra o seu segredo. Só unha persoa se resiste ao seu don: a prometida do irmán, a enigmática

Bertha. Non obstante, unha visión anúncialle que casará con ela, e daquela a paixón que agroma no protagonista dá pé á súa fantasía narcisista e destrutiva. Pese a saber que a súa vida con ela será desgraciada, o feito non pesa no irresistible engado e, como era de esperar, todo conduce cara á desgraza. Neste relato de estrutura circular, a autora recorre á figura da *femme fatale* para retratar unha personalidade atormentada, recrear un amor que combina a fascinación coa mesquindade e poñer en cuestión o equilibrio entre realidade e figuración.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O amor nunca está claro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 30 agosto 2019, p. 10.

Recolle un resumo do eixo argumental da novela *O veo alzado* (1859) da escritora británica Mary Ann Evans (George Eliot), apuntando que narra a historia dun personaxe atormentado a causa do poder que posúe para ler as mentes.

Hamsun, Knut, *Fame (Sult, 1890)*, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 27, abril 2019, 206 pp. (ISBN: 978-84-17388-13-3).

■

Tradución ao galego desta novela que fixo célebre o Premio Nobel de 1920 Knut Hamsun (Lommel Gudbrandsdal, 1859-Grimstad, 1952), realizada non dende a lingua orixinal senón dende a versión inglesa. O protagonista, un escritor sen nome nin idade e cuxas orixes e pasado ignoramos, relata a través dun monólogo obsesivo como transcorre a súa vida e como consegue alimentarse en contadas ocasións, cando vende algunha colaboración nun xornal ou empeña algunha das súas escasas pertenzas persoais, ao tempo que vaga á deriva por Christiania, a capital de Noruega. Deambula entre a casa de empeños de Pilestradet, o café Oplandske, os portais de Torvgaten ou o bosque de Bogstad, sempre famento, dando conta dos seus delirios, a súa loita interior, a análise dos seus actos, os seus conflitos e motivacións. Deste xeito, a novela carece dunha trama propiamente dita, á parte da sucesión de vivencias e encontros, nun vagar continuo onde son escasos os instantes de felicidade, pois, tal como indica o título, todo xira ao redor da fame e das inseguridades, interrogantes, dúbidas, arroutadas, ataques de desprezo, orgullo, tenrura e ira, a ironía, o humor e a autocrítica do excéntrico personaxe, un ser humano de contraditoria personalidade que sofre altibaixos no seu empeño para sobrevivir e elevarse por riba das comodidades burguesas dende os seus ideais de artista. A loucura á que chega lévao a molestar un cego, a burlarse dunhas mozas que pasean, a rirse da policía, a comer o que atopa tirado na rúa, a berrar e dicir en voz alta cousas sen sentido. Así mesmo, sente algo semellante ao amor por unha muller á que chama Ylajali, que descoñece que vive na absoluta pobreza, de maneira que queda clara a distancia entre o desexo e a realidade. Estruturada en catro partes, conforma un retrato da soidade e do desamparo no medio da multitude e da hostilidade da gran cidade, reflectindo a anarquía das percepcións e a fantasía que residen no inconsciente e arrastrando o lector nese torrente de sensacións para que comparta a angustia do protagonista ante a fame lancinante que debilita o seu corpo e enerxías e o empuxa a abandonarse á morte. *Fame* influíu na narrativa do século XX pola exploración pioneira nunha subxectividade hipersensíbel e delirante a través do recurso do fluxo de conciencia, en particular en

escritores como Thomas Mann, Henry Miller, Herman Hesse, Stefan Zweig ou Charles Bukowski, entre outros, malia que o seu autor foi deostado polo seu apoio ao réxime nazi.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Traballar para ser pobre”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, p. 10.

Informa da publicación en lingua galega da novela *Fame* de Knut Hamsun da man de Moisés Barcia para a editorial Rinoceronte. Trátase dunha obra que relata os avatares dun traballador en loita pola súa supervivencia e que abriu un camiño que incitou o novo arraigamento da novela psicolóxica.

Referencias varias:

-Gracia Santórum, “Traducida por Moisés Barcia...”, *Luzes*, n.º 72, “As libreiras”, setembro 2019, p.87.

Gracia Santórum, autora do blog Trafegando Ronseis, dá conta da tradución de *Fame* do noruego Knut Hamsun, premio Nobel de Literatura, por Moisés Barcia e recomenda a lectura desta obra, que narra as vivencias dun protagonista anónimo que vaga polas rúas pasando moita fame.

Hjálmarsson, Jón R., *Mapa de estradas lendario de Islandia (A traveller's guide to Icelandic folk tales*, 2002), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte, col. Nova, n.º 22, xaneiro 2019, 224 pp. (ISBN: 978-84-17388-15-7). ■

O presente volume, traducido dende o inglés e non dende a lingua orixinal, presenta unha recompilación de sesenta contos, lendas, supersticións e crenzas procedentes da cultura islandesa realizada polo experto en historia Jón R. Hjálmarsson (Vesturland, 1922-Reiquiavik, 2018), co fin de demostrar a mestura de realidade e lenda que caracteriza o seu país. Estructurado en catro seccións, dedicadas a zonas xeográficas da illa –Islandia Occidental, Fiordes Occidentais e Islandia Meridional–, tras propoñer un itinerario que se presenta nunha breve introdución con datos sobre a rexión e informacións prácticas, inclúense as historias tomadas do folclore islandés, de maneira que o libro está concibido como unha especie de guía de viaxe por estrada ao longo de todo o país para descubrir espazos remotos e inexplorados dos que ás veces derivan os topónimos dos lugares. Ademais, invítase ao lector a buscar en Google as fotos das paisaxes ás que se alude e a comprobar como a tradición pagá se fusionou coa relixión e a mitoloxía. As historias están protagonizadas por elfos, trasnos, pantasmas, magos, demos, troles, corvos sabios e outros seres sobrenaturais e presentan o trazo común de acoller algún episodio relacionado coa maxia, os mitos e as historias épicas. Inclúense tamén mapas e ilustracións que recrean a atmosfera da illa.

Recensións:

- Mario Regueira, “Guía para viaxes máxicas”, *Tempos Novos*, n.º 266, “Cultura”, “Protexa”, “Tradución”, xullo 2019, p. 84.

Mario Regueira fai unha recensión da obra *Mapa de estradas lendario de Islandia*, de Jón R. Hjálmarson, tradución ao galego da versión inglesa de Moisés Barcia. Ao longo dos diversos capítulos, desenvólvense contos e lendas de cada recuncho do país (onde deambulan elfos, trolls e outros) coa intencionalidade, asegura Regueira, de configurar unha actualización dun folclore popular. O autor sentencia: “o libro de Hjálmarson é un catálogo de conto popular, posto en galego coa riqueza léxica e o coidado minucioso ao que nos ten acostumado o seu tradutor”.

Huch, Ricarda, *O derradeiro verán. Unha narración epistolar (Der letzte Sommer. Eine Erzählung in Briefen*, 1910), trad. Rosa Marta Gómez Pato, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 59, marzo 2019, 160 pp. (ISBN: 978-84-94971-31-0).

Relato epistolar considerado unha das obras de ficción máis relevantes da historiadora e escritora Ricarda Huch (Braunschweig, 1864-Frankfurt, 1947), candidata ao Premio Nobel en sete ocasións. Construído a partir dun cento de cartas cruzadas que intercambian os membros da familia Rasimkara, pertencentes á alta burguesía, recrea os acontecementos previos á Revolución de Outubro rusa, marcados pola fin do sistema de goberno absolutista e represivo do tsar e o ambiente de crispación cargado de folgas que tal proceso histórico desencadeou. A novela arrinca no momento no que os Rasimkara se ven obrigados a trasladarse á súa residencia de verán debido ás revoltas estudantís en San Petersburgo, pois o cabeza de familia, gobernador da cidade, recibe constantes ameazas tras a decisión de pechar a universidade. Malia o traslado, as ameazas de morte non cesan, o cal provoca que a familia contrate a Lju, un mozo, funcionario do goberno que exerce como secretario e escolta do gobernador en previsión de posibles atentados por parte dos revolucionarios. As diferentes epístolas revelan as inquietudes e diferentes maneiras de pensar dos Rasimkara. Dunha banda, os proxenitores, ancorados ao modelo do Antigo Réxime, e da outra os novos –as fillas, Katja e Jessika, e o fillo, Welja– e tamén Lju, que apostan pola reforma da sociedade. Ademais de constituír o testemuño dunha época histórica, a intriga e o suspense están presentes nesta sucesión de misivas, que conta así mesmo cun sorprendente desenlace.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, "Retrato de familia burguesa", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "Crítica", "A outra mirada", "1.280 almas", 3 maio 2019, p. 10.

Informa da publicación en lingua galega da novela *O derradeiro verán* de Ricarda Huch en tradución de Rosa Marta Gómez Pato para a editorial Hugin e Munin. Resume o contido do libro e adirma que a súa autora constrúe un relato que nos vén dicir que as crises históricas teñen unha réplica nas relacións familiares.

Referencias varias:

- R. L., “O derradeiro verán”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 178, 7 abril 2019, p. 6.

Explica que nesta narración epistolar a autora recrea a Rusia de comezos do século XX. Salienta o suspense presente dende a primeira páxina e o final cualificado pola crítica de “dramático”.

Jääskeläinen, Pasi Ilmari, *O día do falso gato* (*Väärän kissan päivä*, 2017), trad. Tuula Ahola, Cangas do Morrazo: Esplanadi, col. Xeral, n.º 3, novembro 2019, 317 pp. (ISBN: 978-84-120370-4-3). ■

Tradución dende o finés ao galego desta novela de Pasi Ilmari Jääskeläinen (Jyyäskylä, 1966), unha das grandes firmas da literatura fantástica do seu país, que apareceu dentro do selo Esplanadi da editorial Rinoceronte, especializado en literatura fina. A trama, contada en primeira persoa por Kaarna, desenvólvese o día da festa de outono que se celebra tradicionalmente en Marrasvirta, a vila na que traballa como director da área de urbanismo no Concello. O seu plan de dar un discurso na praza do municipio e asistir á presentación dunha exposición da súa muller, unha notábel fotógrafa chamada Minerva, na que verán a luz comprometidas imaxes que revelan os vínculos da Stasi con algúns membros da sociedade fina, vese alterado pola repentina noticia da morte da súa nai, unha prestixiosa psicóloga enferma de alzhéimer, na residencia onde levaba anos ingresada. Isto dá pé a que Kaarna rememore toda a súa infancia, recuperando diversos episodios destacados e nebulosos, ao tempo que persegue a nai por toda a cidade, pois en realidade non morreu senón que, debido a un revolucionario tratamento contra a enfermidade que padece, é quen de revivir diferentes momentos do pasado. A historia recorre profusamente aos saltos temporais e espaciais, así como á repetición e a escenas crípticas e oníricas que mesturan a verdade co imaxinado e nas que sempre aparecen gatos, coa intención de crear unha estrutura caótica.

Krasicki, Ignacy, *As aventuras de Mikolaj Doświadczyński* (*Mikolaja Doświadczyńskiego przypadki przez niegoż samego opisane, na trzy księgi rozdzielone*, 1776), trad. e introd. Lúa García Sánchez, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, n.º 28, xuño 2019, 186 pp. (ISBN: 978-84-17388-26-3).

Tradución dende a lingua orixinal da considerada a primeira novela polaca, obra do escritor Ignacy Krasicki (Dubiecko, 1735-1801), coñecido popularmente como «o príncipe dos poetas polacos». O volume ábrese cunha introdución de Lúa García Sánchez na que, ademais de ofrecer unhas notas sobre a vida do autor, sitúa a súa produción no marco da Polonia do século XVIII, época de declive e inestabilidade no plano político e de renacemento cultural na que intelectuais como Krasicki desempeñaron un papel activo na reforma da sociedade a través da adaptación dos principios ilustrados. Así mesmo, analiza o argumento e a estrutura da obra, e destaca que a súa é a primeira versión a unha lingua da Península Ibérica, malia estar traducida tamén ao alemán, francés, ruso, inglés, italiano e xaponés. A novela está precedida dun prefacio no que o autor critica con humor as fórmulas que adoitan empregarse nos limiares e a falsa modestia da que fan gala os escritores. A seguir comeza a historia, protagonizada por Mijolaj, un mozo da nobreza polonesa que narra a súa vida en primeira persoa coa intención de que sirva de exemplo. Estruturada en tres libros, compostos á súa vez por dezasete episodios, o primeiro corresponde á infancia e xuventude do protagonista. A súa familia e o seu fogar preséntanse como unha mostra dos valores corruptos da nobreza, pois renegan da lectura e son afeccionados á caza, as supersticións, aos contos e é bebida. Enviado á escola

pública grazas ao seu tío, que lles fai ver aos pais a importancia da educación, estuda até os dezaseis anos, cando volve á casa a causa da morte do pai. Daquela, a súa formación continúa cun titor francés, Damon, que o instrúe nos costumes mundanos e lle proporciona literatura amorosa, o cal excita a súa imaxinación de maneira pernicioso. De feito, un incidente con Julianna, unha criada da nai, á que se declara, provoca que ela sexa enviada a un convento e el parta de viaxe con Damon a unha cidade próxima. Baixo as artimañas de Damon e dunha cómplice deste, a condesa Grankendorff, perde unha fortuna no xogo. Entre as súas peripecias posteriores destacan a súa estada en Varsovia, onde leva unha vida de luxo e recibe a nova da morte da nai; o episodio no tribunal de Lubin, onde se enfronta a un veciño e gaña o caso recorrendo a subornos e tratos de favor; e as súas viaxes a París, Cracovia, Viena, Frankfurt, Maguncia, Colonia, Estrasburgo, Metz e Reims. Nunha nova visita en París, coñece o libertino conde Fickiewicz e converte a señora La Rose na súa amante, até que a traición do conde o obriga a ter que se embarcar cara a Batavia, arruinado. No libro segundo, de ritmo máis estático polo seu carácter descritivo, Mikolaj, tras sufrir un naufraxio, atópase na illa ficticia de Nipu, unha sociedade utópica na que rexe a honestidade e na que recibe as ensinanzas do ancián mestre Xaoo. Convértese entón nun labrego e aprende os seus preceptos morais, pois el é considerado o salvaxe e os nipuáns os ilustrados. Con todo, acaba fuxindo da illa ao atopar un bote e riquezas procedentes dun naufraxio. O libro terceiro concatena aventuras e lugares diversos: o protagonista é rescatado da morte no medio do mar por un barco español que o leva a Potosí, onde acaba traballando nas minas canda o resto dos escravos; de alí o rescatan o cuáquero Gwillhelm e un indio americano cos que navega até Buenos Aires. Cando se dirixe a Marsella, coñece o capitán De Vennes, no que descobre un filósofo e un novo guía, que o terá que sacar dun manicomio en Sevilla, tras ser detido por difundir as ideas da sociedade de Nipu. De volta en Polonia, e tras satisfacer as súas débedas, Mikolaj instálase no campo, atopa o equilibrio entre o traballo e o pracer e vive con moderación, converténdose no modelo de nobre polonés que loita polo ben común e leva unha existencia sinxela e casando con Julianna, o seu primeiro amor. A obra, que responde ao modelo da novela de aprendizaxe e viaxes, caracterízase polo seu humor irónico –sobre todo no libro segundo, construído ao modo de *As viaxes de Gulliver* de Swift–, certas concomitancias co *Don Quixote* de Cervantes –visíbeis na estratexia empregada para ridiculizar a literatura amorosa no libro primeiro–, a sátira social e os recursos propios da literatura moral, dado o seu propósito didáctico.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A primeira novela polaca”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 8 novembro 2019, p. 10.

Recensiona a novela orixinalmente publicada en 1776, explicando que, artellada en tres partes, vai deseñando a vida de Mikolaj dende a súa infancia até que abraza o pensamento ilustrado. Salienta a vixencia que mantén a obra en cuestións relacionadas co fondo da condición humana, que apenas muda co decurso do tempo.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “De Lemaitre á Rosalía feminista”, *La Voz de Galicia*, “Libros”, “Galego”, 15 xaneiro 2019, p. 4.

Nun artigo coas novidades literarias en galego de 2019, amenta *Tirs días e unha vida*, de Pierre Lemaitre; *Números vermellos*, de Ana Fontenla; *O último barco*, de Domingo Villar; *Carta a unha profesora*, de Escola de Barbiana; *Pioneiras 2*, de Anaí Rodríguez; e *Rosalía feminista*, de Helena González.

-Iria Pedreira, “Ignacy Krasicki...”, *Luzes*, n.º 74, “As libreiras”, novembro 2019, p.88.

Iria Pedreira, de Balea Cultural, informa da tradución ao galego de *As aventuras de Mikołaj Doświadczyński*, do autor polaco Ignacy Krasicki, por parte de Lúa García Sánchez. Trátase dunha obra que é considerada a primeira do sistema literario polaco e que narra unha serie de periplos físicos e emocionais que levan á reflexión e á aprendizaxe moral.

Lemaitre, Pierre, *Tres días e unha vida* (*Trois jours et une vie*, 2016), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 26, marzo 2019, 236 pp. (ISBN: 978-84-17388-20-1). ■

Historia de suspense psicolóxico na que Pierre Lemaitre (París, 1951) argalla unha trama que suscita a cuestión de se é posíbel vivir cun crime na conciencia. Está ambientada en Beauval, unha tranquila vila no interior dunha rexión boscosa na que case nunca acontece nada, á parte da ameaza de peche da súa principal industria, a fábrica de xoguetes de madeira do alcalde, e as pequenas disputas entre os seus veciños. Antoine Courtin, un rapaz de doce anos que vive coa súa estrita nai, divorciada dun pai que reside en Alemaña e ao que case nunca ve, é vítima das burlas dos rapaces da súa idade, o cal provoca nel certa sensación de illamento e un carácter pouco comunicativo. Coa pretensión de suscitar a atención dos seus compañeiros, constrúe unha cabana no bosque de Saint-Eustache, sempre na compañía de Ulises, o can dos señores Desmedt, os seus veciños, que para el é un amigo importante. A súa soidade queda de manifesto cando os seus amigos non demostran interese ningún pola cabana e prefiren xogar coa PlayStation. Ademais, ese mesmo día un coche atropela a Ulises e o señor Desmedt acaba coa súa vida disparándolle coa escopeta para evitar gastar no veterinario. Conmocionado, refúxiase no bosque e destrúe a cabana. Cando aparece Rémi, desafoxa a súa ira con el e mátao dun golpe na cabeza. Logo agocha o corpo nun tobo oculto por unha enorme faia derrubada. Xa na casa, comeza o medo a que o descubran e o veñan deter, pero os estragos dun forte temporal que dura varios días fan que a pescuda sobre o paradiro do cativo quede interrompida. Non obstante, a culpabilidade acompañará a Antoine ao longo da súa vida, pois para evitar ser descuberto deberá renunciar a todos os seus desexos e plans. Ben que evita a prisión, o seu castigo é interior. A historia conta con tres marcos temporais que conforman outros tantos momentos decisivos para Antoine: 1999, cando acontecen os feitos; 2011, cando se anuncia a construción nos arredores do bosque de Saint-Eustache e Antoine, xa mozo, vive de novo o terror a ser descuberto e sofre unha cruel broma do destino; e 2015, cando na súa consulta de médico na vila recibe a visita dun paciente que sempre tivo a proba da súa culpabilidade. A novela aborda temas como o remorso, o concepto de xustiza e as consecuencias dos nosos actos, e faino a través dos pensamentos de Antoine e trasladando a angustia que o acompaña. En 2019 o director francés Nicolas Boukhrief realizou unha adaptación filmica da historia.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Lemaitre coñece a túa alma”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 26 abril 2019, p. 10.

Informa da publicación en lingua galega da novela *Tres días e unha vida* do francés Pierre Lemaitre da man de Rinoceronte Editora baixo a tradución de Moisés Barcia. Destaca a importancia do autor dentro do *noir* europeo e di que esta novela cimta un portentoso exercicio de tensión narrativa que deixa pouco espazo ao acougo e, ademais, sorprende.

- María Navarro, “Suspense, misterio, expectación. Co sabor amargo da inxustiza”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 724, “Libros”, 19 setembro 2019, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, “Novidades en galego”, 19 outubro 2019, p. 6.

Explica o argumento da obra, que se trata dun relato no que o autor vai describindo o que sucede na poboación de Beauval, os pensamentos do protagonista e os seus anhelos de que pase algo. Indica que o autor crea unha interesante tensión narrativa que amosa hipocrisía e intriga do principio ao fin da obra.

Levi, Primo, *Se isto é un home* (*Se questo è un uomo*, 1947), trad. Xoán Manuel Garrido Vilariño, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 439, xaneiro 2019, 304 pp. (ISBN: 978-84-9121-469-4).

Considerada unha das obras máis importantes do século XX, é un relato biográfico que aborda a estancia do autor, tatuado co número 174577 no seu brazo esquerdo, en Monovitz, campo de concentración satélite de Auschwitz-Birkenau, durante o nazismo. Tras un poema inicial que invita á reflexión sobre a terríbel condición humana e declara o seu propósito de dar testemuño do sucedido, o discurso céntrase nos últimos dez meses de reclusión de Levi tras ser deportado, xunto con outros xudeus italianos, pola súa implicación na resistencia partisana, e até a súa liberación polo exército ruso. As súas vivencias acollen con crueza e sinceridade padecementos como a fame, a sede, o frío, a canseira, a loita pola supervivencia ou os variados mecanismos da violencia contra os prisioneiros inflixidos polos nazis co obxecto de despersonalizar os xudeus, coma tal, o feito de arrebatarlles o nome e substituílo por un número. Con todo, a narración acolle múltiples pasaxes reflexivas arredor da esencia e a dignidade do ser humano, así como o seu potencial de ser cruel co próximo, inserindo referencias á *Divina Comedia* de Dante Alighieri que salientan a importancia da cultura como experiencia de coñecemento. Así mesmo, defende que os homes non naceron para comportarse como os animais, que é o que se pretendía nos campos de traballo, senón para vivir das súas emocións e pensamentos. Nas páxinas finais, o autor engadiu a modo de anexo as respostas ás preguntas máis frecuentes que lle fixeron ao longo dos anos tras vivir esta terríbel experiencia. O presente volume péchase cun epílogo do tradutor no que se aborda a vida e a obra de Primo Levi (Turín, 1919-1987), páxinas nas que se destaca que o libro pasou case desapercibido até que foi traducido ao inglés en 1959, tras o cal se difundiu en máis de corenta linguas. A partir desta data converteuse nun testemuño indispensable do Holocausto e das estratexias de sometemento empregadas polos nazis e supón a primeira entrega dunha triloxía arredor das memorias do autor que se completou con *La tregua* (1963) –onde narra o seu regreso a Italia tras a liberación– e *I sommersi e i salvati* (1986) –no que reflexiona sobre o Holocausto, as súas causas e consecuencias tanto nas vítimas coma nos verdugos.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Tras Auschwitz, máis sós”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 8 febreiro 2019, p. 8.

Comeza falando sobre as lecturas que permanecen na nosa memoria moito tempo despois de ter accedido a elas e de como esta perdurabilidade está relacionada coa experiencia que en nos provocou. Afirmar que unha das obras que o marcou a el foi *Se isto é un home* de Primo Levi, que agora foi traducida ao galego por Xoán M. Garrido, e da que di que é unha crónica esgazadora e un símbolo de resiliencia fronte ao aniquilamento.

- Francisco Martínez Bouzas, “Polas zonas abisais da humanidade. Sinistro lugar de perigo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 712, “Libros”, 7 marzo 2019, p. VI.

Recensión do libro de Primo Levi publicado orixinalmente en 1947, un clásico da literatura sobre o Holocausto.

- Xosé Antonio López Silva, “Primo Levi, por fin, en galego”, *Grial*, n.º 223, “O espello das letras”, xullo 2019, p. 79.

Xosé Antonio López Silva informa de que vén de ser publicado por Edicións Xerais *Se isto é un home*, obra de Primo Levi, con motivo do centenario do seu nacemento. Primo Levi é un autor que se engloba dentro da literatura da Shoah, na que tamén se contan as súas obras *A tregua* e *Os fundidos e os salvados*, que xunto con *Se isto é un home* conforman a ‘Triloxía de Auschwitz’. López Silva fai tamén un chamamento á necesidade de traducir a triloxía na súa totalidade, pois esta é a única obra traducida polo momento, para evitar que xogue en desvantaxe fronte ao sistema literario castelán, que conta cunha tradución das tres obras nun único volume.

Referencias varias:

- Antón Riveiro Coello, “A historia pioneira dun supervivente da barbarie nazi”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 febreiro 2019, p. 36.

Faise eco da tradución do libro ao galego da man de Xosé Manuel Garrido Vilariño. Explica o argumento da obra e contextualiza que Primo Levi comezou a escribir a novela despois de abandonar Auschwitz en 1945 e a rematou ao ano seguinte. Sería publicada en 1967, sen moito éxito.

-Gracia Santórum, “Sempre é unha celebración...”, *Luzes*, n.º 68, “As libreiras”, maio 2019, p. 89.

Gracia Santórum, autora do blog Trafegando Ronseis, celebra a tradución ao galego da obra *Se isto é un home*, de Primo Levi. Recomenda tamén a lectura do libro.

London, Jack, *Martin Eden* (*Martin Eden*, 1909), trad. Cecilia Recarey Rendo, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, novembro 2019, 498 pp. (ISBN: 978-84-948421-7-7). ■

Tradución ao galego da que está considerada a novela máis autobiográfica de Jack London (John Griffith Chaney, San Francisco, 1876-Glen Ellen, 1916), pola súa pertenza á clase traballadora e a súa formación autodidacta, trazos que comparte co protagonista desta historia. Trátase da historia dun proletario, un rapaz nado en San Francisco curtido en aventuras e pelexas, cuns modais rudos, aínda que de acusada sensibilidade e intelixencia, que se fai mariñeiro e aos vinte anos descobre a cultura ao ser acollido en Oakland por unha refinada familia burguesa que lle abre as portas a un mundo no que reinan a riqueza, a arte, a literatura e as finas maneiras. O seu amor por Ruth Morse, a filla desa familia e tamén a súa educadora, canda a súa ambición, lévano a centrar todos os esforzos en lograr unha cultura mediante unha formación autodidacta para se converter en escritor. Eden persiste, traballa duramente nunha lavandaría, le e escribe moito, aínda que os editores rexeitan as súas obras. O seu amigo Tuss Brissenden afóutao a participar nunha asemblea socialista; os periódicos dan conta do seu discurso, provocando a indignación dos pais de Ruth, que obrigan a rapaza a romper o noivado. Eden acada o recoñecemento e a fortuna, pero está só. Tras repartir os cartos entre os que o axudaron nos tempos difíciles –a súa irmá Gertrude; María Silva, a arrendataria; e o seu vello compañeiro de traballo Joe–, rexeita a reconciliación que lle propón Ruth e embárcase cara aos Mares do Sur. No barco séntese un estraño, tanto entre os mariñeiros coma entre os pasaxeiros de primeira clase, de maneira que se tira ao mar a causa do rancor que sente cara á sociedade burguesa, canso do traballo e o amor non correspondido. Narrada en primeira persoa e seguindo o modelo da novela de formación, a crítica atribuíulle a esta obra unha gran carga autobiográfica, ademais de plasmar o proceso do heroe dende a súa condición de «salvaxe», redimido grazas á cultura, a un representante do individualismo nietzscheano.

Referencias varias:

- R. L., “Martin Eden”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 206, 17 novembro 2019, p. 4.

Presenta a obra explicando que, incomprendida no seu tempo, rematou por converterse nunha lectura imprescindible para xeracións de autores emerxentes. Explica brevemente o argumento da novela, que cualifica como a máis autobiográfica das obras de Jack London.

Longo, Andrej, *A outra nai (L'altra madre*, 2016), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 28, maio 2019, 194 pp. (ISBN: 978-84-17388-25-6). ■

Andrej Longo (Ischia, 1959) ambienta esta novela en Nápoles, unha cidade que pinta como un lugar no que o ben e o mal se contraponen en dous mundos: o dos barrios residenciais, as tendas e a lei, e o do crime, a violencia e a ilegalidade. A historia céntrase na ruptura desta división, pois unha policía a quen lle arrebatan a súa única filla con motivo dun roubo, decide tomar a xustiza pola man e contravén as regras que tenta facer respectar. Genny ten dezaseis anos, traballa nun bar do centro histórico repartindo os pedidos nun ciclomotor, que conduce con grande habilidade, e coida da súa nai enferma, que subsiste cosendo pantalóns. Un sábado de maio, para non quedar de covarde, decide aceptar a proposta do seu amigo Salvatore e roubar un bolso dende a moto. As vítimas son dúas adolescentes, e unha delas, Tania, resulta morta por mor dun golpe na cabeza.

Dende ese intre, a nai de Tania converte a vinganza no obxecto da súa vida. Pero a racionalidade de muller policía imponse ao instinto de nai ferida, de maneira que Irene acorda atopar o rapaz que lle arrebatou a filla para darlle unha lección e facerlle comprender as graves consecuencias dos seus actos. Ademais, o encontro de Irene e a nai de Genny fará que reflexione sobre o sufrimento do rapaz, ao que ficará ligada. Cun estilo directo e descarnado, estruturada en 15 capítulos que abranguen os feitos acontecidos dende o 2 ao 15 de maio, frases curtas, diálogos e técnicas cinematográficas, a novela bota abaixo as certezas e introduce moitas interrogantes de índole moral: que acontece cando os que se supoñen que son os bos e deben manter a orde pasan a ser os malos? Como defender o indefendíbel? Que ocorre cando un se compadece dun asasino? Dende propósitos realistas, plásmase unha vida dura, así como a vitoria da vida sobre a morte e a capacidade da dor para transformar os sentimentos.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O volume máximo da vida”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 6 setembro 2019, p. 10.

Recensión da obra de Andrej Longo, que se desenvolve nun lugar inhóspito sometido á lei do máis forte. Salienta a sinxeleza da trama, na que un suceso fortuíto une as vidas de Fenny e Irene, adolescentes que viven en Nápoles, baixo o influxo da camorra. Indica que na obra todo está cociñado no seu punto xusto, e que pode agradar a lectores que busquen narrativas con matices policiais e sociais.

- Estro Montaña, “Nápoles, furacán. Na ‘normalidade miserable’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 727, “Libros”, 10 outubro 2019, p. VI.

Debulla o argumento da obra e indica que unha das súas funcións é o entretemento, xa que mantén en tensión ao lector en todo momento. Salienta que se trata dunha novela para reflexionar sobre certos dilemas morais.

Referencias varias:

-R. L. “A outra nai”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 191, 7 xullo 2019, p. 4.

Resume a trama da obra e destaca o cronotopo onde se desenvolve a historia. Alude a algúns dos fragmentos máis intensos da narración, e enumera as principais características da obra do autor.

Montanyà, Xavier, *Piratas da liberdade*, trad. Francisco Macías, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2019, 212 pp. (ISBN: 978-84-120184-1-7).

Obra narrativa de Xavier Montanyà (Barcelona, 1961) conta a historia dun secuestro que impactou as ditaduras española e portuguesa. Ambientada nos meses de xaneiro e febreiro de 1961 ten lugar o secuestro do transatlántico portugués Santa María, convertido pouco despois en Santa Liberdade, co fin de recordarlle ao mundo a presenza en Europa de dúas ditaduras fascistas, a española de Franco e a portuguesa de Salazar. Valores como a valentía, a loita pola liberdade e a unión do pobo están moi presentes na novela. A través

da obra, o autor barcelonés pretende homenaxear a todos aqueles revolucionarios republicanos que loitaron contra o réxime franquista, destacando o papel fundamental de figuras galegas e portuguesas como o poeta, mestre e revolucionario Xosé Velo, o militar republicano Jorge de Sotomayor ou o portugués Henrique Galvão.

Recensións:

- Mario Regueira, “Máis que a Santa Liberdade”, *Sermos Galiza*, “fóradeserie”, n.º 349, “ao pé da letra”, 6 xuño 2019, p. 6.

Ofrece unha recensión da novela de Xavier Montanyà, e louva a súa forma de analizar a chegada do Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL) e o contexto histórico dunha maneira obxectiva. Tamén destaca que o libro serve de guía para seguir os acontecementos da época e diferenciar as tensións políticas entre as mesmas.

- Estro Montaña, “Un contextualizado esforzo. Do Santa María ao Santa Liberdade”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 721, “Libros”, 11 xullo 2019, p. VI.

Fai un repaso do suceso do secuestro do buque Santa María, coñecido como Santa Liberdade, a finais do pasado século por parte do DRIL, Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación, co obxectivo de derrocar as ditaduras de Salazar e Franco. Ofrece este resumo co gallo da publicación en galego da novela *Piratas da liberdade*, onde o escritor e xornalista catalán Xavier Montanyà recrea esta historia.

Moran, Caitlyn, *Como se fai unha rapaza* (*How to Build a Girl*, 2014), trad. Estela Villar Nogueira, Cangas: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 32, outubro 2019, 354 pp. (ISBN: 978-84-17388-28-7). ■

Tradución ao galego da novela con gran pouso autobiográfico e inscrita na tradición da ficción británica protagonizada por familias de clase obreira de ton costumista, da escritora e xornalista Caitlin Moran (Brighton, 1975). A narración, contada en primeira persoa por Johanna Morrigan, céntrase nun percorrido pola súa adolescencia e no proceso de se converter en adulta. Cunha escritura ao servizo do humor e unha escrita descarnada e sarcástica, Johanna vai dando conta de como é a súa vida na cidade de Wolverhampton, nas aforas de Londres, na que reside nunha casa de protección oficial canda a nai –unha pantasma deprimida tras parir xemelgos–, o pai –unha frustrada estrela do pop, parado, alcohólico e eivado– e os seus catro irmáns. A historia está ambientada na década de 1990, en plena época de Margaret Thatcher, e describe o contexto dese momento: as loitas obreiras, os altos índices de paro e os subsidios que outorga o Goberno e permiten a subsistencia de familias coma a de Johanna. Aos trece anos, malia o seu exceso de peso e as dificultades que a arrodean, Johanna decide rendibilizar a súa paixón pola música e converterse en crítica musical na importante revista *D&Me*, para o cal emprende un proceso de autocreación como Dolly Wilde, nome co que asina os artigos e co que se presenta. Para logralo, imponse como misión deixar atrás a súa afección compulsiva á masturbación e perder a virxindade, gañar cartos e axudar a combater a precariedade na que se criou e, ao cabo, descubrir e ocupar un lugar no mundo. A novela, estruturada en tres partes máis un epílogo, acolle gran cantidade de mencións á banda sonora da época, así como referentes televisivos e cinematográficos británicos, para conformar un percorrido iniciático presentado dende un punto de vista feminino.

Referencias varias:

- R. L., “Como se fai unha rapaza”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 207, 24 novembro 2019, p. 6.

Presenta a novela detallando de xeito breve o argumento e explicando que a autora afirma que non se trata dunha autobiografía, se ben a súa personaxe comparte cousas con ela.

Morris, Heather, *O tatuador de Auschwitz (The Tattooist of Auschwitz, 2019)*, trad. María Alonso Seisdedos, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2019, 296 pp. (ISBN: 978-84-9121-565-3). ■

A partir do relato do protagonista, Heather Morris (Te Awamutu, Nova Zelandia, 1953) escribiu esta historia nun principio en forma de guión cinematográfico que reconverteu posteriormente en novela coa que acadou un éxito internacional. Estruturada nun limiar e vinte e oito capítulos, e cun estilo debedor da linguaxe cinematográfica, cóntase nela a historia real do xudeu eslovaco Ludwig Eisenberg, Lale, dende a súa chegada en abril de 1942 ao campo de concentración de Birkenau, anexo a Auschwitz, no que traballou tatuándolles aos prisioneiros o seu correspondente número no brazo. Precisamente namentres realiza o seu traballo coñece a Gita Fuhrmannoba, a presa 4562, da que se namora non ben a ve e coa que principia un romance que logra que ambos sobrevivan ao horror que os arrodea. Grazas ao posto de “confianza” que ocupa, Lale dispón dun cuarto propio e de mellores e máis abundantes racións de comida que comparte con Gita e outros presos e presas, ademais de acceder a xoias e chocolate cos que suborna os vixiantes para conseguir estar coa súa namorada. Así mesmo, conta coa axuda de Baretzki, un nazi que permite que poida ver a Gita e enviarlle cartas, o cal non impide que estea a piques de morrer en diferentes ocasións. En 1944, Gita deixa o campo antes da chegada dos rusos e pouco despois tamén trasladan a Lale. Porén, ambos escapan por separado e ao rematar a guerra volven atoparse en Bratislava. O volume conclúe cun Epílogo da autora no que se indica que casaron en outubro de 1945 e montaron un negocio próspero de tecidos que ao cabo foi nacionalizado pola Unión Soviética. Lale conseguiu entón fuxir dos dous anos de cárcere ao que condenaron subornando algúns funcionarios e a parella acabou asentándose en Melbourne en 1949 para iniciar unha nova vida. Indícase tamén que Lale decidiu dar a coñecer a súa incríbel historia tras a morte de Gita por temor a que os acusasen de colaboradores dos nazis. Desta maneira, máis ca nas atrocidades cometidas polos nazis, o relato abórdase dende a perspectiva dun preso con privilexios, o que o leva a ter unha vida afastada da crueza do que realmente sucedía. Ao remate da novela engádense máis informacións sobre os personaxes e tamén unhas palabras de Gary Sokolov, o único fillo de Lale e Gita.

Referencias varias:

- Diego Ameixeiras, “Os mil horrores de Auschwitz”; *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Crítica*”, “*A outra mirada*”, “*1.280 almas*”, 29 novembro 2019, p. 10.

Recensión da obra de Heather Morris, sobre a que explica a intención de retratar a pelexa dun home pola supervivencia, un xudeu obrigado polos nazis a tatuar os números dos

prisioneiros dun campo de concentración. Loa a gran eficacia dramática e o carácter emotivo da narrativa.

Némirovsky, Irène, *David Golder* (*David Golder*, 1929), trad. Celia Recarey, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, setembro 2019, 232 pp. (ISBN: 978-84-948421-5-3). ■

Tradución ao galego da primeira novela dentro da produción de Irène Némirovsky (Kiev, 1903-Auschwitz, 1942), na que, segundo a crítica, se reconece un importante pouso biográfico. Así, tomando como modelo a figura dos seus pais, un banqueiro xudeu que ascendeu socialmente tras nacer nun mísero gueto ucraíno e unha nai egocéntrica e desbaldidora, a autora ambienta a historia no mundo das finanzas, poboado por personaxes sen escrúpulos. David Golder é un home millonario grazas aos seus negocios na industria petrolífera. A súa esposa Gloria e a súa única filla, Joyce, residen nun pequeno palacio, afeitas aos fastos dunha vida dispendiosa, e considéranos como a fonte de cartos que satisfai as súas necesidades de diñeiro e ostentación. David cae en desgraza tras sufrir unha grave crise cardíaca no transcurso dunha viaxe en tren, cando se dispón a reunirse coa súa familia na Costa Azul, conturbado ademais polo suicido do seu socio Marcus logo de manter unha discusión con el. Cando a nova sobre a súa mala saúde se difunde, as accións das súas empresas comezan a baixar e Golder acaba de súpeto na bancarrota; arruinado, enfermo e abandonado pola esposa e a filla, reclúese nun piso baleiro en París. Nese intre interrógase sobre o significado da súa vida e enfróntase ao dilema de abandonar os negocios para coidar da súa saúde, ou ben continualos e deixar un legado que asegure a supervivencia dos herdeiros. No entanto, cando a oportunidade de se enriquecer de novo se lle presenta, trunfa o seu espírito emprendedor e lánzanse á aventura, o cal o conduce á súa Rusia natal e a algúns escenarios da mocidade. No barco no que viaxa topa cun rapaz que lle lembra o mozo pobre, ambicioso e inxenuo que foi, ao que lle aconsella que non marche a Europa e loite pola súa felicidade. O obxectivo de Golder será entón obter unha fortuna superior á anterior e recuperar o amor da filla, unha rapaza consentida e egoísta, pero que é a única persoa á que en verdade quere. A novela, ambientada na convulsa etapa entre as dúas guerras mundiais, presenta temas que Némirovsky non deixou de abordar ao longo da súa traxectoria: a importancia dos cartos e a perversidade que fai agromar nos ricos, ofrecendo completos retratos psicolóxicos nun ambiente de luxo e ostentación, frívolo e snob, así como a crítica á sociedade xudía e o seu afán polo diñeiro. Narrada en terceira persoa, á parte das profusas descrições, salientan os diálogos dinámicos e, en ocasións, ferintes que manteñen os personaxes da familia Golder, máis unidos polas necesidades económicas ca polo afecto. A obra obtivo un éxito inmediato tanto entre a crítica como entre o público, convertendo a autora nunha celebridade literaria no seu momento.

Referencias varias:

- R. L., “David Golder”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 206, 17 novembro 2019, p. 4.

Presenta esta obra de Irène Nemirovsky, escrita cando a autora tiña 26 anos, explicando que foi acollida pola crítica como unha obra mestra e resumindo o argumento da trama.

Posso Figueroa, Amalia Lú, *As miñas nanas negras*, trad. Isaac Xubín, Pontevedra: Faktoría K, col. Narrativa K, marzo 2019, 192 pp. (ISBN: 978-84-167213-5-1).

Amalia Lú Posso Figueroa (Quibdó, Chocó, Colombia, 1947) reúne neste volume vinte e seis relatos que proceden da oralidade, os costumes e a cultura do municipio de Quibdó, unha das zonas máis esquecidas e marxinadas de Colombia. A autora explica como as nanas negras coas que se criou a entretiñan e arrolaban con máxicas narracións plenas de sabor, olor, cadencia, candor e picante frescura. Delas aprendeu a escoitar todos os ritmos do corpo para poder gozar así da súa riqueza e a sexualidade. Cada un dos contos recrea un ritmo con capacidade de transmitir vivencias dende un punto situado nos seus corpos a partir da frase “tiña o ritmo en”. Conta así o caso no que se viu inmersa a mestra Limbania Petrel cando un neno lle preguntou como é o amor, que cor ten, a que sabe, onde se sente e o xeito en que se dá; o ritmo que atesouraba nas tetas Fidelia Córdoba; Wbaldina Conto Asprila nas nádegas; Miguelina na ollada; Aspacia Copete nas axilas; Bella Paz Murillo Palomeque na boca...; e os xestos de Secundina Caldón ao sementar; de Acento Romero ao se cruzar con outras persoas; e de Valentina ao pensar. O lector asómase tamén ao ritmo do pan de Melitina, á voz contada de Delfa ou á voz cantada de Jesusita. Os relatos desenvolven situacións oníricas evocadas con nostalxia que acollen o significado do vocabulario tradicionalmente usado pola xente negra no Chocó, exaltando a sensualidade da súa cultura coa utilización permanente do humor, asemade procaz e sutil.

Recensións:

-Estro Montaña, “Orixinal proposta. Boca, corazón, sunsuné”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 715, “Libros”, 28 marzo 2019, p. VI.

Salienta o ritmo, a poesía, o erotismo e a maxia presentes neste libro. Explica que se trata dun conxunto de historias de mulleres chocanas que teñen ritmo en diferentes partes do corpo.

Puikkonen, Emma, *Soños europeos (Eurooppalaiset unet, 2016)*, trad. Tomás González Ahola, Cangas do Morrazo: Esplanadi, col. Xeral, n.º 4, decembro 2019, 174 pp. (ISBN: 978-84-120370-6-7). ■

Volume que reúne nove relatos que combinan o realismo con pinceladas fantásticas co que Emma Puikkonen (Hämeenlinna, 1974) foi candidata aos premios Finlandia 2016 e o Tulenkantaja en 2017. A vida dos personaxes retratados en cada un deles desenvólvese namentres acontecen eventos de grande importancia histórica a quilómetros de distancia do seus lugares de residencia, e cadran con encontros ou experiencias que os mudan para sempre, de maneira que o propósito da autora parece ser conectar os destinos individuais con acontecementos transcendentais e deseñar un mundo interconectado en todos os textos. Así, mentres en 1980 Lech Wałęsa, traballador dun estaleiro en Gdańsk, Polonia, lidera unha revolta contra o poder establecido, Toma viaxa no seu camiión, recolle o autostopista Johannes e a realidade esvaécese ao cruzar un túnel tras o cal está España. En 1989, cando cae o muro de Berlín, Johannes, eivado na cama tras un accidente, pode ver como unha anciá se reencontra coa súa familia tras décadas de separación. En 1990, mentres se derruba o muro de Berlín, Karin revive coa nai, coa que se acaba de reencontrar, a escena da súa separación, cando tiña dous anos. En 2014, o protagonista e

o seu irmán Edi cruzan a fronteira de Kosovo para asistir ao partido entre Serbia e Albania, namentres en Tampere (Finlandia) un rapaz fai voar unha bandeira que aparece no estadio de fútbol. En 1996, Fadumo, unha inmigrante somalí, sobrevive na remota Suecia para sacar adiante á súa filla Immi, no marco das protestas en Serbia. En 1998, Andor, tras tomar o avión no aeroporto de Budapest para ir a Berlín, asiste ao comezo da matanza de Gornje Obrinje en Kosovo. En 2010, cinco concursantes, entre elas a protagonista, están en Ibiza na gravación dun programa musical cando un volcán en Islandia entra en erupción e se pecha o espazo aéreo. En 2003, Joel participa nunha agresión a unha rapaza cando están a acontecer as protestas mundiais en oposición á guerra de Iraq e sofre unha vinganza. En 2027, Immi, que traballa nunha empresa londiniense que manipula as noticias, diseña na clandestinidade unha vía de escape cos seus dous amigos para conseguir cambiar o mundo.

Ramos Villar, Juan Carlos, *Inventario de ánimas* (*Inventario de ánimas*, Fundación Antonio Pereira, 2018), trad. Rafael Adán Rodríguez, Viveiro: LAR libros, 2019, 66 pp. (ISBN: 978-84-949308-5-0).

Juan Carlos Ramos Villar (Cubillos do Sil, 1960) preséntanos en *Inventario de ánimas* un conxunto de once imaxinativos relatos, ambientados na mariña lucense, precedidos dun prólogo titulado “Deixar a vida en prosa”, de Miguel Ángel Varela. Nel faise unha aproximación e este volume e tamén se indica, entre outras características cousas, que nel abrolla un imaxinativo universo de seres desvalidos e soñadores con poderes prodixiosos empregados con total normalidade. Cada un dos once relatos levan por título no nome do seu protagonista e son: “Emilio Baleiro”, quen ouvía conversas dos mariñeiros no porto de Buenos Aires dende Burela; “Cullarapo”, era o alcume de Cosme Beiras Muñiz, quen con só ollar para a alguén sabía se ía morrer; “Nazario Liñán”, quen tocaba o acordeón de cabeza; “Jacinto Varela”, quen posuía unha estraña peculiaridade onírica, soñaba sempre con influencia arxentina; “A balea”, onde se oen sons estraños que resulta que eran os gases producidos por unha balea; “Terradentro”, era o alcume de Saturnino Blanco Veiga, quen nunca tivo oficio coñecido, mais de sempre fora mariñeiro; “Agonías”, era o alcume de Marcelino Pousa Pousa, quen os presaxiaba os grandes cataclismos que asexaban á humanidade; “Meraldo”, era o alcume de Esmeraldino Manoel de Sousa Espinho, quen mataba o tempo cavilando e tratando de explicar o misterio das cousas; “Roque Vilas Melide”, quen defendía a teoría dos soños complementarios e a teoría dos soños simultáneos contrapostos; “Falante”, era o alcume de Camilo Lindoso Muñiz, a quen lle viñan á cabeza frases con lírica infusa; “Albino Mariñas”, quen soñaba por encargo, e finalmente e para pechar *Inventario de ánimas* “Tolo do Covo”, quen a pesar de moito reflexionar non entendía o mar.

Redondo, Dolores, *A cara norte do corazón* (*La cara norte del corazón*, 2019), trad. María López Suárez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 453, novembro 2019, 712 pp. (ISBN: 978-84-9121-629-2).

Dolores Redondo (Donostia, 1969), a recoñecida autora da triloxía do val do Baztán –*O gardián invisible* (2013), *Legado nos ósos* (2013) e *Ofrenda á tormenta* (2014)–, retoma nesta novela de misterio e suspense a personaxe de Amaia Salazar para situala no ano 2005, con vinte e cinco anos, cando viaxou aos Estados Unidos de América con motivo dun programa de intercambio na central da academia do FBI, en Quantico, a etapa na que

coñeceu a Aloisius Dupree, especialista en comportamento criminal. Entre os exercicios propostos no curso atópase a realización do perfil psicolóxico dun asasino en serie dun caso aberto que utiliza os desastres naturais para ocultar os seus asasinatos de familias completas. Deste xeito, Amaia pasa a formar parte do equipo de Dupree na busca do asasino alcumado “O compositor” e viaxa a Nova Orleáns, onde a inminencia do furacán Katrina fai que se dean as circunstancias óptimas para que volva actuar. Así mesmo, como acontecía na triloxía, a autora dedícalles espazo aos medos de Amaia retrocedendo até a súa infancia en Elizondo, nesta ocasión ás súas vivencias cando contaba doce anos, que espertan na súa mente tras unha chamada da tía Engrasi. Estes episodios explican o seu carácter reservado, as súas maneiras bruscas e ofrecen máis detalles sobre o terror que esperta nela a nai e o comportamento do pai. Ao tempo, explícase o comezo da relación entre Dupree e Amaia, con quen esta mantíña nas anteriores novelas conversas telefónicas para lle pedir consello, e ofrécense detalles da vida do investigador, que quedou orfo tras o paso do furacán Betsy en 1965. En paralelo coa trama criminal, a novela acolle amplas descrições da devastación provocada polo Katrina a través dos ollos de Nana, a muller que coidou de Dupree durante a infancia; e utiliza as tradicións míticas asociadas á Nova Orleáns e os pantanos de Luisiana (pantasma, vampiros, mortos resucitados, a lenda de Samedi, traficante de persoas) para crear un clima de misterio.

Referencias varias:

- R. L., “A cara norte do corazón”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 208, 1 decembro 2019, p. 4.

Presenta o libro resumindo de xeito breve o argumento e salientando a “fascinante” escrita da súa autora, que afirma que conxelará o alento do lectorado.

Rosny o maior, J.-H., *A morte da Terra (La Mort de la Terre, 1910)*, trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, xuño 2019, 128 pp. (ISBN: 978-84-946538-3-4).

Publicado orixinalmente como un folletín na revista *Les Annales politiques et littéraires*, este relato está considerado unha mostra primixenia en lingua francesa de ciencia ficción no eido da anticipación. Cinco anos despois da morte de Jules Verne, cuxas obras pintaban un progreso positivista, J.-H. Rosny o maior (Bruxelas, 1856-París, 1940) crea unha obra de grande actualidade que salienta no conxunto da súa produción. Nela describe unha raza humana que non soubo adaptarse ao medio, vencida polas forzas naturais e infeliz polos avances científicos. Nun futuro indeterminado, os mares ocupan tan só un cuarto da superficie da Terra. Ríos e lagos desaparecieron e unha sucesión de catástrofes reduciu a humanidade a uns cantos millóns de individuos pasivos e mansos espallados por todo o planeta e confinados en oasis. Os superviventes viven agrupados en tribos cunhas estritas regras, sempre en loita contra os enigmáticos e ameazantes ferromagnéticos, conformados por materia procedente dos ferros industriais e devoradores de glóbulos vermellos. Neste marco, Targ acomete a misión de partir coa súa familia cara a Terras-Vermellas, por ver de explorar a posibilidade de se instalar alí. Mais, pese a vivir un tempo de tranquilidade, imponse de novo a morte. O relato non deixa espazo para a esperanza, pois a única solución do ser humano, para evitar o sufrimento, é a eutanasia.

Séneca, *Consolación a Marcia. Consolación a Helvia* (*Consolatio ad Marciam; Consolatio ad Helviam*), trad. e introd. María Isabel Santos Davila, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, n.º 27, maio 2019, 140 pp. (ISBN: 978-84-17388-24-9).

Volume no que se inclúen dous textos de Lucio Anneo Séneca (c. 4 a.C.-65 d.C.) traducidos ao galego e encadrados no xénero literario da *consolatio*: a *Consolación a Marcia*, datado entre o ano 37 e o 41, e a *Consolación a Helvia*, datado á súa vez entre o ano 41 e o 49. Na introdución, María Isabel Santos percorre con detalle a vida e a variada e ampla obra de Séneca (tratados de xeografía e historia natural, poesías, discursos, tratados de moral...), alén de explicar as orixes do xénero, ligado en Grecia a distintas escolas filosóficas co obxecto de ofrecerlles resignación aos aflixidos, e posteriormente asumido polos retóricos, quen fixaron a súa estrutura: unha introdución na que se expón a desgraza; uns *praecepta* ou regras para sandar a dor; os *exempla*, modelos de comportamento edificante; e unha recapitulación final dos temas tratados. A esta distribución se axustan os textos que se recollen nas páxinas seguintes. En *Consolación a Marcia*, integrada por vinte e seis epígrafes, Séneca trata de confortar unha matrona romana tras a perda do seu fillo Metilio tres anos atrás nun ton retórico; mentres que en *Consolación a Helvia*, en vinte breves epígrafes, fai o propio coa súa nai con motivo do desterro que sufriu Séneca tras ser acusado de adulterio con Xulia Livila, irmá de Calígula e de Agripina, nesta ocasión nun ton máis familiar. Como remedios contra a pena, en ambos os textos Séneca propón a contemplación da natureza, o afecto cara a outros seres queridos, o recordo de vivencias compartidas e o cultivo da intelixencia e a razón a través do estudo.

Serao, Matilde, *A virtude de Checchina* (*La virtù di Checchina*, 1884), trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, n.º 61, xullo 2019, 78 pp. (ISBN: 978-84-949713-5-8).

Como é habitual na produción de Matilde Serao (Patrasso, Grecia, 1856-Nápoles, 1927), *A virtude de Checchina* retrata a personalidade dunha muller que vive unha existencia marcada pola infelicidade e a resignación. A trama, estruturada en seis capítulos, describe o mundo cotián de Checchina, monótono na súa calma burguesa e sometido ás rutinas do seu home, un vulgar e avaro médico romano, e ao control da súa beata e arisca criada Susanna; ao tempo que, dalgún xeito, envexa as experiencias da súa amiga Isolina, a muller adúltera, protagonista de amores e aventuras que lle confía. O permanente silencio que arrodea a existencia de Checchina rompe cando se deixa cegar pola posibilidade de vivir unha aventura co sedutor marqués d’Aragona, un amorío que a rescate da súa triste realidade como ama de casa. O cortexo do marqués coloca a protagonista nun estado de permanente angustia, non tanto polo debate moral do adulterio como polos apuros económicos que a aventura lle suporía. Será daquela cando saian á luz os seus pensamentos e arelas máis íntimos que, con todo, Checchina é incapaz de levar á práctica. Con grande economía de medios e unha anécdota na aparencia trivial pero con carga crítica, o discurso, narrado en terceira persoa dende a perspectiva da protagonista, aposta pola ironía –presente xa no título, pois Checchina ten pouco de virtuosa e actúa seguindo as convencións e o medo a ser descuberta–, e pon de relevo a importancia dos detalles para pintar un mundo mediocre, unha sociedade conservadora e cínica, onde as diferentes

clases sociais non se rozan e as criadas se impoñen ás señoras, todo o cal deriva no retrato dunha existencia triste.

Recensións:

- Estro Montaña, “Entre o desexo e a culpa. Con estilo e precisión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 17 outubro 2019, p. VI.

Estro Montaña salienta o estilo sinxelo e precisión léxica desta novela cuxa protagonista afirma lembrara a Ana Karenina, Ana Ozores ou Madame Bovary, ao abordar o tema do adulterio. Explica o argumento, Checchina, casada cun médico do que está aburrída, comeza a ter sentimentos por un aposto marqués.

Shelley, Mary, *Frankenstein ou o Prometeo moderno (Frankenstein or The Modern Prometheus, 1818)*, trad. Samuel Solleiro, ilustr. Miguel Robledo, Allariz: Aira Editorial, novembro 2019, 368 pp. (ISBN: 978-84-947807-7-6).

Versión en galego realizada a partir da edición canónica de 1818, deste clásico da literatura inglesa de Mary Shelley (Londres, 1797-1851) considerado a primeira novela de ciencia ficción cargada de reflexións filosóficas. A acción comeza cando o capitán Walton rescata das xeadas augas do Ártico a Victor Frankenstein, quen comeza a contar a súa fabulosa historia. Víctor, un mozo ávido de coñecementos científicos, pon todo o seu empeño en lograr o reto de dar vida a un corpo morto. O resultado é un monstro que, tras ser rexeitado, se vingando do seu creador e de todo o que este ama. A cambio de desaparecer para sempre reclámalle unha compañeira, ao cal Víctor se nega, provocando que a única saída sexa a fin dun dos dous. As ilustracións de Miguel Robledo (Ourense, 1970) acompañan a historia centrándose nas escenas importantes e atendendo á paisaxe descrita na narración, que se converte así nun personaxe máis. O volume foi recoñecido co galardón á mellor tradución de 2019 na Gala do Libro Galego.

Referencias varias:

- Belén López, “Pontevedra abriga a Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Culturgal 2019”, 1 decembro 2019, pp. 6-7.

Informa das presentacións de libros no Salón do Libro de Pontevedra: *Ardora*, de Beatriz Maceda; *Herba de namorar*, de María do Cebreiro; *Pippi Mediaslongas*; *Frankenstein*, traducido por Samuel Solleiro; *Os homes explícanme cousas*, de Rebecca Solnit; *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto e ilustrado por Víctor Rivas; *Be Water*, de Antía Yáñez; e *Amani*, de Miguelanxo Prado.

Shimazaki, Aki, *Hôzuki (Hôzuki, 2015)*, trad. Moisés Barcia Rodríguez, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Nova, n.º 33, novembro 2019, 114 pp. (ISBN: 978-84-17388-31-7). ■

Malia o seu título en xaponés, Aki Shimazaki (Gifu, O Xapón, 1954) escribe en francés, e esta novela breve é a primeira dunha nova pentaloxia da autora, quen adoita estruturar as súas narracións neste formato seriado de cinco entregas. Narrada en primeira persoa

por Mitsuko, a historia, en capítulos breves e cunha grande economía expresiva que se revela, por exemplo, nas frases curtas, case á maneira de anotacións e como o rexistro dun diario, céntrase na vida desta muller na trintena, que rexenta unha librería especializada en libros de filosofía na cidade de Nagoya. Mitsuko vive coa nai, divorciada e exconvicta, e o seu fillo Tarô, mestizo e xordomudo. Todos os venres, Mitsuko traballa en segredo nun bar de alterne, unha actividade que lle permite afianzar a súa independencia económica e charlar cos intelectuais que frecuentan o local. A aparición na librería da señora Sato canda a súa filla Hanako, na procura de libros para o seu marido diplomático, pon en perigo a existencia de Mitsuko. Axiña, a señora Sato séntese fascinada pola libreira e o seu fillo e busca calquera escusa para quedar con eles. Os nenos conxenan de inmediato e, ante a insistencia da señora Sako e por compracer a Tarô, a pesar de que normalmente evita facer amizades, Mitsuko accede a compartir un tempo con ela que entende breve, pois pronto se mudarán a Hamburgo para se reunir co diplomático. Porén, esta relación pon en perigo o segredo que oculta: en realidade atopou a Tarô sendo un bebé, abandonado nunha estación de tren, e decidiu quedar con el. O destino quixo que se atopase coa verdadeira nai do rapaz, a señora Sako, quen o abandonou por ser o froito dunha relación esporádica mentres pensaba en aceptar o matrimonio que lle propuñan os pais. A novela recorre á estratexia de ir desvelando aos poucos o pasado mediante *flashbacks* que explican as motivacións dos personaxes, ao tempo que representa dúas mulleres antagónicas –Mitsuko, celosa da súa independencia, fronte á conservadora señora Sato–, e dous xeitos de asumir a maternidade, e temas como o aborto, a filosofía e a relixión. Así mesmo, acolle a explicación de costumes e termos xaponeses, xogando cos significados dos nomes en virtude das dúas escrituras desa lingua: os ideogramas *kanji* e a escritura silábica *hiragana*.

Referencias varias:

- R. L., “Hôzuki”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 207, 24 novembro 2019, p. 6.

Presenta a novela explicando brevemente o argumento e repasando a traxectoria literaria do seu autor.

Somerset Maugham, W., *A lúa e seis peniques* (*The Moon and Sixpence*, 1919), trad. Alfonso Blanco, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 63, outubro 2019, 328 pp. (ISBN: 978-84-949713-7-2).

Publicada orixinalmente en lingua inglesa, esta novela de William Somerset Maugham (París, 1874-Niza, 1965) é asemade unha sátira dos costumes eduardianos e vitorianos e unha novela inspirada na vida do pintor francés Paul Gauguin, convertido na ficción en Charles Strickland. Este, un anódino axente de cambio residente en Londres, muda de súpeto de carácter e comeza a ser túzaro, egocéntrico e obsesivo, até o punto de abandonar o fogar e os fillos sen explicacións. O narrador-testemuña, en primeira persoa, un aspirante a escritor, recibe a encarga da muller de Strickland de ir buscalo a París, pois cre que a determinación do seu home se debe á existencia dunha amante. O mozo escritor descobre entón que a verdadeira razón da mudanza de Charles reside no seu desexo de ser pintor, malia a súa idade avanzada, e asiste a como pouco e pouco logra acadar certo prestixio grazas á xenerosidade do tamén pintor Dirk Stroeve. Porén, Strickland termina arrebatándolle a muller, á que abandona e que acaba morrendo, incidente tras o cal se

instala en Tahití, onde atopa a inspiración necesaria para conseguir un estilo persoal. O narrador non oculta a súa fascinación polo comportamento deste home, segue os seus pasos e aborda as diferentes etapas da súa vida e as súas actuacións, e mesmo relata o seu desgraciado final en Tahití. Ademais de recrear unha ampla galería de comportamentos humanos e os costumes dunha época, a historia pon sobre todo o acento nas características que definen un xenio que o sacrifica todo, tanto posesións materiais coma convencionalismos sociais, para se dedicar á arte e entregar a vida á contemplación da beleza e á creación.

Referencias varias:

- R. L., “A lúa e seis peniques”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 199, 29 setembro 2019, p. 4.

Achega información básica sobre a trama da novela en cuestión. Destácase que a obra resulta unha sátira dos costumes propios das sociedades eduardianas e victorianas da Inglaterra de finais do século XIX e comezos do XX.

- R. L., “A lúa e os seis peniques”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 202, 20 setembro 2019, p. 6.

Achega información básica sobre a trama da novela en cuestión. Destácase que a obra resulta unha sátira dos costumes propios das sociedades eduardianas e victorianas da Inglaterra de finais do século XIX e comezos do XX.

Steensen Blicher, Steen, *O párroco de Vejlbj. Unha historia criminal (A partir do diario do xuíz Erik Sørensen e dos apuntamentos do párroco de Ålsø) (Praesten i Vejlbj. En Criminalhistorie (Af Herredsfoged Erik Sørensen Dagbog, tiligemed tvende Optegnelser af Praesten i Aalsøe, 1829)*, trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, n.º 64, outubro 2019, 70 pp. (ISBN: 978-84-949713-8-9).

A presente novela de Steen Steensen Blicher (Vium, 1782-Spentrup, 1848), traducida do dinamarqués, foi seleccionada en 2006 como unha das doce obras que configuran o canon do sistema literario do seu país, onde tamén se considera unha peza que supón o arrinque do xénero negro nórdico, tan de moda na actualidade. A través de dúas partes ben diferenciadas –o diario do xuíz Erik Sørensen e os apuntamentos do párroco de Ålsø–, cóntase un caso criminal real acontecido en 1625. Erik Sørensen, o maxistrado encargado de xulgar a Søren Qvist, párroco acusado de asasinar o seu criado Niels Bruus, relata en primeira persoa os feitos previos ao asasinato, o xuízo e a condena. O acomodado granxeiro Morten Bruus, irmán do morto, aproveita a consternación na comunidade para facer recaer as sospeitas no párroco de Vejlbj, pois denuncia ante a xustiza como o crego agrediu o seu irmán e o soterrou no seu xardín. O criterio imparcial do xuíz Sørensen vese empanado por ser tamén o prometido da filla do párroco, pero este, ante a gran cantidade de probas que presentan diversas testemuñas e con dúbidas sobre o seu estado mental durante o crime, acaba confesando e é condenado á decapitación. A segunda parte, máis breve e escrita vinte anos despois dos feitos, corresponde á voz do señor Jens, novo párroco de Ålsø. Nela relátase o inesperado desenlace na historia, un xiro que a abre a interpretacións varias.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Asasinato na parroquia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 18 outubro 2019, p. 10.

Recensiona esta obra orixinalmente publicada en 1829, á que considera un título fundacional das letras dinamarquesas. Debulla o argumento da novela, explicando que se basea nun suceso real acontecido no século XVII e afirma que se trata dun “exemplo narrado con precisión case notarial, recomendábel para buscadores de tesouros ocultos”.

Referencias varias:

- R. L., “O párroco de Vejlbjy”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 199, 29 setembro 2019, p. 4 / *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 202, 20 outubro 2019, p. 6.

Informa sobre a xénese do xénero “noir nórdico”, que comeza nas décadas de 1820 e 1830. En canto á obra en cuestión destácase que en 2006 foi seleccionada como unha das dezaseis obras que configuran o canon da literatura dinamarquesa. Tamén se repasa o principal tema da obra, un párroco acusado do asasinato dun neno.

Strindberg, August, *A xente de Hemsö (Hemsöborna, 1887)*, trad. Marta Dahlgren, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, n.º 65, decembro 2019, 184 pp. (ISBN: 978-84-121280-0-0).

Novela realista de August Strindberg (Estocolmo, 1849-1912) que conta cun lugar destacado na literatura sueca e foi gabada por crítica e público no ano da súa publicación orixinal e anos despois levada con éxito ao teatro, ao cinema e á televisión. A historia, narrada en terceira persoa, arrinca coa chegada de Carlsson, un mozo oriúndo de Värmland (unha provincia no interior do país), á illa de Hemsö, onde foi contratado para se encargar da decadente propiedade da viúva Flod, cuxo fillo, Gusten –o seu antagonista– non amosa o máis mínimo interese polas tarefas agrarias e gandeiras, pois só vive para a caza, a pesca e a navegación. A trama aborda a ascensión do rudo Carlsson, movido pola ambición, e os conflitos que xorden entre os costumes dos habitantes, afeitos ás tarefas da pesca, e o acabado de chegar, representante dun novo modelo. Salienta tamén a constante ridiculización da igrexa, e sobre todo do pastor Nordström. Sen caer na condescendencia e recorrendo por veces ao humor e ao lirismo, o autor pinta un conmovedor fresco da illa de Hemsö –un lugar ficticio situado no arquipélago de Estocolmo–, ateigado de descrições do ambiente, o clima e as estacións e poboado por personaxes sinxelos, con eivas e virtudes –como tal, a inmoralidade de Carlsson asociada ao seu afán por acumular riquezas, que o leva a casar por interese coa propietaria viúva–, que alternan as frustracións cos pequenos triunfos cotiáns.

Vallès, Tina, *A memoria da árbore (La memòria de l'arbre, 2017)*, trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Pontevedra: Factoría K de libros, col. Narrativa K, abril 2019, 212 pp. (ISBN: 978-84-16721-40-5).

A través dos ollos de Jan, un neno de 10 anos que vive cos pais en Barcelona, descóbrese como lle afecta ao seu avó a doenza do alzhéimer, que provoca que teña que abandonar a súa vila, Vilaverde trasladarse a vivir con eles á cidade. A narración baséase nas reflexións e as preguntas que o pequeno se fai arredor da nova realidade familiar e as mudanzas que percibe no avó Joan, que comeza a arrastrar os pés e a esquecer o bocadillo cando o vai recoller ao colexio. Na casa, as miradas tornan vidrosas e o ancián trata de facerlle entender que o que lle acontece non ten volta atrás e que irá decaendo, ao tempo que lle relata a historia da árbore da súa vila que o acompañou dende neno até que a cortaron porque quedou ferida por un raio. Mediante o simbolismo da árbore, que concentra o significado do pasado do avó e vai quedando sen follas, como a memoria, o argumento combina retallos do día a día –once partes con once capítulos– nos que, a través de imaxes e escenas, se reflicte a dor e a maneira na que a enfermidade se vai manifestando nos aspectos máis cotiáns. O estilo poético da narración plasma as relacións familiares e ofrece un achegamento aos procesos de transmisión da memoria dende a perspectiva narrativa dun neno. Tina Vallès (Barcelona, 1976) mereceu con esta obra, non especificamente dirixida ao lectorado infantil, o Premio Anagrama 2017 e o Maria Àngels Anglada do Concello de Figueres e a Deputación de Xirona en 2018.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “O avó está despistado”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 7 xuño 2019, p. 10.

Informa sobre a novela gañadora en 2017 do Premio Llibres Anagrama, traducida ao galego, e dá conta do seu argumento. Destaca o significativo punto de vista dende o que se narra o libro, e as interpretacións que o neno narrador saca ao respecto. Descríbea como “unha historia [...] melancólica e ategada de vida”.

Vuillard, Éric, *A batalla de Occidente (La bataille d'Occident, 2012)*, trad. Antía Veres Gesto, Pontevedra: Factoría K de libros, col. Narrativa K, outubro 2019, 168 pp. (ISBN: 978-84-16721-48-1). ■

Éric Vuillard (Lión, 1968) afonda, a través dun relato descontinuo dividido en 12 episodios titulados máis un liminar, en diferentes acontecementos, anécdotas e personaxes relacionados coa Primeira Guerra Mundial (1914-1918). O obxectivo do autor é ofrecer unha singular narración histórica na que se explican as causas e consecuencias do conflito a través dun protagonista difuso e colectivo, incidindo de xeito particular no absurdo ao que se lanzaron todos os países, na utilización da tecnoloxía con fins destrutivos, na mobilización de civís, no amoreamento de miles e miles de cadáveres, na relación entre contenda e finanzas... As páxinas poñen en escena algúns dos viláns, como o conde Alfred von Schieffen (Berlín, 1833-1913), o estratega alemán que deseñou un plan de invasión de Francia en 1905 como se preparase unha partida de xadrez malia que non viviu para velo; o teórico da guerra Clausewitz (Burg, 1780-Breslavia, 1831), que exaltou as bondades da forza e a dor; o mozo alemán de 19 anos Gavrilo Princip (Bosnia e Hercegovina, 1894-Terezin, 1918), quen con dous cómplices desencadeou a catástrofe co asasinato do arquiduque Francisco Fernando de Austria en Saraiievo en xuño de 1914; o mariscal Joseph Joffre (Rivesaltes, 1852-París, 1931), convertido en heroe e salvador de Francia; o rei Xurxo V (Londres, 1865-Norfolk, 1936), preocupado polas súas partidas de tenis; o tsar Nicolao II (San Petersburgo, 1868-Ekaterimburgo, 1918), fanático das

regatas. Canda estes persoeiros, o autor fala dos soldados de base e das súas vidas, e detense en detalles como o día máis mortífero da historia, o 22 de agosto de 1914, con 27.000 mortos; o papel das mulleres na guerra ou os rituais que a rodean no referente a uniformes, movementos ou xestos. Cada un destes episodios é a escusa para introducir reflexións relacionadas co presente e poñer de relevo o absurdo que resulta que a humanidade repita unha e outra vez os mesmos erros.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “A guerra que nunca remata”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 8 novembro 2019, p. 10.

Presenta a obra explicando os contidos do relato e afirma que o acerto do autor nesta novela reside no seu afastamento da ficción pura para situarse nun lugar de indagación da natureza do desastre.

- Estro Montaña, “Historia e narración. De brillante resultado”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 737, “Libros”, 19 decembro 2019, p. VI.

Recensionada a obra explicando os seus contidos e indicando que se trata dun relato que establece unha relación entre pasado e presente, unindo historia e narración cun brillante resultado.

I.4. ANTOLOXÍAS

VV. AA., *O libro dos trens*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 403, novembro 2019, 252 pp. (ISBN: 978-84-9151-411-4).

Colección de relatos curtos no que o tema que os agrupa son o tratamento dos trens nas historias. As escritoras e escritores que conforman a nómina son, por orde de aparición, Ana Cabaleiro, Anna R. Figueirido, Antonio Piñeiro, Arantza Portabales, Daniel Asorey, Diego Giráldez, Iria Collazo López, María Alonso Alonso, Miguel Anxo Fernández e Víctor F. Freixanes. Cada unha das autoras e dos autores achega un relato, todos eles titulados: “Unha semana á espera de Godot”, “Santiago-Guixar”, “Boxcar Blues”, “Unha dirección dous sentidos”, “Gringa”, “O funeral partido de Xoana Acosta”, “Meghalaya”, “A besta”, “O chucuchú de Rapariz”, e “Asalto ao tren da Portela”. Todos estes relatos comparten a importancia dos trens para o desenvolvemento da trama, xa de maneira simbólica ou material, e a presenza deste medio de transporte levará a diferentes situacións en cada un dos textos. Algúns dos temas que se tratan son a espera, a incerteza e o medo, o tren coma símbolo da esperanza, o tren como medio de transporte para a transformación, entre outros. Resulta, finalmente, unha recompilación de relatos moi refrescante que trata algúns dos temas máis universais da literatura.

Referencias varias:

- José Miguel Giráldez, “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019, entre as que cita o libro colectivo *O libro dos trens*, publicado pola editorial Galaxia.